INFORME ANUAL EXECUCIÓN

2023

AGACAL

Índice

ANÁLISE DE SITUACIÓN 3
A Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) 3
Orixe e configuración 3
Natureza e réxime xurídico 4
Competencias 4
Estrutura orgánica 7
Situación a 31/12/2022 8
Adaptación normativa 8
Estrutura de persoal 9
Estrutura orzamentaria 10
Estrutura patrimonial 11
OBXECTIVOS E RESULTADOS FUNCIONAIS 12
Certificación e protección da calidade alimentaria 12
Promoción da calidade alimentaria 42
Investigación: actividades centralizadas 99
Investigación agropecuaria 109
Investigación forestal 117
Investigación en materia de viticultura e enoloxía 118
Transferencia de coñecementos 122
Capacidade analítica 154
Formación 167
Institucional 198
Económica e patrimonial 199
Persoal 203
INTERPRETACIÓN DE RESULTADOS 205
Certificación e protección da calidade alimentaria 206
Promoción da calidade alimentaria 206
Investigación 208
Investigación agropecuaria 209
Investigación forestal 210
Investigación en materia de viticultura e enoloxía 211
Transferencia de coñecementos 212
Capacidade analítica 213
Formación 213
Institucional 214

Económica e patrimonial 217
Persoal 217
RESUMO EXECUTIVO 219
Misión 219
Obxectivos básicos 219
Datos organizativos básicos 219
Competencias 220
Recursos humanos 223
Orzamento 224
Datos xerais de actividade 225
Certificación e protección da calidade alimentaria 225
Promoción da calidade alimentaria 231
Investigación agropecuaria 232
Investigación forestal 233
Investigación en materia de viticultura e enoloxía 233
Transferencia de coñecementos 233
Capacidade analítica 234
Formación 235
Réxime económico 236

ANÁLISE DE SITUACIÓN

A Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)

Orixe e configuración

O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, (DOG nº 102 de 30/05/2018) constitúe a base fundacional da AGACAL. Tal e como se recolle na exposición de motivos da norma, a nova Axencia nace como consecuencia do proceso de adecuación á LOFAXGA do extinto Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), coa intención de "*dotala de todos os instrumentos que lle permitan cumprir a súa verdadeira finalidade: por unha banda, ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade e, por outra, potenciar a calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario para suplir os déficits que nesta materia se produzan na nosa comunidade autónoma e establecendo como obxectivo principal da súa actividade investigadora responder aos retos científicos e tecnolóxicos aos cales se enfrontan os sectores agroforestal e agroalimentario, vinculados á mellora da súa competitividade*".

Para cumprir co seu destino fundacional, a AGACAL integra desde a súa constitución o Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, en liña do disposto na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, ao cualificar este ente como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos.

Así mesmo, para facer efectivo o mandato legal contido no artigo 32 da Lei 2/2005, referido ao obxecto do INGACAL como instrumento de actuación da Xunta de Galicia en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario, pasan a integrarse na Axencia os centros de investigación da Consellería e a Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal cos seus servizos competentes en materia de formación e de transferencia tecnolóxica. Coa mesma coherencia, en tanto que a Axencia asume o estudo e a indagación nas necesidades e inquedanzas do sector agroforestal, promovendo a investigación e divulgación dos resultados, se integran igualmente os centros de formación que, ata entón dependentes da Dirección Xeral de Ordenación Forestal.

A configuración presente da AGACAL complétase coa publicación do Decreto 107/2019, do 5 de setembro, polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, aprobados polo Decreto 52/2018, do 5 de abril (DOG nº 176 do 17/09/2019), que incorpora a figura da Xerencia como órgano executivo da Axencia.

Natureza e réxime xurídico

A AGACAL é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA). En tanto que tal, está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, nos termos establecidos na LOFAXGA, na normativa financeira e orzamentaria de Galicia, e nos seus estatutos.

Adicionalmente, a Axencia réxese polo establecido na Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega e, para o desenvolvemento das súas actuacións no ámbito da I+D+I, pola lexislación básica do Estado nesta materia; pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e pola Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, ou normas que as substitúan.

A AGACAL ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dela dependentes. As relacións da Axencia cos poderes adxudicadores dos cales é medio propio e servizo técnico teñen natureza instrumental e non contractual, e articularanse a través de encargos ou das encomendas de xestión previstas na lexislación de contratos do sector público, polo que, para todos os efectos, as ditas relacións son de carácter interno, dependente e subordinado.

Competencias

Consonte as previsións da súa norma constituínte, a AGACAL ten as seguintes competencias:

Funcións en materia de calidade alimentaria:

a) Realizar actuacións de control e certificación dos produtos acollidos ás denominacións xeográficas de calidade e ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Executar cantos controis se lle encarguen en relación coa calidade e a etiquetaxe dos produtos alimentarios, así como coas condicións das materias primas e a rastrexabilidade da produción alimentaria.

c) Promover e defender a calidade dos produtos amparados polas denominacións e indicativos de calidade.

d) Realizar estudos e preparación da documentación para o recoñecemento de novas denominacións xeográficas e doutras figuras de protección da calidade que se consideren de interese xeral para a Comunidade Autónoma.

e) Prestar todo tipo de servizos de asesoramento e xestión aos consellos reguladores das denominacións xeográficas de calidade e aos órganos de xestión doutras figuras de protección da calidade alimentaria.

f) Efectuar, logo da formalización do correspondente acordo, aqueles traballos relacionados coa certificación de produtos que lle sexan solicitados por un consello regulador ou outra entidade titular dunha figura de protección da calidade, como análises fisicoquímicas ou organolépticas, inspeccións e verificacións.

g) Actuar como auditor externo dos consellos reguladores e demais entidades xestoras de figuras de calidade dos produtos alimentarios aos cales se refire o artigo 3 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, para os efectos do control oficial da cadea alimentaria en relación cos programas vinculados á calidade diferencial que establece a normativa específica, e actuar como órgano de control das distintas entidades de certificación de produtos alimentarios que operen na Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Desempeñar as funcións relacionadas coa xestión en materia da artesanía alimentaria, tales como control do uso do indicativo da artesanía, xestión do rexistro de artesanía alimentaria, comprobación do cumprimento dos requisitos para a obtención da condición de artesán e empresa artesanal, e elaboración das normas técnicas de cada produto derivado da artesanía alimentaria, no marco da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

Funcións en materia de investigación:

a) Determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia, tendo en conta as súas necesidades, mediante procedementos eficaces de participación dos axentes socioeconómicos afectados nas distintas áreas de traballo.

b) Impulsar as actividades de I+D+I nos sectores agrario e alimentario de Galicia.

c) Asesorar a Consellería do Medio Rural nas funcións de coordinación da investigación en materia agraria.

d) Promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais, tanto respecto das actividades de produción e transformación como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións gandeiras, de mellora xenética e sanidade agrícola, gandeira e forestal, as relativas á conservación dos recursos xenéticos, á ecoloxía e silvicultura das especies forestais, á propagación, prevención e defensa contra os incendios forestais e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio. Para o cumprimento desta finalidade poderá solicitar recursos materiais e humanos que poidan ser asignados por calquera das administracións públicas no marco de plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

e) Propiciar e facilitar a transferencia e a adopción dos resultados obtidos nas investigacións publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación así como a dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.

f) A través dos seus laboratorios realizará as seguintes funcións:

   i. Atender a demanda de análises químicas de alimentos, bebidas, solos, fertilizantes, augas de rega e produtos de alimentación animal.
   ii. Investigar a presenza de residuos de produtos fitosanitarios en alimentos, bebidas e en alimentación animal.
   iii. Diagnosticar enfermidades e a presenza de pragas nos cultivos herbáceos, leñosos e forestais.
   iv. Realizar análises no ámbito da sanidade vexetal.
   v. Emitir certificados de exportación de bebidas e tamén realizar informes e recomendacións que teñan que ver coas análises realizadas.

g) Fomentar a introdución de sistemas de rastrexabilidade e, en xeral, desenvolver todo tipo de actividades que fagan progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector agroindustrial galego.

h) Establecer fórmulas específicas de recrutamento, formación e actualización do persoal investigador, nos ámbitos agrario e alimentario, así como as de intercambio e colaboración con outros centros de investigación rexionais, nacionais e internacionais.

i) Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos fins da Axencia.

j) Promover ou participar directamente nas operacións concretas de desenvolvemento nas cales se dean as circunstancias de interese territorial ou estratéxico, insuficiente

participación dos axentes socioeconómicos e a necesidade de estruturar ou reestruturar un ámbito produtivo vinculado ao sector alimentario e que lle sexan encomendadas.

k) Poñer en valor as distintas actuacións tecnolóxicas e investidoras incluídas nos puntos anteriores ou as que deriven do acervo de coñecementos da Axencia, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación ou comercialización, así como as de participación e implicación dos distintos subsectores nas actuacións propias, sen menoscabo das funcións de divulgación e promoción que neste ámbito poida desenvolver a consellería de adscrición.

l) Conservar o patrimonio xenético tradicional de Galicia das especies de produción agroforestal.

m) Promover a mellora xenética do material vexetal de produción agroforestal.

Funcións en materia de formación

a) Desenvolver, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación, as distintas actuacións tecnolóxicas e investigadoras incluídas nos artigos anteriores.

b) Programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal.
c) Coordinar os centros de formación e experimentación agraria.

d) Coordinar e facer o seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito agrario.

Funcións en materia de estatística e publicacións:

a) Dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.

b) Propiciar e facilitar a transferencia e a adopción dos resultados obtidos nas investigacións publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación.

Estrutura orgánica

Para o cabal desenvolvemento das súas competencias, a AGACAL estrutúrase en servizos centrais e centros de formación e investigación dependentes:



Situación a 31/12/2023

Adaptación normativa

O artigo 74 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia prescribe que a actuación das axencias públicas autonómicas suxéitase ao principio e aos mecanismos de xestión transparente por obxectivos. Os mecanismos de xestión transparente por obxectivos son o contrato plurianual de xestión, o plan de acción anual, o informe de actividade e as contas anuais.

A Disposición Adicional sétima do Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos determinan que O

Consello Reitor da Axencia, no prazo de tres meses seguintes á súa constitución, aprobará a proposta do primeiro contrato plurianual de xestión da Axencia. En canto se produza a aprobación deste contrato plurianual, a actuación da Axencia someterase ao réxime xurídico e principios de actuación recollidos nos estatutos que se aproban mediante este decreto.

O Contrato de xestión da Axencia para o período 2021-2024 foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en sesión de 02/12/2021.

Estrutura de persoal

A 31/12/2023 o rol de persoal da Axencia conta con 358 postos, segundo a seguinte distribución:

Funcionarios de carreira	126
Funcionarios interinos	60
Laborais fixos	120
Laborais temporais	39
Indefinidos	12
Alto cargo	1

Desta relación están ocupadas 148 prazas de funcionario e 133 de laborais, o que representa unha porcentaxe total de ocupación do 78,71 %. Por outra parte, das 186 prazas de funcionarios, so 73 están asignadas en propiedade (12 sen ocupar) fronte a 113 con asignación non definitiva (27 sen ocupar). En relación coas prazas de persoal laboral, 80 están asignadas en propiedade (7 sen ocupar) fronte a 91 con asignación non definitiva (31 sen ocupar).



Estrutura orzamentaria

O 36 % do orzamento vixente da Axencia ocúpase na cobertura de gastos de persoal e funcionamento propio. O 64 % restante asígnase a investimento e transferencias correntes e de capital.



Esta distribución reduce en catro puntos o peso dos gastos de funcionamento da Axencia en relación co orzamento 2023, o que sen dúbida é un índice de mellora na eficiencia na xestión, que non se deriva da redución do persoal senón do incremento da capacidade de xestión.

CAPÍTULO	INICIAL	VIXENTE	A	%A/INI	OK	%OK/A
I	15.218.256,00	16.055.266,80	14.440.385,96	94,89	14.346.318,29	99,35
II	3.020.498,00	3.247.714,95	3.228.377,32	106,88	2.993.566,61	92,73
III	7.277,00	7.276,77	4.254,12	58,46	2.692,78	63,30
IV	1.067.766,00	1.132.911,39	1.070.403,86	100,25	1.042.637,86	97,41
VI	15.817.843,00	22.865.754,10	16.233.116,32	102,63	15.683.918,68	96,62
VII	11.429.655,00	10.110.126,44	8.180.819,33	71,58	5.530.723,07	67,61
IX	10.555,00	10.555,23	9.950,80	94,28	9.950,80	100,00
TOTAIS	46.571.850,00	53.429.605,68	43.167.307,71	92,69	39.609.808,09	91,76

A análise da execución de fondos propios devolve un resultado satisfactorio nunha situación práctica de plena execución.

En canto ao FEDER REACT, dous proxectos acaparan a totalidade do investimento. Por un lado, a residencia de estudantes de Sergude conta cun investimento final de 4.755.427 €. Deste importe, a 31/12/2023 certificouse ao REACT o 100 % do investimento.

O segundo proxecto é o Banco de Xermoplasma do CIAM, cun investimento final de 2.441.883 €. A 31/12/2023 certificouse ao REACT o 100 % do investimento.

Estrutura patrimonial

Consonte á Disposición adicional oitava do Decreto 52/2018 do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos:

- Adscríbense á Axencia Galega da Calidade Alimentaria os edificios do Pazo de Quián e Palleira en Sergude (Boqueixón), onde queda establecida a sede da Axencia.
- Así mesmo, adscríbense á Axencia Galega da Calidade Alimentaria os centros de traballo onde desenvolven as súas actividades o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia, o Centro de Investigación Forestal de Lourizán e os centros de formación e experimentación agraria e as subestacións experimentais recollidos neste estatuto.
- Tamén quedan adscritos á Axencia os bens que na data da súa posta en funcionamento se encontren, por calquera título, afectos ao desenvolvemento das súas competencias, sen necesidade de declaración expresa.

Completado o inventario de inmóbeis o valor neto contable, a 31 de decembro de 2023, é como segue:

CENTRO	TERREOS	EDIFICACIÓNS	TOTAL
CFEA Guísamo	939.324,00 €	2.228.962,12 €	3.168.286,72 €
CFEA Sergude	862.400,00 €	7.855.487,24 €	8.717.887,24 €
CFEA Becerreá	346.491,32 €	1.348.500.08 €	1.694.991,40 €
CFEA Monforte de Lemos	363.516,75 €	2.540.9198,37 €	2.904.436,12 €
CFEA Lourizán	-	2.615.377,47 €	2.615.377,47 €
CFEA Pedro Murias	521.205,78 €	1.629.814,12 €	2.151.019,90 €
CIAM	3.434.369,84 €	7.268.133,84 €	10.702.503,68 €
EEA Marco da Curra	1.688.950,00 €	480.519,62 €	2.169.469,62 €
EEA Pobra do Brollón	256.948,00 €	206.126,59 €	463.074,59 €
EVEGA	346.203,33 €	820.814,81 €	1.167.018,14 €
EEVE Ribadumia	432.845,65 €	415.992,01 €	848.837,66 €
CIF Lourizán	2.792.000,00 €	1.571.645,47 €	4.363.645,47 €
LAFIGA	-	2.340.091,35 €	2.340.091,35 €
AGACAL	11.984.255,77 €	31.322.384,09 €	43.306.639,36 €

No inmobilizado material inclúense propiedades en adscrición e en cesión. Información en detalle publicada nas Contas Anuais.

OBXECTIVOS E RESULTADOS FUNCIONAIS

O Contrato de Xestión da Axencia para o período 2021-2024 aprobouse en Consello da Xunta celebrado o 02/12/2021. Este documento incorpora obxectivos anuais, que se toman como punto de partida a efecto de avaliar o cumprimento de obxectivos e resultados funcionais. Para cada área funcional amósanse os obxectivos con implicación no exercicio 2022, os resultados acadados, e por fin, unha explicación en detalle das actividades realizadas para maior transparencia.

Certificación e protección da calidade alimentaria

A **ÁREA DE CERTIFICACIÓN E PROTECCIÓN DA CALIDADE ALIMENTARIA**
Acadar un sistema eficiente da xestión das figuras de calidade e da súa certificación

A1	Consolidar o funcionamento regular do Departamento de Protección da Calidade Diferenciada	
	A11	Desenvolvemento e posta en marcha dunha aplicación informática para a xestión da actividade de certificación da calidade
	A12	Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de xestión das DOP/IXP e da súa certificación
	A13	Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de supervisión do control das DOP/IXP para as que se teña feito delegación de tarefas de control
	A14	Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de supervisión do control da produción ecolóxica
	A15	Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de xestión da artesanía alimentaria e da súa certificación
A2	Modificar a organización do sistema de xestión das DOP/IXP	
	A21	Elaboración e tramitación do proxecto de Lei de calidade alimentaria
	A22	Elaboración e tramitación do decreto de desenvolvemento da lei
	A23	Establecer un novo sistema de prezos para os servizos de certificación das DOP/IXP
A3	Reformulación e xestión das axudas a consellos reguladores para gasto corrente	
	A31	Elaboración das novas bases reguladoras das axudas
	A32	Xestión das axudas para gastos de funcionamento e dos programas de control
A4	Xestión eficaz das tarefas de control e de supervisión	
	A41	Actuacións de control e certificación das DOP/IXP e da artesanía alimentaria
	A42	Actuacións de supervisión dos consellos reguladores con delegación de tarefas de control

TAREFA	2021	2022	**2023**	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2023	ACUMULADO
A11					%	20	10	10
A12					Nº	20	0	0
A13					Nº	6	0	9
A14					Nº	3	0	3
A15					Nº	3	0	3
A21					Ano	2022	-	√
A22					Ano	2023	-	-
A23					Ano	2021	-	√
A31					Ano	2024		
A32					€	3,6 M€	0,87M€	2,72M€
A41					Nº	775	267	784
A42					Nº	30	6	21

Consolidación do funcionamento regular do Departamento de Protección da Calidade Diferenciada (A1)

Desenvolvemento e posta en marcha dunha aplicación informática para a xestión da actividade de certificación da calidade (A11)

Ao longo do ano 2023 continuouse co desenvolvemento da aplicación máis orientado a parte de control e certificación no ámbito dos produtos de calidade que xestiona directamente o Departamento. Con este obxectivo, mantivéronse directamente 5 reunións nas que participaron técnicos da Oficina Técnica de Amtega, técnicos da empresa de desenvolvemento de software Balidea e os propios técnicos do Departamento de Protección da Calidade Diferenciada, levouse a cabo una xornada formativa na EGAP onde participou todo o persoal do Departamento e o persoal vinculado a encomenda. A finalidade destas reunións foi a toma de requisitos funcionais e de validación de desenvolvementos evolutivos. A posta en marcha desta ferramenta informática en 2022 permitiu reducir os tempos de realización dos traballos de auditoría. En concreto, esta operativo a pleno rendemento o módulo de artesanía alimentaria, polo que se poden dar por reducidos nun 10% os tempos de xestión. Por outra parte, a finais deste ano 2023, despregouse a versión que posibilita aos operadores de artesanía alimentaria acceder a este aplicativo. En canto ao módulo de Agacer relativo ao resto de actividades de control e certificación para rematar a tarefa, está tamén operativo, comezouse coa migración dos datos da IXP Pan Galego e continuarase coa migración de datos do resto das denominacións de calidade xestionadas no Departamento. Non obstante, ao non estar aínda en pleno funcionamento, non se teñen producido reducións nos tempos de xestión dos expedientes de control e certificación das IXP.

Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de xestión das DOP/IXP e da súa certificación (A12)

En 2023 seguiuse traballando na elaboración dos procedementos de control e certificación correspondentes a todas as indicacións xeográficas nas que a Agacal exerce o control oficial directamente. Ao finalizar o ano quedaron en fase de borrador os documentos relativos aos procedementos correspondentes ás seguintes DOP/IXP:

1.- DOP Arzúa-Ulloa
2.- DOP Cebreiro
3.- DOP San Simón da Costa
4.- DOP Pemento de Herbón
5.- IX *Orujo de Galicia*, IX *Aguardiente de Hierbas de Galicia*, IX Licor Café de Galicia, IX *Licor de Hierbas de Galicia*
6.- IXP Pan Galego
7.- IXP Grelos de Galicia
8.- IXP Pemento do Couto
9.- IXP Pemento da Arnoia
10.- IXP Pemento de Oímbra
11.- IXP Pemento de Mougán
12.- IXP Faba de Lourenzá
13.- IXP *Lacón Gallego*
14.- IXP *Tarta de Santiago*
15.- IXP Capón de Vilalba
16.- IXP Castaña de Galicia
17.- IXP Pan de Cea
18.- IXP Betanzos
19.- IXP Val do Miño-Ourense
20.- IXP Barbanza e Iria
21.- IXP Ribeiras do Morrazo
22.- IXP Terras do Navia

Queda pendente a elaboración da documentación definitiva e a súa aprobación, polo que aínda non se pode dar por rematada a tarefa.

Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de supervisión do control das DOP/IXP para as que se teña feito delegación de tarefas de control (A13)

Este obxectivo xa está conseguido, xa que en 2021 quedaron elaborados e aprobados 3 procedementos de control e 3 instrucións técnicas. Tamén se elaboraron listas de verificación para 3 tipos de organismos de control. Debemos salientar que en 2022 tamén

se procedeu a actualizar o documento PC-EXT. Os documentos elaborados e aprobados foron os seguintes:

a) Sector vitivinícola: DOP Monterrei, DOP Rías Baixas, DOP Ribeira Sacra, DOP Ribeiro e DOP Valdeorras

- Procedemento de control PC-VIN
- Instrución técnica IT 01-PC-VIN
- Listas de verificación: LV 01,02,03 PC VIN

b) Organismos de control de figuras de calidade diferenciada de fóra da comunidade autónoma:

- Procedemento de control PC EXT
- Lista de verificación LV PC EXT

c) Organismos delegados de control en Galicia: DOP Mexillón de Galicia, IXP *Ternera Gallega*, IXP *Vaca Gallega/Buey Gallego*, IXP Pataca de Galicia, IXP Mel de Galicia e DOP Queixo Tetilla

- Procedemento de control PC DCC
- Instrución técnica IT 01- PC DCC
- Lista de verificación LV 01- PC DCC

Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de supervisión do control da produción ecolóxica (A14)

Este obxectivo xa está conseguido, xa que en 2021 quedaron elaborados e aprobados o procedemento de control, unha instrución técnica e unha lista de verificación. Os ditos documentos son os seguintes:

- Procedemento de control PC-ECO
- Instrución técnica IT-01
- Lista de verificación LV-01-02-03

Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de xestión da artesanía alimentaria e da súa certificación (A15)

Obxectivo conseguido. Durante o ano 2022 iniciouse a certificación de produtos amparados por artesanía alimentaria para o que se estiveron aplicando os seguintes documentos:

- Regulamento xeral de control e certificacións
- Procedemento operativo de control e certificación.
- Listas de verificación

Modificación da organización do sistema de xestión das DOP/IXP (A2)

Elaboración e tramitación do proxecto de Lei de calidade alimentaria (A21)

Durante o 2023 rematou a tramitación do proxecto de Lei da calidade alimentaria de Galicia.

O primeiro trámite que a este respecto houbo que afrontar no ano 2023 foi a elaboración do informe de contestación ao ditame que, sobre o texto remitido, fixo o Consello Económico e Social con data 7.12.2022. O dito informe foi asinado polo director da Axencia o día 12.01.2023 e implicou paralelamente a modificación de diversas disposicións no anteproxecto.

Por outra parte, con data 22.02.2023 a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa fixo aprobou un informe relacionado co texto dun artigo concreto do anteproxecto, que se modificou para dar satisfacción ao indicado polo dito órgano.

Despois dunha longa espera ata que o texto puidera ser analizado pola Asesoría Xurídica Xeral, por fin comezou este análise mediante un grupo de traballo no que, ademais da Asesora Xurídica participou persoal da Consellería do Medio Rural e da Axencia. Nunha primeira valoración, a Asesora Xurídica detectou a necesidade de que o texto fora tamén obxecto de ditame pola Comisión Galega da Competencia. Por iso o texto remitiuse a este órgano, cuxo pleno aprobou o 23.07.2023 o correspondente informe, que obrigou a facer un pequeno axuste no texto do anteproxecto e o correspondente informe.

O grupo de traballo antes mencionado reuniuse en diversas ocasións nos meses de xuño, xullo e agosto para ir preparando o texto definitivo que habería de ser visado pola Asesoría Xurídica. Estes traballos finalizaron coa elaboración dun informe, que asinou o director da Axencia con data 9.08.2023, no que se explican os cambios introducidos respecto do texto inicialmente remitido á Asesoría Xurídica. Por fin, a Asesoría Xurídica elaborou o seu informe favorable con data 10.08.2023.

Para pechar a tramitación administrativa do anteproxecto, a Secretaría Xeral Técnica aprobou o seu informe o día 1.09.2023 e, por último, o Consello da Xunta aprobou o proxecto de lei na súa reunión do día 7.09.2023

Logo de culminar a tramitación parlamentaria, a Lei da calidade alimentaria aprobouse no Parlamento de Galicia na sesión celebrada o día 20/12/2023. A publicación no DOG sería xa en 2024, concretamente o 18.01.2024, como Lei 1/2024, do 11 de xaneiro.

Dáse por rematada esta tarefa.

Establecer un novo sistema de prezos para os servizos de certificación das DOP/IXP (A23)

No ano 2022 culmináronse os traballos para a elaboración aprobación e publicación dunha nova normativa reguladora dos prezos que debe aplicar a Agacal, non só polos servizos de certificación das DOP/IXP, senón tamén polos relativos ás analíticas dos laboratorios da Axencia e outros produtos e servizos prestados, unificándose así nunha única disposición o catálogo dos produtos e servizos prestados e dos prezos aplicados. Esta norma foi a Orde do 25 de marzo de 2022 pola que se fixan os prezos privados por servizos prestados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria, que se publicou no DOG núm. 67 do 6 de abril.

No relativo aos servizos vinculados á Área de Calidade Alimentaria, esta nova disposición contempla o servizo de xestión de contra etiquetas, o de xestión dos consellos reguladores, o de control e certificación das indicacións xeográficas e o servizo de control e certificación da artesanía alimentaria.

Polo tanto, esta tarefa está xa realizada.

Reformulación e xestión das axudas a consellos reguladores para gasto corrente (A3)

Xestión das axudas para gastos de funcionamento e dos programas de control (A32)

O obxectivo A3 do Contrato de xestión desagrégase en dúas tarefas, a primeira relacionada coa reformulación das axudas para o gasto corrente dos consellos reguladores (A31) e a segunda relacionada coa xestión destas axudas (A32). No ano 2023 non se abordou a primeira das tarefas porque iso está vinculado coa aprobación da nova lei de calidade alimentaria -que ao rematar o ano 2023 aínda non estaba aprobada-, que modificará determinadas cuestións relativas ao funcionamento destes organismos. Polo tanto, as actuacións neste obxectivo centráronse na xestión, de xeito continuador, das axudas para financiar os seus gastos de funcionamento e os seus programas de calidade.

Axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores

Para cubrir os gastos de funcionamento dos consellos reguladores existe unha partida de fondos propios do capítulo IV que se adxudica a través dun acordo do Consello da Xunta. En 2023 o acordo foi adoptado o día 11 de maio. Eran subvencionables nesta liña de axuda

os gastos correntes realizados directamente polos consellos reguladores derivados da súa actividade sempre que se producisen entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de agosto de 2023.

Do orzamento de 2023, destináronse cincocentos vinte seis mil oitocentos cincuenta euros (526.850 €) para este fin.

O reparto entre os diferentes consellos reguladores fíxose, como en anos anteriores, de acordo cun baremo en función de diversos criterios obxectivos. Estes criterios teñen en conta: a maior ou menor capacidade de autofinanciamento, favorecéndose aos consellos reguladores que teñen menor facilidade para conseguir recursos propios (criterio I); o peso dos gastos de persoal sobre o total de gastos, primándose o apoio aos consellos reguladores que teñen un peso relativo maior neste tipo de gastos (criterio II); e a maior ou menor dispersión xeográfica, outorgándose máis puntos a aqueles consellos reguladores que deben atender inscritos nunha área máis ampla (criterio III). Ademais, para os consellos reguladores que non contan con persoal propio e aos que lles presta servizos a Agacal introdúcese algún factor de corrección para modular o exceso de financiamento que poderían ter aplicando exclusivamente os anteriores criterios.

Exclúense do reparto os consellos reguladores que non acrediten que as retribucións do seu persoal se adaptan ao disposto no Decreto 119/2012 do 3 de maio (requisito que deixou fóra do reparto ao Consello Regulador da DO Rías Baixas). Na concesión estableceuse que a axuda pagaríase en dúas partes, unha primeira como anticipo e unha segunda logo de xustificar a totalidade do gasto. No seguinte cadro recóllese a axuda concedida e pagada para cada un dos vinte cinco beneficiarios.

Beneficiario	Subvención Concedida	Subvención Pagada
C.R.das II.XX. AUGAD. e LICORES TRAD.GALICIA	30.520,00	30.520,00
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	30.520,00	30.520,00
C. R.I.X.P. CASTAÑA DE GALICIA	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O.P. CEBREIRO	30.520,00	30.520,00
C.R.DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA	30.520,00	30.520,00
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	30.520,00	30.520,00
C.R.I.X.P. VACÚN DE GALICIA	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O.P. ARZÚA-ULLOA	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O. RIBEIRO	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O. VALDEORRAS	30.520,00	30.520,00
C.R.I.X.P. GRELOS DE GALICIA	10.025,00	9.965,06

C.R.I.X.P. PAN DE CEA	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O. MONTERREI	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O.P. SAN SIMÓN DA COSTA	30.520,00	30.520,00
C.R.I.X.P. FABA DE LOURENZÁ	8.000,00	7.918,67
C.R.D.O.P. PEMENTO DE HERBÓN	8.000,00	7.089,81
C. R.I.X.P. PEMENTO DO COUTO	5.000,00	5.000,00
C.R.I.X P. TARTA DE SANTIAGO	10.025,00	10.025,00
C.R.I.X.P. LACÓN GALLEGO	5.000,00	4.461,83
C R.I.X.P. PEMENTO DA ARNOIA	5.000,00	4.118,95
C.R.I.X.P. PEMENTO DE MOUGAN	5.000,00	4.516,82
C.R.I.X.P. PEMENTO DE OIMBRA	5.000,00	4.676,53
C.R.I.X.P. PAN GALEGO	8.000,00	7.986,36
	526.850,00	**523.559,03**

Axudas para os programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias

A Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega atribuíu aos consellos reguladores a xestión da respectiva denominación xeográfica, o que supón a realización de diversas funcións, entre as que están a de velar polo prestixio da denominación e polo cumprimento das súas disposicións normativas e aplicar, de ser o caso, os sistemas de control necesarios para garantir a calidade e a orixe dos produtos certificados.

A realización destas tarefas de control supón un labor de notable complexidade, cuxo desenvolvemento eficaz constitúe un factor clave na credibilidade da denominación, e representa un importante custo económico para os consellos reguladores.

Para financiar os ditos gastos, anualmente publícase unha liña de axudas dotada con fondos propios, á que concorren os consellos reguladores que executan actividades de control. De acordo con isto, o 3 de maio de 2023 publicouse no DOG a *Resolución do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR302B)*. As axudas cobren ata o 50 % do gasto subvencionable, para o que tamén se establecen topes. Ademais teñen prioridade os gastos directamente vencellados á acreditación do consello regulador como entidade certificadora.

A convocatoria 2023 tivo unha dotación orzamentaria de trescentos corenta mil euros (340.000 €). Na seguinte táboa recóllense os datos máis salientables da xestión destas axudas.

Beneficiario	Subvención Concedida	Subvención Pagada
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	27.952,00 €	27.952,00 €
C.R.D.O. VALDEORRAS	27.952,00 €	27.952,00 €
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	27.952,00 €	27.952,00 €
C.R.D.O.P. SAN SIMÓN DA COSTA	2.328,12 €	1.726,93 €
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	1.652,21 €	1.652,21 €
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	36.952,00 €	36.952,00 €
C.R.DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA	54.952,00 €	54.952,00 €
C.R.D.O. MONTERREI	27.952,00 €	27.952,00 €
C.R.D.O. RÍAS BAIXAS	27.952,00 €	27.952,00 €
C.R.D.O. RIBEIRO	27.952,00 €	27.952,00 €
C.R.D.O.P. ARZÚA-ULLOA	4.932,25 €	3.903,03 €
C.R.D.O.P. CEBREIRO	951,15 €	719,67 €
C.R.DAS DD.XX. AUGAD.E LICORES TRAD.GALICIA	18.952,00 €	18.952,00 €
C.R.I.X.P. CASTAÑA DE GALICIA	469,27 €	469,27 €
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	23.147,00 €	23.147,00 €
C.R.I.X.P. VACÚN DE GALICIA	27.952,00 €	27.952,00 €
	340.000,00 €	**338.138.11 €**

Como resumo da xestión en 2023 desta liña de axudas temos que indicar que se aprobaron 16 expedientes, todos eles cunha porcentaxe de subvención do 50 % e cunha subvención total aprobada de 340.000 € e unha axuda finalmente pagada de 338.138,11 €.

Xestión eficaz das tarefas de control e de supervisión (A4)

Actuacións de control e certificación das DOP/IXP e da artesanía alimentaria (A41)

Un dos labores fundamentais da Área de Calidade Alimentaria da Axencia é a realización do control oficial do cumprimento por parte dos operadores da normativa específica das diferentes figuras de protección da calidade, tanto denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas como os produtos da agricultura ecolóxica.

Para a realización destes labores danse dúas situacións. Así, para as figuras de protección da calidade diferenciada que non contan cun consello regulador capacitado para facer o labor de control, é a propia Axencia Galega da Calidade Alimentaria a que fai directamente o control do cumprimento da normativa específica da figura de calidade, mediante auditorías ou outro tipo de actuacións de comprobación. Na realización destas auditorías utilízase toda a información dispoñible: declaracións dos operadores, verificacións en rexistros oficiais, visitas de control e auditorías anteriores, etc. Ademais,

infórmase aos operadores sobre as súas obrigas con relación á figura de protección da calidade diferenciada á que pertencen así como dos resultados das auditorías e controis realizados. As non conformidades detectadas póñense en coñecemento do operador para que estableza e aplique as medidas correctivas que sexan precisas para solucionar o incumprimento.

Figura de calidade	Controis a produtores	Controis a elaboradores	Controis a outros operadores	Total controis
IXP Val do Miño-Ourense		3		3
IXP Betanzos		4		4
IXP Barbanza e Iria		5		5
IXP Ribeiras do Morrazo		5		5
IXP Terras do Navia		3		3
Augardentes e LTG (4)		5		5
IXP Faba de Lourenzá	7	6		13
IXP Castaña de Galicia	3	6		9
DOP Pemento de Herbón	7	9		16
IXP Pemento do Couto	3	4		7
IXP Pemento da Arnoia	2	1		3
IXP Pemento de Oímbra	1	2		3
IXP Pemento de Mougán	1	4		5
IXP Grelos de Galicia	4	1		5
IXP Tarta de Santiago		9		9
IXP Pan de Cea		13		13
IXP Pan Galego	7	3	2	12
IXP Lacón Gallego		1	1	2
DOP Cebreiro	2	3		5
DOP San Simón da Costa	12	9		21
DOP Arzúa-Ulloa	43	16	2	61
Total	92	112	5	209

Na táboa anterior resumimos a actividade de control realizada en 2023 para aquelas figuras para as que a axencia asume a tarefa de xeito directo. En total son 24 as DOP/IXP para as que a axencia asume directamente a realización da comprobación do cumprimento dos pregos de condicións correspondentes por parte dos diferentes operadores. Debe terse en conta que os datos relativos ás indicacións xeográficas das augardentes e licores tradicionais de Galicia, que na táboa van agregados, correspóndense en realidade con catro indicacións xeográficas diferentes: *Orujo de Galicia*, *Aguardiente de Hierbas de Galicia*, *Licor de Hierbas de Galicia* e Licor Café de Galicia.

En total foron 209 os controis realizados en 2023 para a verificación do cumprimento dos pregos de condicións. Como no ano anterior, realizáronse tanto auditorías presenciais como documentais.

No ano 2023 iniciaron a súa actividade tres operadores na IXP Terras do Navia. A estes operadores se lles realizou auditoría inicial e de seguimento co fin de que puideran contar con produto certificado no mercado.

Respecto á artesanía alimentaria, continuouse coa inscrición no rexistro das empresas artesanais e das persoas artesás. Durante o ano 2023 realizáronse 53 auditorías de comprobación dos requisitos dos operadores para a súa inscrición no rexistro de empresas artesanais e 5 auditorías de seguimento para comprobar o cumprimento do establecido nas normas técnicas específicas para cada tipoloxía de produto. No rexistro de persoas artesás están inscritas un total de 80 persoas nos distintos ámbitos.

Figura de calidade	Persoas artesás	Empresas artesás	
		Auditoría certificación	Auditoría seguimento
Artesanía alimentaria	80	53	5
Total	80	53	5

Actuacións de supervisión dos consellos reguladores con delegación de tarefas de control (A42)

Para o caso das figuras de calidade que contan cun consello regulador con medios humanos e materiais suficientes que lles permitiron no pasado a súa acreditación por ENAC, a Axencia ten feita neles unha delegación das tarefas de control oficial, de xeito que a comprobación do cumprimento da normativa destas figuras de protección da calidade faina o correspondente consello regulador. Nestes casos, a misión da axencia, como autoridade competente, é a de supervisar os traballos realizados por delegación.

Figura de calidade	Expedientes	Detalle expedientes	
		Auditoría	Control operadores
DO Valdeorras	1		1
DO Ribeira Sacra	1	1	
IXP Vaca Gallega/Buey Gallego	1		1
IXP Pataca de Galicia	1		1
DOP Mexillón de Galicia	1	1	1
CR Agricultura Ecolóxica de Galicia	1		36
Total	6		

A Axencia tamén realiza esta función de supervisión naqueles casos nos que a delegación de tarefas se fixo nun organismo de certificación, como é o caso da DOP Mexillón de Galicia ou no dos organismos de certificación que operan en Galicia controlando a ETG *Jamón Serrano* ou determinados pregos de condicións de indicacións xeográficas protexidas doutras comunidades autónomas para as que está permitido realizar algunhas operacións anteriores á comercialización fóra da súa área xeográfica, como é o caso da maduración na IXP *Plátano de Canarias* e o embotellado no da IXP *Vino de Castilla y León* e na *IXP Vino de Castilla*.

Esta supervisión se concreta tanto na revisión de documentación como nun traballo máis profundo de auditoría. Na táboa recóllese o resumo desta actividade de supervisión en 2023. As actuacións de supervisión afectaron a seis figuras de protección da calidade.

Outras actuacións de apoio á xestión dos consellos reguladores e aos seus sistemas de control e certificación

Servizos de apoio á xestión dos consellos reguladores

De acordo coa normativa vixente, os consellos reguladores teñen entre as súas funcións a de xestionar a correspondente denominación de orixe ou indicación xeográfica. Porén, moitos dos consellos reguladores existentes non teñen unha estrutura de persoal propia para a realización destas tarefas, que por outra parte son de carácter especializado e precisan persoal adecuadamente formado para a súa execución. Por iso, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria presta os seus servizos a estes consellos reguladores para o desenvolvemento destas tarefas, que se concretan fundamentalmente nas seguintes actividades:

- Secretariado do consello regulador (convocatoria de reunións, levantamento de actas, apoio xurídico e técnico, etc.)
- Xestión dos rexistros de operadores
- Tramitación de solicitudes de axudas para as diferentes actuacións do consello regulador e tramitación dos correspondentes expedientes de cobro
- Elaboración dos orzamentos anuais
- Elaboración da memoria anual e da liquidación anual de contas
- Relación cos operadores (comunicacións, entrega de contra etiquetas, envío de circulares, etc.)
- Emisión das cotas que deben pagar os operadores ao consello regulador
- Contabilidade

Durante o ano 2023, dende a axencia prestouse o servizo de xestión aos 10 consellos reguladores que se recollen na seguinte lista:

- CR IXP Faba de Lourenzá
- CR DOP Pemento de Herbón
- CR IXP Pemento do Couto
- CR IXP Pemento da Arnoia
- CR IXP Pemento de Oímbra
- CR IXP Pemento de Mougán
- CR IXP Grelos de Galicia
- CR IXP Tarta de Santiago
- CR IXP Lacón Gallego
- CR IXP Pan Galego

Realización de auditorías aos consellos reguladores para o mantemento da acreditación da ENAC

Os organismos acreditados para a realización da certificación de produtos conforme á norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012 están obrigados a facer anualmente unha auditoría do funcionamento do seu sistema de calidade para poder manter a acreditación no cumprimento desta norma. Para facilitar a satisfacción desta esixencia e evitar custos adicionais aos consellos reguladores, a axencia realiza este tipo de auditorías a aqueles consellos reguladores acreditados nos que se delegaron tarefas de control que llo solicitan.

De acordo con iso, en 2023 a axencia realizou tres auditorías deste tipo, ao Consello Regulador da DOP Queixo Tetilla, ao Consello Regulador da IXP Mel de Galicia e ao Consello Regulador da IXP Pataca de Galicia.

Participación en órganos colexiados do sistema de certificación dos consellos reguladores

Como unha actividade máis de apoio ao funcionamento dos consellos reguladores que teñen delegadas funcións de control, durante o ano 2023 o persoal da axencia participou en diversos órganos colexiados relacionados co sistema de certificación destes consellos reguladores. Esta participación tradúcese na achega de persoal especializado que participa nos procesos de toma de decisión destes órganos, que poden adoptar distintas denominacións e realizar diferentes funcións: comités de certificación, comités de partes ou comités consultivos. Foron en total 30 asistencias que se desagregan do seguinte xeito:

Consello Regulador	Órgano colexiado	Asistencias
IXP Pataca de Galicia	Comité de partes	1
IXP Mel de Galicia	Comité de partes	1
DOP Queixo Tetilla	Comité de certificación	12

DOP Queixo Tetilla	Comité de partes	1
DO Valdeorras	Comité de garantías	2
DO Monterrei	Comité de certificación	3
DO Monterrei	Comité de garantías	2
DO Rías Baixas	Comité de garantías	2
DO Ribeira Sacra	Comité de garantías	3
DO Ribeiro	Comité de certificación	2
CR Agricultura Ecolóxica de Galicia	Comité de partes	1

Participación nos plenos dos consellos reguladores

Como outra actuación máis de apoio e de supervisión da actividade dos consellos reguladores estaría a participación nas reunións dos seus plenos. O artigo 16.4 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, establece que a Consellería do Medio Rural pode designar ata dous delegados nos plenos dos consellos reguladores, que asistirán ás súas sesións con voz pero sen voto. A súa misión é a de prestar asistencia técnica aos plenos, que son o órgano de goberno superior de cada consello regulador.

Para todos os consellos reguladores hai designadas dúas persoas representantes da administración autonómica. En xeral estes representantes están adscritos á Consellería do Medio Rural ou especificamente á Axencia. Nas designacións destes representantes procurouse que a Axencia estea representada directamente naqueles consellos reguladores que teñen un maior volume de actividade. Así, a Axencia Galega da calidade Alimentaria está presente directamente en 19 dos 26 consellos reguladores do ámbito agroalimentario actualmente constituídos, o que permite a esta ter un coñecemento máis directo da realidade do día a día destes organismos e prestarlles un apoio máis eficaz.

Eleccións aos consellos reguladores

As denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas creáronse como instrumentos para protexer e promover as producións de calidade propias de determinados territorios e son, polo tanto, elementos importantes para o desenvolvemento rural. Están reguladas actualmente mediante diversa normativa europea, que trata de dar un enfoque común en todo o territorio da Unión aos diferentes réximes de calidade. A estes réximes de calidade habería que unir tamén o constituído pola produción ecolóxica, o cal tamén é obxecto de regulación mediante normativa europea.

A escala autonómica, a regulación destes indicativos de calidade realizouse mediante a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega e o

Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, que a desenvolve.

A dita normativa autonómica regulaba a figura dos consellos reguladores como corporacións de dereito público aos que se atribúe a xestión da denominación, para o que actúan con autonomía económica e plena capacidade de obrar. A tutela administrativa sobre cada consello regulador exércea a consellería competente en razón da natureza do produto de que se trate, agraria ou mariña.

Esta normativa autonómica establece tamén que os órganos de goberno dos consellos reguladores deben renovarse cada catro anos e que é competencia da consellería que exerce a dita tutela a realización da correspondente convocatoria, aínda que aos consellos reguladores corresponde a organización do proceso de acordo con principios democráticos e respectando as normas básicas do réxime electoral que se recollen no capítulo VI do citado Decreto 4/2007.

O anterior proceso electoral no relativo aos produtos do sector agroalimentario -e polo tanto competencia da Consellería do Medio Rural- desenvolvérase trala publicación da Orde do 3 de abril de 2017 da dita consellería (DOG núm. 67, do 5 de abril), pola que se convocaron eleccións para a renovación dos órganos de goberno de 21 consellos reguladores. Posteriormente, o día 3 de agosto de 2017 publicouse no DOG a orde pola que se procedía ao nomeamento das persoas que haberían de ocupar a presidencia e a/as vicepresidencia/s de cada consello regulador.

De acordo co exposto nos parágrafos anteriores, a Consellería do Medio Rural era consciente, xa dende mediados do ano 2021, da necesidade de realizar a convocatoria electoral para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, dado que por esas datas todos tiñan excedido o tempo do seu mandato.
A situación que vivimos dende o mes de marzo de 2020 por mor da pandemia da Covid-19 impediu que se convocase un novo proceso electoral no prazo establecido no citado Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro. Unha vez que, grazas á vacinación masiva da poboación, a situación sanitaria foi moito máis favorable e se recuperou a normalidade na actividade económica e social, iniciáronse os trámites para convocar un novo proceso electoral.

Porén, pareceu conveniente que nesa convocatoria se excluísen once dos vinte e seis consellos reguladores existentes. Estes consellos reguladores son os das denominacións de orixe protexidas Cebreiro e Pemento de Herbón e os das indicacións xeográficas protexidas Lacón Gallego, Faba de Lourenzá, Grelos de Galicia, Tarta de Santiago, Pemento do Couto, Pemento da Arnoia, Pemento de Oímbra, Pemento de Mougán e Pan Galego.

Os once consellos reguladores que quedaban excluídos desta convocatoria eran de moi escaso número de inscritos (representan pouco máis do 2% do total de operadores en réximes de calidade), o que dificulta a formación de candidaturas; e tamén de moi escaso volume de actividade (o valor total da produción destas denominacións é inferior ao 0,5% do valor total das producións acollidas a réximes de calidade). En definitiva, son consellos reguladores nos que o proceso de renovación suscita pouco interese tanto nos operadores como nos axentes sociais e que, ademais, coa regulación prevista na futura Lei da calidade alimentaria de Galicia, actualmente en tramitación, probablemente moitos deles -se non todos- reconverteranse en asociacións sectoriais sen ánimo de lucro e de adscrición voluntaria.

Mediante a Orde do 7 de novembro de 2022 (DOG núm. 214, do 10.11.2022) realizouse a convocatoria de eleccións para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras; do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia; dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Arzúa-Ulloa, Queixo Tetilla e San Simón da Costa; dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea e Castaña de Galicia; do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas de Carne de Vacún de Galicia e do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia. Por outra parte, tamén se prorrogou o mandato dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Cebreiro e Pemento de Herbón e o dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Lacón Gallego, Faba de Lourenzá, Grelos de Galicia, Tarta de Santiago, Pemento do Couto e Pemento da Arnoia. A dita prórroga foi por un período de ata dous anos, tempo que debería ser suficiente para a aprobación da nova lei de calidade alimentaria e o regulamento que a desenvolva en materia de réxime de funcionamento dos consellos reguladores.

De acordo coa Orde do 7 de novembro de 2022 de convocatoria deste proceso electoral, a Xunta Electoral quedou presidida polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (ACAGAL) e conformada por tres representantes organizacións profesionais agrarias do ámbito galego e un representante da asociación de produtores do sector agrario de ámbito galego, máis representativos, así como un representante das cooperativas e un representante das asociacións empresariais dos sectores industriais implicados, tres representantes da Administración autonómica e unha secretaria dela. A Xunta Electoral ostenta distintas funcións, entre as que cabe salientar as de vixilancia da boa marcha do proceso electoral, interpretación da norma, a aprobación definitiva de censos e candidaturas e a resolución de recursos nas diversas fases do procedemento.

O proceso electoral ten que seguir un iter que discorre polas seguintes fases: a aprobación de censos, a proclamación das candidaturas, a realización de pactos electorais

e a concorrencia á votación nos casos nos que exista máis dunha candidatura proclamada para o censo correspondente e non exista un pacto entre candidaturas.

De acordo co calendario electoral, os censos estiveron en exposición dende o día 2 ao 14 de decembro de 2022, período durante o cal estaba aberto o prazo para presentar reclamacións contra eles. A exposición dos censos logo da súa aprobación definitiva iniciouse o día 5 de xaneiro. O número total de persoas censadas ascendeu a 21.778, salientando o caso do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, con 5.140, e o Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas de Carne de Vacún de Galicia, con 8.065.

O prazo para a presentación de candidaturas comezou o día 23 de decembro de 2022 e a súa proclamación definitiva pola Xunta Electoral fíxose o día 27 de xaneiro deste ano. En cada consello regulador elíxense vogais que representan a diversos subsectores en función da súa actividade produtiva primaria ou de transformación: viticultores, gandeiros, adegas, apicultores, matadoiros, etc. O número total de candidaturas presentadas nos 15 consellos reguladores foi de 117.

En aplicación da normativa electoral nos censos nos que só exista unha candidatura, os seus titulares son proclamados directamente pola Xunta Electoral, sen necesidade de concorrer á votación. Isto foi o que sucedeu nos casos dalgúns censos de todos os consellos reguladores, agás no consello regulador da IXP de Mel de Galicia.

Unha vez proclamadas definitivamente as candidaturas, a normativa electoral faculta aos representantes destas a chegar a acordos sobre o reparto das vogalías dos consellos reguladores. Neste proceso electoral fixeron uso de tal posibilidade representantes de diversas candidaturas nos seguintes consellos reguladores: CRDO Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Valdeorras, Arzúa-Ulloa, Queixo de Tetilla, Pataca de Galicia, IXP Mel de Galicia, IXP Castaña de Galicia e no CRAEGA.

De acordo co calendario electoral, o día 19 de febreiro de 2023 desenvolveuse a xornada de votación, para a cal foi precisa a constitución de 21 mesas electorais que se repartiron da seguinte maneira: no CRDO Monterrei (1), CRDO Rías Baixas (3), CRDO Ribeiro (2), CRDO Valdeorras (2), CRIXP Mel de Galicia (1), CRIXP Carnes de Vacún de Galicia (12). A Xunta Electoral constituíse xa as 8.30 da mañá para facer un seguimento continuo da xornada, comezando co control da axeitada constitución das mesas electorais, e a partir dese intre, resolvendo todas as dúbidas interpretativas que foron formuladas polas diferentes mesas electorais.

A xornada de votación transcorreu con normalidade e finalizou ás 17.00 horas, momento no que comezou o escrutinio.

Pola súa parte, o día 21 de febreiro a Xunta electoral, tras a atribución dos postos en función dos resultados, fixo a proclamación dos vogais electos. O sistema de asignación de vogalías é o proporcional directo. Contra a proclamación das persoas interesadas estaba prevista a posibilidade de recurso no prazo de tres días naturais ante a Conselleira do Medio Rural, situación que non se deu.

A continuación indícase como quedou a atribución de vogalías logo da culminación do proceso electoral.

CONSELLO REGULADOR DA DO MONTERREI

	Sector produtor Censo A	Sector Industrial Censo B		Sector cooperativo Censo C
		B_1 < 30.000 l	B_2 > 30.000 l	
Nº vogais	3	1	2	1
Vogais e candidaturas	GESTIÓN VITIVINÍCOLA, C.B (ASAGA) ANÍBAL BLANCO NÚÑEZ (FRUGA) VITICULTURA MONTERREY, S.L (UUAA-UPA)	MANUEL VÁZQUEZ LOSADA (FRUGA)	BODEGA PAZO DE VALDECONDE, S.L (ASAGA) BODEGA ABELEDOS, S.L (UUAA-UPA)	TERRAS DO CIGARRON, S.L.

Resultado final (7):

ASAGA: 2
UUAA-UPA: 2
FRUGA: 2
TERRAS DO CIGARRON, S.L.: 1

Candidatura única	Pactos electorais	Eleccións
1	5	1

CONSELLO REGULADOR DA DO RÍAS BAIXAS

	Sector produtor Censo A		Sector Industrial Censo B		Sector cooperativo Censo C
	A_1 < 2Ha	A_2 > 2Ha	B_1 < 100.000 l	B_2 > 100.000 l	
Nº vogais	5	4	2	7	4
Vogais e candidaturas	JOSÉ ANTONIO PRESA GARRIDO (SLG) MANUEL ARTURO CONDE FERNÁNDEZ EXPLOTACIONES VITÍCOLAS DO SALNÉS, S.C (ASAGA) TELENAVAL S.L (A.P. DE VITICULTORES RÍAS BAIXAS) EXPLOTACIONES VITÍCOLAS RÍAS BAIXAS, S.L (UUAA)	VIÑEDOS ALTOS DE TORONA, S.L (ASAGA) JUAN CARLOS SUÁREZ PEÑAS (A.P. DE VITICULTORES RÍAS BAIXAS) ISIDORO BERANTES LESPARTES (ASAGA) FINCA VILAMEAN, S.L. (SLG)	ADEGA VIETES, S.L (Asoc. Adegas Salnés) CARBALLAL VÁZQUEZ ABAL, S.L. (ASAGA)	BODEGAS LA VAL, S.L. BODEGAS AS LAXAS, S.A. BODEGAS TERRAS GAUDA, S.A. ADEGAS VALMIÑOR, S.L. BODEGAS DEL PALACIO DE FEFIÑANES, S.L. PAZO DE SEÑORANS, S.L. VIÑA CARTÍN, S.L (Asoc. Empresarios Bodequeros y Viticultores Rías Baixas)	ADEGAS CONDES DE ALBAREI, S.A.U. BODEGAS MARTÍN CÓDAX, S.A.U. COOP. VITIVINÍCOLA AROUSANA, S.C.G. VIÑA MORAIMA, S.C.G. (AGACA)

Resultado final (22):
ASAGA: 5
UUAA-UPA: 1
SLG: 2
A.P. de Viticultores Rías Baixas: 2
Asociación de Adegas Salnés: 1
Asociación de Empresarios Bodegueros y Viticultores Rías Baixas: 7
AGACA: 4

Candidatura única	Pactos electorais	Eleccións
11	6	5*

* Corresponde a 2 vogais do censo A_2 da subzona Salnés e Ribeira do Ulla e 1 vogal do censo A_2 da subzona Condado do Tea e Soutomaior, ademais dos 2 vogais do censo B_1

CONSELLO REGULADOR DA DO RIBEIRA SACRA

	Sector produtor Censo A			Sector Industrial Censo B		
	A_1 Non comerc.	A_2 Menor sup.	A_3 Maior sup.	B_1 Adegas menores	B_2 Adegas intermedias	B_3 Adegas maiores
Nº vogais	1	3	2	2	1	3
Vogais e candidaturas	JAVIER RODRÍGUEZ MOSQUERA (VITICULTORES NON COMERCIAIS-UUAA-UPA)	JUAN CARLOS VARELA AGUIAR (VITICULTORES E ADEGUEIROS DA R.S-UUAA) HÉCTOR FERREIRO ABELAIRAS (VITICULTORES E ADEGUEIROS DA R.S.-ASAGA) FINCA CUARTA BODEGAS Y VIÑEDOS S.L (VITIVINICULTORES DA R.S.)	MIÑOSIL S.L. (VITICULTORES E ADEGUEIROS DA R.S.) REGATA DE SAN MATEO S.L. (VITIVINICULTORES DA R.S.)	ADEGAS E VIÑEDOS LAREU S.L. (VITICULTORES E ADEGUEIROS DA R.S. -SLG) VICTOR MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ (VITIVINICULTORES DA R.S.)	ADEGA CACHÍN S.C (VITICULTORES E ADEGUEIROS DA R.S.)	BODEGAS RECTORAL DE AMANDI S.A.U ADEGA PONTE DA BOGA S.L. ADEGAS GUÍMARO, S.L. (VITICULTORES E ADEGUEIROS DA R.S)

Resultado final (12):

Viticultores non comerciais (1)
Viticultores e adegueiros da R.S (8)
Vitivinicultores da R.S. (3)

Candidatura única	Pactos electorais
4	8

CONSELLO REGULADOR DA DO RIBEIRO

	Sector produtor Censo A	Sector Industrial Censo B		Sector cooperativo Censo C	Sector Colleiteiro Censo D
		B_1 < 400.000 l	B_2 > 400.000 l		
Nº vogais	3	2	1	3	1
Vogais e candidaturas	CARLOS BASALO VIDAL (UUAA-UPA) WENCESLAO LABRADOR GUNTÍN (UUAA-UPA) GIL MARTÍNEZ C.B. (ASAGA)	BODEGA MATARROMERA,S.L. BODEGAS NAIROA,S.L. (ASAGA)	BODEGAS ALANÍS,S.L.U. (C.I. DE BODEGAS)	CONCEPCIÓN IGLESIAS POUSA VIÑA COSTEIRA,S.C.G. JOSE MARÍA CASAS AMIL (COOP. VIÑA COSTEIRA)	BODEGAS VAL DE SOUTO,S.L. (Asociación Galega de Vitinicultura Artesanal)

Resultado final (10):

ASAGA: 3
UUAA-UPA: 2
C.I. DE BODEGAS: 1
COOP. VIÑA COSTEIRA: 3
Asociación Galega de Vitinicultura Artesanal: 1

Candidatura única	Eleccións
7	3

CONSELLO REGULADOR DA DO VALDEORRAS

	Sector produtor Censo A		Sector Industrial Censo B		Sector cooperativo Censo C
	A_1 Maior volume	A_2 Resto	B_1 Maior volume	B_2 Resto	
Nº vogais	2	1	2	1	2
Vogais e candidaturas	ANTONIO GARCÍA FERNÁNDEZ (SLG) IVÁN RODRÍGUEZ ÁLVAREZ (C.I. Vit. indep.. de Valdeorras)	RICARDO DOBAO MACÍA (C.I. Vit. Indep.de Valdeorras)	SANTA MARTA S.A.T (C.I. POR DO VALDEORRAS DE PRESTIGIO Y MAYOR CALIDAD) ADEGA A COROA S.A.T (C.I. RUVIRCO)	BODEGAS GODEVAL S.L (C.I. ADEGAS CALIDADE VALD.)	BODEGA COOP. JESÚS NAZARENO SCG BODEGA COOP. VIRGEN DE LAS VIÑAS SCG (AGACA)

Resultado final (8):

SLG: 1
C.I. Ruvirco: 1
C.I. por DO Valdeorras de Prestigio y Mayor Calidad: 1
C.I. Viticultores independentes de Valdeorras: 2
C.I. Adegas Calidade Valdeorras: 1
AGACA.: 2

Candidatura única	Pactos electorais	Eleccións
2	2	4

CONSELLO REGULADOR DAS INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS DE AUGARDENTES E LICORES TRADICIONAIS DE GALICIA

	Produtores subprodutos vinificación Censo B_1	Instalacións de destilado Censo B_2	Instalacións de elaboración e envasado Censo B_3
Nº vogais	2	3	5
Vogais e candidaturas	VIÑA MORAIMA S.C.G BODEGAS TERRAS GAUDA, S.A (C.P. Augardentes e Licores de Galicia)	DESTILERÍAS DEL SALNÉS, S.L PAZO DE SEÑORÁNS, S.L ADEGAS MOURE, S.A (C.P. Augardentes e Licores de Galicia)	DESTILERÍAS CANDAMIO, S.L VIÑA BLANCA DEL SALNÉS, S.A. PAZO DE VALDOMIÑO, S.A. QUINTA COUSELO, S.L. BODEGA GIL ARMADA, S.L (C.P. Augardentes e Licores de Galicia)

Resultado final (10):

C.P. Augardentes e Licores de Galicia: 10

Candidatura única
10

CONSELLO REGULADOR DA DOP ARZÚA - ULLOA

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B	
		B_1 Instalacións menor produción	B_2 Resto instalacións
Nº vogais	3	3	3
Vogais e candidaturas	VIGIDE, S.C. JAVIER PAMPÍN VÁZQUEZ (UUAA-UPA) MARÍA PILAR BLANCO FUENTES (ASAGA)	XOSÉ LUIS CARRERA VALÍN ANTONIO FERREIRO FERREIRO S.A.T. QUEINAGA Nº871 XUGA (LISTA CONXUNTA C.I.PEQUENAS QUEIXERÍAS DA DOP ARZÚA-ULLOA E C.I. QUEIXERÍAS DA DOP ARZÚA-ULLOA)	QUEIZUAR, S.L. QUEIXERÍA ARTESANAL RUTA XACOBEA, S.L. QUEIXERÍA BARRAL S.L.U. (C.I. "QUEIXERÍAS DA DOP ARZÚA-ULLOA)

Resultado final (9):

UUAA-UPA: 2
ASAGA: 1
C.I. QUEIXERÍAS DA DOP ARZÚA-ULLOA: 3
LISTA CONXUNTA C.I.PEQUENAS QUEIXERÍAS DA DOP ARZÚA-ULLOA E C.I. QUEIXERÍAS DA DOP ARZÚA-ULLOA: 3

Candidatura única	Pactos electorais
3	6

CONSELLO REGULADOR DA DOP QUEIXO TETILLA

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B
Nº vogais	3	5
Vogais e candidaturas	VIGIDE, S.C. JOSÉ RANDOLFE VILARIÑO (UUAA-UPA) MARÍA JESUSA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (ASAGA)	S.A.T. QUEINAGA Nº 871 XUGA QUEIXERÍA BARRAL, S.L.U. LÁCTEOS FERRADO VERDE, S.L. QUEIZUAR, S.L. LÁCTEOS ANZUXAO, S.L (QUEIXERÍAS DA D.O.P. QUEIXO TETILLA)

Resultado final (8):

UUAA-UPA: 2
ASAGA: 1
QUEIXERÍAS DA D.O.P. QUEIXO TETILLA: 5

Candidatura única	Pactos electorais
5	3

CONSELLO REGULADOR DA DOP SAN SIMÓN DA COSTA

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B
Nº vogais	2	5
Vogais e candidaturas	MARIA HERMIDA DÍAZ HERMANOS PRADO CARRACEDO C.B. (UUAA-UPA)	DANIBERTO S.A.T. QUEIXERÍA PRESTES S.L. CRISANTO S.A.T. QUEIXERÍA CAS LEIRAS S.L. CRISTINA ROMÁN CANDAMIL (C.I. Queixeiros de San Simón)

Resultado final (7):

UUAA-UPA: 2
C.I. Queixeiros de San Simón: 5

Candidatura única
7

CONSELLO REGULADOR DA IXP PATACA DE GALICIA

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B
Nº vogais	5	5
Vogais e candidaturas	MARCOS NOGUEIRAS RODRIGUEZ (FRUGA) JOSÉ MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (SLG) MONTEROS SC (ASAGA) AMADOR DÍAZ PENÍN JOSÉ RAMÓN GIL PAZ (UUAA-UPA)	PATATAS CONDE S.L. GALLEGA DE PATATAS S.L.U. PATATAS Y CEBOLLAS GANDARA S.C. PATATAS FRITAS GUAYS S.L. AGROCEBOLA S.L (C.I. Envasadores de Patacas de Galicia)

Resultado final (10):

UUAA-UPA: 2
ASAGA: 1
SLG: 1
FRUGA: 1
C.I. Envasadores de Patacas de Galicia: 5

Candidatura única	Pactos electorais
5	5

CONSELLO REGULADOR DA IXP MEL DE GALICIA

	Sector produtor Censo A			Sector Industrial Censo B	
	A_1 nº colmeas <150	A_2 nº colmeas 150<n≤400	A_3 nº colmeas > 400	B_1 < 50.000 kg	B_2 > 50.000 kg
Nº vogais	1	1	2	3	2
Vogais e candidaturas	JOSÉ Mª SEIJO COELLO (AGRUP. APÍCOLA DE GALICIA)	FERNANDO FERNÁNDEZ GARCÍA (Erica Mel, S.C.G.)	XOSÉ MANUEL CORNES SUÁREZ (Erica Mel, S.C.G.) JOSE MANUEL FERNÁNDEZ SANDE (AGRUP. APÍCOLA DE GALICIA)	SOUTO VIVO, C.B. ANTONIO GÓMEZ TAPIA DAVID LIÑARES GONZÁLEZ (AGRUP. APÍCOLA DE GALICIA)	ERICA MEL, S.C.G (Erica Mel, S.C.G.) GONZÁLEZ CARBALLAL, S.L. (AGRUP. APÍCOLA DE GALICIA)

Resultado final (9):

Agrupación Apícola de Galicia: 6
Erica Mel, S.C.G.: 3

Pactos electorais	Eleccións
7	2

CONSELLO REGULADOR DA IXP PAN DE CEA

	Elaboradores Censo único (B)
Nº vogais	4
Vogais e candidaturas	JUAN LUIS CALVIÑO TESTA MARÍA JOSÉ REBOREDO FERRADÁS MARÍA JESÚS MOSQUERA SÁNCHEZ ANA MARÍA GONZÁLEZ GONZÁLEZ (Elaboradores independientes de CEA)

Resultado final (4):

Elaboradores independientes de CEA: 4

Candidatura única
4

CONSELLO REGULADOR DA IXP CASTAÑA DE GALICIA

	Produtores Censo A	Comercializadores en fresco Censo B_1	Instalacións de procesamento Censo B_2
Nº vogais	6	3	3
Candidaturas	JOSÉ MARÍA LAGO CABO VILABERRIES SAT ADELINA GARCÍA GARCÍA (ASAGA) MARÍA PÁEZ PÉREZ FRANCISCO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ SANTIAGO BARJA BARJA (UUAA-UPA)	CASTAÑAS BARREDO, S.L. CASTAÑAS RAFAEL, S.L. PATATAS PUGA VERÍN, S.L (C.I. Procesadores de Castaña de Galicia)	ALIBÓS GALICIA, S.L. CUEVAS Y CÍA, S.A. MIGUEL AREÁN E HIJOS, S.L. (C.I. Procesadores de Castaña de Galicia)

Resultado final (12):

ASAGA: 3
UUAA-UPA: 3
C.I. Procesadores de Castaña de Galicia: 6

Candidatura única	Pactos electorais
6	6

CONSELLO REGULADOR DAS INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS PROTEXIDAS DE CARNE DE VACÚN DE GALICIA

	Sector produtor Censo A		Sector industrial			
	Gandarías A_1	Cebadoiros A_2	Matadoiros Censo B ≤2000 B_1	Matadoiros Censo B >2000 B_2	Salas de despezamento Censo D	Grosistas e retallistas Censo E
Nº vogais	5	3	1	3	2	2
Vogais e candidaturas	SANTIAGO REGO TEIJEIRO FRANCISCO RIVAS FERNÁNDEZ (ASOC. GANDEIROS GALEGOS DE SUPREMA) HERMANOS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, S.C.G. NAZARET CHAÍN ÁLVAREZ (UUAA) SAMUEL FORMOSO SALGADO (SLG)	GONZÁLEZ COELLO, S.C. GUDIAGRO, S.L. FINCA IDREIRA, S.L. (ASAGA)	FRIGORÍFICOS DEL LEA S.L (ASOGACARNE)	MATADERO CARBALLIÑO, S.L. NOVAFRIGSA, S.A. MATADERO GENERAL Y FRIGORÍFICO BAIXO MIÑO, S.L (ASOGACARNE)	VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U. ALBRESA, S.L (ASOGACARNE)	GADISA RETAIL, S.L.U. ALFREDO GALVÁN, S.L. (ASOGACARNE)

Resultado final (16):

Asociación Gandeiros Galegos de Suprema: 2
UUAA-UPA: 2
SLG: 1
ASAGA: 3
Asociación Gallega de la Carne (ASOGACARNE): 8

Candidatura única	Eleccións
11	5

CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA

	Sector Produtor		Sector Industrial			Sector Comercializador
	Expl. agrícolas Censo A_1	Expl. Gandeiras Censo A_2	<100.000 € Censo B_1	100.000€ a 600.000 € Censo B_2	>600.000 Censo B_3	Censo D
Nº vogais	3	3	1	2	3	1
Vogais e candidaturas	GRANXAS DE LOUSADA S.C. (SLG) MÓNICA BREY BALTAR (UUAA-UPA) HORSAL, S. COOP. GALEGA (ASAGA)	CASA BÉRTOLO S.C (SLG) GANADOS A CERNADA S.C (UUAA-UPA) GANADERÍA CASA ANXEL S.L (ASAGA)	CELTAVERDE S.L. (ASOCIACIÓN CLÚSTER DA ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA DE GALICIA)	CAMPEROS VILALBA S.L. NOVAFRIGSA S.A. (ASOCIACIÓN CLÚSTER DA ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA DE GALICIA)	ALIBÓS GALICIA S.L. LECHE DE GALICIA S.L.U. PORTO-MUÍÑOS S.L. (ASOCIACIÓN CLÚSTER DA ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA DE GALICIA)	DIME SALNÉS S.L. (ASOCIACIÓN CLÚSTER DA ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA DE GALICIA)

Resultado final (13):

ASAGA: 2
UUAA-UPA: 2
SLG:2
ASOCIACIÓN CLÚSTER DA ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA DE GALICIA: 7

Candidatura única	Pactos electorais
7	6

De acordo co calendario electoral, entre os días 27 de febreiro de 10 de marzo constituíronse os plenos dos quince consellos reguladores. En todos os casos, a sesión foi presidida director da Axencia, logo de ser designado para o efecto polo Conselleiro do Medio Rural. Nesa sesión, na que se necesitaba un quórum de dous terzos, cada pleno elixiu as persoas que ocuparían a presidencia e a/s vicepresidencia/s. As persoas elixidas foron logo nomeadas mediante a Orde da Consellería do Medio Rural do 14 de marzo de 2023, que se publicou no DOG do día 17.03.2023.

Expedición de carnés de inspectores dos consellos reguladores

O artigo 54.1 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, establecía que o persoal dos consellos reguladores que realice funcións inspectoras terá a consideración de axente da autoridade no exercicio das ditas funcións, para o que deberá estar habilitado pola Consellería do Medio Rural. A dita habilitación regulouse a través da Orde do 26 de xaneiro de 2006, pola que se regulan os carnés de acreditación da inspección en materia agroalimentaria.

Conforme a iso, dende o Departamento de Protección da Calidade Diferenciada expídense os carnés para acreditar ao persoal que realiza labores de inspección nos consellos reguladores. Así, no ano 2023 foron un total de 59 carnés emitidos, incluíndo tanto persoal eventual contratado en campaña -principalmente inspectores das denominacións vitivinícolas contratados en vendima- como persoal fixo, dun total de 9 denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.

Observacións a solicitudes de marcas presentadas na OEPM (Oficina española de patentes e marcas) e na EUIPO (Oficina europea da propiedade industrial)

Esta acción realízase conxuntamente cos servizos territoriais de Industrias, Calidade e Cadea Agroalimentaria. Cada provincia encárgase da revisión un día á semana do Boletín Oficial da propiedade Industrial (BOPI) e de enviar un breve informe cando detectan solicitudes de marcas que puidesen entrar en conflito cos nosos produtos de calidade diferenciada ou, en xeral, coa política de defensa do prestixio da produción agroalimentaria galega.

Na Área de Calidade Alimentaria revísanse estes informes e propostas e redáctanse os escritos de observacións de terceiros, en base ao artigo 5.1 da Lei 17/2001 do 7 de decembro de 2001, de Marcas. Estes escritos preséntanse na OEPM por vía telemática a través da súa oficina virtual.

Durante o ano 2023 presentáronse 18 escritos de observacións de terceiros baseados no artigo 5.1 da Lei 17/2001. Neste apartado a lei recolle ata 14 motivos de prohibición absoluta ao rexistro. A maioría das observacións de terceiros que presentamos están baseadas no apartado g), que se refire ao caso no que a marca que se pretende rexistrar pode inducir ao público a confusión sobre a natureza, a calidade ou a orixe xeográfica do produto ou do servizo.

No pasado ano detectáronse 8 marcas que facían mención á orixe galega do produto ou a outras orixes xeográficas referidas a ámbitos territoriais menores (localidades, comarcas, provincias, etc.) incluídos no territorio da comunidade autónoma. Estas observación están tamén baseadas no Decreto 124/2010, do 15 de xullo, polo que se regulan as mencións relativas á orixe ou procedencia galega na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimentarios.

Ademais, durante ese ano presentáronse 3 escritos de observacións de marcas que facían referencia ao método de produción artesanal; 3 relativas ao uso de nomes de variedades de uva e 2 con mencións que poderían inducir a confusión ao consumidor en canto a indicacións xeográficas protexidas, baseadas no apartado h do artigo 5.1. Unha afectaba á imaxe da IXP Tarta de Santiago e outra ao Capón de Vilalba.

A OEPM contestou mediante resolución 11 destes escritos enviados pola Axencia. Estas resolucións foron de denegación da marca en 8 casos. Nos 3 restantes a resolución foi de concesión tras a modificación ou limitación voluntaria por parte dos solicitantes.

Recollida de datos estatísticos e elaboración de informes

O capítulo V do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores recolle o réxime económico e contable destes organismos así como o control da súa actividade.

No seu artigo 30 establécese que os consellos reguladores elaborarán e aprobarán, dentro do último trimestre de cada exercicio, o orzamento do exercicio seguinte. Ademais, tamén de acordo co artigo 30, elaborarán anualmente, dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, unha memoria de actividades realizadas durante o ano inmediatamente anterior e a liquidación orzamentaria do exercicio vencido. Estes documentos deben ser remitidos á consellería competente en materia de agricultura, que exerce a tutela administrativa dos consellos reguladores agroalimentarios.

De acordo co anterior, o Departamento de Promoción da Calidade Alimentaria recibe periodicamente a dita documentación, remitida polos consellos reguladores, así como outra información complementaria que se lles solicita para a elaboración de estatísticas diversas, tanto da propia Administración Autonómica como a demandada pola Administración Xeral do Estado, que se pode consultar en [https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/calidad-diferenciada/].

Coa información recibida, anualmente elabóranse unhas fichas técnicas co resumo dos datos máis relevantes de cada produto de calidade diferenciada e dos correspondentes consellos reguladores, fichas que posteriormente son colgadas na web da Axencia para xeral coñecemento (URL: https://agacal.xunta.gal/gl/calidade-alimentaria).

Durante o ano 2023 fíxose a recollida e o tratamento de datos correspondentes ao ano precedente. Como resumo xeral dos datos estatísticos máis salientables relativos aos produtos de calidade presentamos a seguinte táboa, que reflicte a importancia, tanto dende o punto de vista económico como social, do sector das producións de calidade, nas que están implicados preto de 25.000 produtores primarios, moitos deles titulares de pequenas explotacións familiares, e máis de 1.200 industrias, que comercializan produtos por valor de máis de máis 630 millóns de €. Ademais, estas producións teñen un gran valor intanxible, na medida en que serven para crear a imaxe de calidade que a produción alimentaria galega ten, en xeral, no resto de España, polo que hai un efecto inducido para o resto da produción alimentaria galega e mesmo para a imaxe xeral da nosa comunidade autónoma.

ANO 2022	Produtores inscritos	Industrias inscritas	Superficie inscrita (ha)	Superficie plantada (ha)	Volume comercializado	Valor (€)
D.O. Monterrei (hl)	362	28	691,0	691,0	47.116,00	22.662.984,00
D.O. Rías Baixas (hl)	5.011	179	4.321,8	4.321,8	283.048,53	190.774.709,00
D.O. Ribeira Sacra (hl)	2.217	95	1.267	1.267	38.520,36	21.854.187,00
D.O. Ribeiro (hl)	1.643	101	1.281,3	1.110	69.908,25	30.966.799,00
D.O. Valdeorras (hl)	1.024	43	1.145,0	1.018	46.520,00	32.471.999,00
I.X.P. Barbanza e Iria (hl)	12	5	8,23	8,2	312,28	124.912,00
I.X.P. Betanzos (hl)	8	6	7,0	7,0	81,87	32.748,00
I.X.P. Ribeiras do Morrazo (hl)	18	5	8,6	8,6	274,70	109.880,00
I.X.P. Terras do Navia (hl)	4	3	3,7	3,7	0,00	0,00
I.X.P Val do Miño-Ourense (hl)	7	3		10,5	224,00	89.600,00
Viños						**299.087.818,00**
I.X. Augardente de Galicia / Orujo de Galicia (l)	133	30			96.935,00	1.173.395,00
I.X. Augardente de Herbas de Galicia (l)					6.844,54	82.134,48
I.X. Licor Café de Galicia (l)					144.222,50	1.586.447,50
I.X. Licor de Herbas de Galicia (l)					133.091,93	1.464.011,23
Licores						**4.305.988,21**
I.X.P. Castaña de Galicia (kg)	164	16	1.371,3		24.605,20	248.698,31
I.X.P. Faba de Lourenzá (kg)	38	8	138,9	32,9	20.179,50	181.615,50
I.X.P. Grelos de Galicia (kg)	177	9	663,3	65,7	202.124,40	404.248,80
I.X.P. Pataca de Galicia (kg)	90	12	3.392	696,0	6.266.520,00	3.133.260,00
D.O.P. Pemento de Herbón (kg)	26	9	22,2	5,7	76.406,30	305.625,20
I.X.P. Pemento da Arnoia (kg)	18	1	3,6	0,301	1.985,75	2.978,63
I.X.P. Pemento de Mougán (kg)	8	5	5,1	0,14	1.189,40	4.757,60
I.X.P. Pemento de Oímbra (kg)	13	2	14,5	0,80	7.604,00	8.283,60
I.X.P. Pemento do Couto (kg)	26	4	4,2	1,47	29.122,00	87.365,00
Prod vexetais						**4.376.832,64**
I.X.P. Ternera Gallega (tm)	8.062	100			23.203,00	157.780.000,00
I.X.P. Vaca e Boi Galego (tm)	501	36			214,00	1.176.900,00
I.X.P. Lacón Gallego (kg)	191	15			10.883,00	74.004,40
Carnes						**159.030.904,40**
D.O.P. Arzúa-Ulloa (kg)	1.513	16			3.964.989,00	29.737.417,50
D.O.P. Cebreiro (kg)	9	3			54.820,00	657.172,00
D.O.P. San Simón da Costa (kg)	380	9			605.566,95	4.238.968,65
D.O.P. Queixo Tetilla (kg)	725	25			1.895.160,00	14.213.700,00
I.X.P. Mel de Galicia (kg)	271	39			180.955,00	1.628.598,15
Queixos e meles						**50.475.856,30**
I.X.P. Tarta de Santiago (kg)		9			91.048,74	819.438,62
I.X.P. Pan Galego (kg)	70	27	1.337	459	23.450,00	89.110,00
I.X.P. Pan de Cea (kg)		13			388.971,00	1.089.118,50
Panaderia e reposteria						**1.997.667,12**
TOTAL sen A Ecoloxica						519.275.066,67
Agricultura Ecolóxica	1142	364	46.626,82			112.900.267,72
TOTAL	**23.863**	**1.220**	**62.313,2**		**14.736.097,20**	**632.175.334,39**

Resumo dos principais datos estatísticos correspondentes ás denominacións de calidade en 2022.

Destacan, dentro das producións de calidade, as cinco denominacións de orixe vitivinícolas, cun valor do viño comercializado en 2022 de case 300 millóns de euros, o que supón aproximadamente o 50 % do valor total das producións de calidade; e dentro delas sobresae particularmente a DO Rías Baixas, cun valor da produción comercializada en 2022 superior aos 190 millóns de euros, un 30 % do total do valor dos produtos de calidade.

A outra gran denominación de calidade galega en termos económicos é a indicación xeográfica protexida *Ternera Gallega*, cunha produción que superou en 2022 o valor de 157 millóns de euros, o que representa case un terzo da facturación total do sector dos produtos de calidade. Por último, tamén cada vez é máis relevante a achega da produción ecolóxica, que en 2022 acadou unha cifra superior aos 112 millóns de euros de valor da produción.

Informe da vendima 2023: datos produtivos e programa de control específico desenvolvido

Ao final de cada campaña vitivinícola realízase un informe de vendima das cinco denominacións de orixe galegas. Ademais, faise unha análise da evolución da produción de uva nas distintas denominacións de orixe, así como a distribución varietal, relátanse os problemas que se deron na campaña e faise unha valoración xeral desta.

Como resumo da vendima de 2023 podemos dicir que no conxunto das cinco denominacións de orixe galegas recolléronse un total de 75.425.734 kg de uva, dos que 66.291.952 kg (88 %) foron de uva branca e 9.133.782 kg (12 %) de tinta. Estamos ante a colleita máis abondosa do decenio 2014-2023 e a segunda máis grande da historia do conxunto das cinco denominacións de orixe, só superada pola de 2011. A cantidade de uva recollida supera nun 18% a media do decenio 2014-2023.



No seguinte gráfico recollemos a evolución da produción nos últimos 10 anos en cada unha das cinco denominacións de orixe.



No seguinte gráfico pódese apreciar máis claramente o peso relativo de cada denominación de orixe no total vendimado. A denominación de orixe Rías Baixas é a que lidera a produción, acumulando este ano o 59 % do total da uva recollida.



Como se pode ver, a denominación de orixe Ribeiro ocupa a segunda posición e as tres restantes tiveron cantidades de uva recollida bastante similares.

Un ano máis hai que salientar a elevada participación das uvas de variedades autóctonas no conxunto da vendima. En particular, son de destacar dúas variedades, a Albariño, que

supón o 66 % do total das uvas brancas, e a Mencía, que representa o 77 % das uvas tintas.

Como cada ano, os labores da vendima mobilizaron a un elevado número de produtores. Así, no conxunto das cinco denominacións de orixe, a vendima implicou a preto de 7.500 explotacións vitícolas e a máis de 400 adegas. Por outra parte, para os labores de control os consellos reguladores empregaron máis de 70 persoas entre o persoal fixo e os eventuais contratados especificamente con este cometido.

Ademais, e por quinto ano consecutivo, a Consellería do Medio Rural -a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria- activou, en coordinación cos consellos reguladores e como reforzo do seu control, un plan de controis na vendima para asegurar e preservar a calidade dos viños das denominacións de orixe galegas.

Este é un plan propio da Xunta, ao cal destinou este ano preto de 200.000 euros, cuxo principal obxectivo é evitar situacións fraudulentas que se poidan producir desvirtuando o sistema xeral de control da calidade e a orixe das materias primas coas que se elaboran os viños galegos con denominación de orixe.

Para este control contouse cun equipo -semellante ao do pasado ano- formado por dezanove persoas, das cales quince eran inspectores de campo (capataces), tres técnicos e unha coordinadora. Este programa púxose en marcha en coordinación con todos os consellos reguladores de cada unha das cinco denominacións de orixe, que contan tamén, como dixemos, con persoal propio -fixo e eventual- para os labores de control.

Estas actuacións consistiron en inspeccións a viñedos, a adegas, control de transportes, verificación de cargas e descargas, controis en centros de almacenamento, controis de aforos e vixilancias nocturnas e diúrnas.

Este persoal despregado pola Consellería do Medio Rural grazas a unha asistencia técnica coa empresa pública Seaga, realizou o control sobre, aproximadamente, 2.500 parcelas, que corresponden a cerca de 130 viticultores das diferentes denominacións. Ademais, ao persoal de Seaga encomendáronselle labores de seguimento das operacións de carga e descarga de mosto e viño (119 controis) e a realización de aforos en máis de 100 adegas. Por último, tamén se efectuaron un total de 80 visitas a centros de almacenamento de uva.

Unha parte moi importante do control levouse a cabo durante a propia vendima, co fin de verificar a entrada da uva nas adegas, a súa procedencia e a produción máxima que establece cada prego de condicións para as distintas variedades de uva de cada DO. Tamén se estimou a posible colleita para así ter información detallada e poder cotexar coa produción real que se entregaba en adega.

Así mesmo, realizáronse controis terrestres de uva nas proximidades das adegas e nas vías de comunicación na contorna das parcelas de vendima. Tamén se controlaron os centros de almacenamento ou postos de compra-venda de uva co fin de garantir que estivesen dados de alta no respectivo consello regulador.

Na seguinte táboa recóllese a información resumida dos controis efectuados mediante esta asistencia técnica ata o 22.09.2023 (data na que se pechou o informe de vendima para levalo ao Consello da xunta) e das incidencias atopadas.

Tipo de Control en Denominación de Orixe	RIAS BAIXAS	MONTERREI	VALDEORRAS	O RIBEIRO	RIBEIRA SACRA	TOTAL
CONTROL EN PARCELA	1203	236	226	573	259	2497
AFOROS ADEGAS	17	24	23	25	20	109
VITICULTORES ENQUISADOS	106	7	3	8	5	129
CARGAS E DESCARGAS DE MOSTO EN ADEGAS	79	12	0	28	0	119
VISITAS A PUNTOS DE ACOPIO	8	0	0	72	0	80

Como resultado dese control recolléronse unha serie de incidencias como: parcelas abandonadas, sen viñedo, con erros catastrais, con titularidade non coincidente, con erros na cabida, con variedades distintas das declaradas, non inscritas no consello regulador, con menor produción da declarada, etc. Todas estas incidencias serán avaliadas cos consellos reguladores para resolvelas.

Promoción da calidade alimentaria

B1	**Posta en marcha da Artesanía alimentaria**	
	B11	Desenvolvemento e posta en marcha dunha aplicación informática para a xestión do Rexistro de artesanía e das cartas de artesá/n
	B12	Aprobación da orde co primeiro grupo de normas técnicas (14) e co logotipo da artesanía alimentaria
	B13	Aprobación do manual de uso do logotipo da artesanía alimentaria
	B14	Certificación das primeiras empresas artesanais e expedición das primeiras cartas de artesá/n
B2	Impulso das novas indicacións xeográficas	
	B21	IXP Pan Galego: Posta do produto no mercado
	B22	IXP Pan Galego: Acadar o rexistro de 100 panaderías
	B23	Capón de Vilalba: aprobación do regulamento e constitución do consello regulador
	B24	Capón de Vilalba: posta no mercado das primeiras producións
	B25	Terras do Navia: publicación no DOG das ordes coa decisión favorable e de aprobación da protección nacional transitoria
	B27	Desenvolvemento dunha estratexia para a diferenciación e posta en valor dos produtos da horta galega
B3	Incrementar o grao de coñecemento das DOP/IXP/AE	
	B31	Realización de estudos de mercado de avaliación do coñecemento
	B32	Mellora da web "Experiencias de Calidade"
	B33	Incrementar a presenza nas RRSS
	B34	Realización de accións formativas (colexios, hostaleira, persoas consumidoras, etc.)
	B35	Realización de accións promocionais de carácter institucional
	B36	Realización de campañas de promoción en medios de comunicación
	B37	Organización das Catas-Concurso de Galicia (viños, augardentes e licores, queixos e mel)
	B38	Xestión das liñas de axuda para accións de promoción
B4	Impulso de accións de mercado	
	B41	Participación en feiras e outros eventos comerciais
	B42	Creación dunha plataforma para a promoción e venda on line dos produtos de calidade
B5	Incrementar o número de operadores e o valor da produción amparada por figuras de protección da calidade diferenciada	
	B51	Realización de accións de acompañamento e titorización
	B52	Realización de accións formativas
	B53	Realización de estudos e traballos técnicos
	B54	Convocar e xestionar axudas para os gastos de participación dos operadores nas figuras de protección da calidade diferenciada
	B55	Promover a realización de accións de cooperación entre consellos reguladores para a promoción conxunta
B6	Achega dos mellores recursos xenéticos autóctonos ás indicacións de calidade	
	B61	Realización de estudos e traballos técnicos
	B62	Realización de programas de multiplicación e reprodución

TAREFA	2021	2022	**2023**	2024	IND	OBX	RESULT 2023	ACUMULADO
B11					%	30	-	30
B12					Ano	2021	-	√
B13					Ano	2021	-	√
B14					Nº	100	53	76
B15					Ano	2023	En proceso	-
B21					Ano	2021	-	√
B22					Nº	100	-	22
B23					Ano	2021	-	-
B24					Ano	2022	-	-
B25					Ano	2021	-	√
B26					Ano	2024	2023	√
B27					Ano	2023	-	√
B31					Nº	2	1	2
B32					Δ visitas	30 %	>100%	√
B33					Δ RRSS	50 %	37 %	√
B34					Nº	45	60	111
B35					Nº	20	17	48
B36					Nº	4	2	4
B37					Nº	16	4	12
B38					€	12 M€	3,4	10
B41					Nº	10	10	24
B42					€	0,25M€	-	1.000
B43					Nº	3	3	4
B44					Nº	2	0	1
B51					Nº	220	9	37
B52					Nº	17	9	40
B53					Nº	20	5	13
B54					€	800000	222.685	591.350
B55					Nº	10	1	3
B61					Nº	17	0	4
B62					Nº	10	0	1

Posta en marcha da Artesanía alimentaria (B1)

Desenvolvemento e posta en marcha dunha aplicación informática para a xestión do Rexistro de artesanía e das cartas de artesá/n (B11)

Durante o ano 2022 estívose traballando no desenvolvemento evolutivo da aplicación AGACER e finalizouse o módulo de artesanía alimentaria, que abrangue tanto a xestión do rexistro de artesanía alimentaria como a xestión e emisión das Cartas de artesá/n, polo que podemos dar a tarefa por realizada.

Aprobación da orde co primeiro grupo de normas técnicas (14) e co logotipo da artesanía alimentaria (B12)

Tarefa rematada en 2022, coa publicación no DOG do día 4.03.2022 da Orde do 16 de febreiro de 2022 pola que se aproban diversas normas técnicas e os distintivos identificadores da artesanía alimentaria.

Aprobación do manual de uso do logotipo da artesanía alimentaria (B13)

Esta tarefa xa se deu tamén por rematada en 2022, coa publicación da Orde do 7 de setembro de 2022 pola que se aproba o Manual de uso dos distintivos da artesanía alimentaria que se publicou no DOG núm. 176 do día 15 de setembro.

Certificación das primeiras empresas artesanais e expedición das primeiras cartas de artesá/n (B14)

Despois de que en 2022, coa publicación das primeiras normas técnicas da Artesanía Alimentaria, se iniciase a inscrición dos primeiros operadores, en 2023 realizouse unha intensa actividade en relación coa inscrición de empresas no rexistro e coa expedición de cartas de persoas artesás. Así, expedíronse 80 cartas de persoa artesá e 53 empresas entraron a engrosar o rexistro de empresas artesanais coa presentación da correspondente declaración responsable e a súa verificación mediante auditoría.

Como resumo da situación podemos indicar que a 31 de decembro de 2023 o Rexistro da artesanía alimentaria contaba cun total de 97 empresas con declaración responsable presentada. Pola súa parte, o número total de cartas de persoa artesá expedidas acadou nesa data a cifra de 98.

Aprobación da orde co segundo grupo de normas técnicas da artesanía alimentaria (B15)

Durante o ano 2023 realizáronse multitude de reunións de diversos grupos de traballo con participación de empresas elaboradoras e técnicos da Axencia e da Consellería do Medio Rural para a redacción dun segundo grupo de normas técnicas que veñan a sumarse ás 14 xa aprobadas mediante a Orde do 16 de febreiro de 2022 xa citada.

Resultado da actividade deses grupos de traballo, en 2023 tíñanse redactado os borradores dun segundo grupo de normas técnicas, en concreto as normas correspondentes aos 12 seguintes produtos:

- Manteiga
- Vermú
- Vinagre de viño

- Licores, augardentes e outras bebidas espirituosas
- Vinagre de sidra
- Zumes
- Hidromel
- Pan
- Empanadas
- Fariñas
- Conservas e derivados da helicicultura
- Pratos preparados

Ademais, en 2023, dende a Axencia colaborouse coa Consellería do Mar na preparación dun borrador de norma técnica relativa ás conservas de peixe e mariscos.

A previsión é de que sexa no ano 2024 no que se culmine esta tarefa, coa aprobación destas novas normas técnicas. Nese momento, a práctica totalidade das actividades artesanais alimentarias terán unha norma publicada, o que permitira dar cobertura a todo o sector.

Impulso das novas indicacións xeográficas e outras marcas de calidade (B2)

IXP Pan Galego: Posta do produto no mercado (B21)

Mediante a Orde do 20 de xullo de 2020 aprobouse o Regulamento da indicación xeográfica protexida Pan Galego/Pan Gallego e do seu Consello Regulador e nomeouse o Consello Regulador provisorio. A partir dese momento comezou a ter actividade esta indicación xeográfica. Porén, a situación pandémica non favoreceu a actividade de captación de operadores para os diferentes rexistros (produtores de trigo e titulares de muíños e de panaderías) que era o obxectivo para os primeiros meses de actividade da indicación xeográfica. Fixéronse entón durante o ano 2021 traballos conducentes a animar aos potenciais operadores a inscribirse -entre elas, unha xornada técnica- e preparouse diverso material de merchandising e bolsas de papel coa imaxe da IXP, material todo para repartir entre os inscritos. Polo tanto, este lanzamento ao mercado retrasouse sobre as previsións iniciais e non puido realizarse ata o mes de marzo do ano 2022, momento no que se dá a tarefa por executada.

IXP Pan Galego: Acadar o rexistro de 100 panaderías (B22)

O ano 23 pechou cun número de no rexistro de instalacións de elaboración e despachos da IXP Pan Galego de 22 operadores. Estes operadores tiñan a esa data 44 instalacións de despacho de pan. Ademais, os produtores inscritos no Rexistro de parcelas de cultivo e almacéns de gran era de 73 e había 7 instalacións inscritas no Rexistro de muíños.

O número de panaderías inscritas non medrou respecto das que había ao finalizar o ano 2022 e está claramente por debaixo das expectativas que tiñamos, o que nos debe facer reflexionar en relación coas accións que se deben acometer para mellorar a situación.

Capón de Vilalba: aprobación do regulamento e constitución do consello regulador (B23)

A indicación xeográfica protexida Capón de Vilalba inscribiuse no rexistro europeo de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas mediante o Regulamento de execución (UE) nº 2017/1833 da Comisión, do 25 de setembro de 2017, que se publicou no Diario Oficial da Unión Europea o 10 de outubro dese ano.

A pesar do tempo transcorrido dende o rexistro, esta indicación xeográfica non puido iniciar aínda a súa actividade e por iso no mercado aínda non se pode atopar produto certificado. Isto é debido tanto á ausencia de instalacións industrias de sacrificio adaptadas ás características desta produción como á rixidez da normativa española en materia de hixiene. A aprobación do Real Decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios e se regulan actividades excluídas do seu ámbito de aplicación supuxo un cambio importante da situación, cambio que pode facilitar a produción de canais de aves en pequenas instalacións de sacrificio asociadas ás explotacións que cumpran uns requisitos de hixiene adaptados a estes pequenos volumes de produción. Esta nova situación legal, xunto coa perspectiva na zona dalgún proxecto inversor para a construción de instalacións de sacrificio adaptadas aos requisitos do Capón de Vilalba, motivan a necesidade de poñer en marcha esta indicación xeográfica protexida.

Para acadar este obxectivo, xa en 2022 se realizaran diversas reunións con posibles interesados nesta actividade e traballárase na redacción dun borrador de regulamento para a IXP e para o seu consello regulador, que os escasos operadores interesados asumiron como propio e presentaron o 19.04.2022 no Rexistro da Xunta de Galicia, xunto coa solicitude do nomeamento dos membros do consello regulador provisional.

Porén, a escasa implicación detectada de momento no sector e a perspectiva da aprobación da nova Lei da calidade alimentaria -hoxe unha realidade- que vai traer consigo a posibilidade de xestionar esta indicación xeográfica protexida sen a necesidade dun consello regulador, fixo que de momento a Consellería do Medio Rural non dese o paso de aprobar o regulamento presentado e nomear o consello regulador provisorio. Por iso, aínda que a Axencia ten feitas as actividades correspondentes a esta tarefa, non a podemos dar por realizada.

Capón de Vilalba: Posta no mercado das primeiras producións (B24)

Coherentemente co indicado no punto anterior, non podemos dar por realizada esta tarefa, que estaba programada inicialmente para o ano 2022. Agardamos que en 2024, coa Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria xa publicada, poidamos certificar xa produto acollido a esta indicación xeográfica protexida.

Terras do Navia: publicación no DOG das ordes coa decisión favorable e de aprobación da protección nacional transitoria (B25)

Xa en 2021, no DOG do día 11.06.2021, publicouse a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se adopta decisión favorable en relación coa solicitude de rexistro da indicación xeográfica protexida Terras do Navia. Cumprido este trámite, o expediente remitiuse, a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, á Comisión Europea, para o inicio da tramitación na fase comunitaria.

Mentres se desenvolvía esa tramitación, procedemos a tramitar a orde pola que se concedeu a protección nacional transitoria á indicación xeográfica protexida Terras do Navia, que se publicou no DOG núm. 138, do 20.07.2022 e no BOE núm. 179, do 27.07.2022, o que permitiu ter no mercado viños da colleita 2022 amparados con esta indicación xeográfica protexida. Por iso, esta tarefa xa quedara rematada en 2022.

Terras do Navia: publicación no DOUE do rexistro da IXP (B26)

Logo de remitido o expediente á Comisión Europea e tras contestar satisfactoriamente aos requirimentos de información complementaria que se nos realizaron, o 17 de outubro de 2022 publicouse a solicitude de inscrición no rexistro comunitario desta indicación xeográfica protexida no DOUE, abríndose o período de información pública e o prazo de eventuais oposicións dende calquera outro Estado membro, unha vez que a Comisión xa daba por correcto o expediente. A tramitación culminaría, xa en 2023, coa publicación no DOUE do día 15.02.2023 do Regulamento de execución (UE) 2023/337 da Comisión, do 8 de febreiro de 2023.

Polo tanto, esta tarefa esta plenamente executada un ano antes do programado.

Desenvolvemento dunha estratexia para a diferenciación e a posta en valor dos produtos da horta en Galicia (B27)

Como xa se indicou no informe anual correspondente ao ano pasado, esta acción quedou realizada en 2022.

Incremento do grao de coñecemento das DOP/IXP/AE (B3)

Realización de estudos de mercado de avaliación do coñecemento (B31)

Aínda que da contrato de xestión 2021-2024 da Axencia esta acción se concretaba na realización de dous estudos de mercado xerais, un ao inicio do período e outro ao final, pareceu conveniente facer unha re programación e darlle outra orientación a esta tarefa, de xeito que no ano 2022, como se recolleu no informe anual de execución correspondente, fíxose un estudo estratéxico sobre o sector cárnico galego. Como continuación a este traballo, e para seguir abordando o coñecemento de sectores estratéxicos do ámbito alimentario para Galicia, en 2023 realizouse un amplo estudo de mercado de ámbito estatal relativo aos viños galegos con denominación de orixe. Con este estudo complétase entón a tarefa trala súa re programación.

A continuación recollemos as consideracións finais que se recollen neste estudo:

- O último ano pechado a Setembro de 2023 viu como o crecemento tras a pandemia parouse e mostrou un lixeiro retroceso do volume de viño tranquilo. O lixeiro crecemento na canle de Hostalería non chegou a compensar a caída de volume en Alimentación.
- Houbo un incremento do prezo medio, tanto en Alimentación, como máis especialmente en Hostalería, onde o incremento do valor na canle foi dun +10,6%.
- Con todo, cando nos centramos en viños con D.O. non houbo crecemento do mercado do viño na canle de Hostalería (+0,0%), mentres que na canle de Alimentación obsérvase unha caída do 4,1%.
- Dada a importancia que a canle de Hostalería ten para os viños de maior valor, onde os viños das DO's de Galicia teñen maior relevancia, o peso relativo desta canle nas diferentes Denominacións marcou en gran medida a súa tendencia no último ano.
- Considerando o contexto do mercado, os viños con D.O. de Galicia reduciron as súas vendas (-1,0%), aumentando 0,1 puntos de cota en volume. Sitúanse cun 6,8 % do volume de viño con D.O. As DDOO por Comunidade Autónoma que máis cota gañan no último ano foron Castilla – La Mancha (+0,3 ptos), grazas á súa relevancia na canle de Alimentación e a súa ganancia de +0,9 puntos nesta canle. Tras estes movementos, o mercado continúa liderado por Castilla y León (27,6%) seguida de La Rioja (27,5%) e Castilla – La Mancha (13,5%).
- En termos de valor, a cota de Galicia gaña 0,7 puntos ata un 9,6%, afianzándose en terceira posición da clasificación tras Castilla y León (31,5%) e La Rioja (31,3%).
- Na canle de Alimentación os viños con DO de Galicia baixaron ata un 4,3% de cota (-0,7 ptos vs a.a.). A clasificación lidéraa La Rioja cun 25,5% de cota (+0,3 ptos vs a.a.), seguida de Castilla y León cun 23,8% de participación (+0,1 ptos vs a.a.) e Castilla-La Mancha cun 21,3% de cota (+0,9 ptos vs a.a.).

- En Hostalería, os viños con DO de Galicia sitúanse en terceira posición da clasificación cun forte incremento de cota, de +1,2 ptos no último ano, subindo ata o 10,3% do volume. Castilla y León e La Rioja completan o top3 con 32,8% e 30,2% de cota, respectivamente. Ambas perden participación (-0,3 e -0,6 ptos respectivamente).
- Como comentamos, os viños con DO de Galicia experimentaron un incremento de cota de mercado no último ano de +0,1 puntos. Con todo, mostrou caída de participación nos brancos, cunha caída no segmento de 0,5 puntos.
- Na canle de Alimentación, onde os viños de Galicia diminuíron as súas vendas un 18,2% (con maior caída que a media da canle), o prezo medio situouse moi por encima do resto de Comunidades Autónomas. En Hostalería, o crecemento foi dun 12,4%, cun incremento dos prezos máis moderado que en Alimentación.
- Por zonas xeográficas, os viños con DO de Galicia melloraron a súa participación só no seu territorio principal (Área 5), mentres que perderon cota no resto do territorio nacional.
- O reto dos viños con DO de Galicia, ademais de recuperar participación no resto de territorios, pasa por:

    - Afianzar o seu posicionamento en Hostalería nunha contorna complexa e de ameazas na canle. Afianzar os novos hábitos (tardeo, terrazas, desestacionalización, etc).
    - Ampliación do noso *Target*, non só rexionalmente, senón converternos en referente para as mulleres e mozos.
    - Se a tendencia en Horeca volve ser negativa, recuperar o consumo máis premium no fogar (novos momentos de consumo), grazas ao posicionamento que xa teñen os viños galegos.
    - Recuperar o posicionamento nos lineais de Alimentación (físico e en liña), perdido no último ano e clave para ser o referente da *premiumización* do consumo no fogar

Mellora da Web "Experiencias de Calidade" (B32)

A web Experiencias de calidade nace a finais de 2021 cunha vocación claramente promocional, incorporando a posibilidade da relación comercial directa entre comprador e vendedor. A dispoñibilidade para a venda require da autorización previa do produtor. A incorporación de produtores á venda directa a través deste ciclo curto abarca, en 2022, ás DO/IXP de viños, augardentes e licores tradicionais, queixos e meles.

Ao longo de 2023 se realizan melloras na información subministrada e no repertorio de servicios dispoñibles, que se acompañan dunha campaña de promoción da web. Como resultado, a páxina pasou de ter 7.884 usuarios en 2022 a 73.813 en 2023, e de 10.155 sesións en 2022 a 80.504 en 2023. Estas cifras amosan un crecemento substantivo no impacto público da web, que redunda nun maior coñecemento dos produtos galegos de

calidade diferenciada. A web mantén a posibilidade de compra on line dos produtos nunha relación directa consumidor-produtor. Porén, a súa función esencial segue a ser, coma sempre, de carácter promocional e non comercial.



Presenza nas redes sociais (B33)

Entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023 as redes sociais da Axencia Galega da Calidade Alimentaria continuaron cunha evolución estable a pesar do contexto de baixada de alcance propiciado polos cambios no algoritmo das plataformas no que está presente. A súa comunidade aumentou nun 37%, mentres que as persoas alcanzadas baixaron un -60% e as visualizacións nun -39%. A razón deste descenso foi o dito cambio na estratexia de comunicación que implicou o inicio a mediados de 2023 dunha nova empresa na xestión das redes.

As persoas que maioritariamente seguen os contidos da Axencia nas redes son mulleres de entre 35 e 54 anos, que viven nas grandes cidades galegas e nas súas contornas.

Facebook

Entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2023 as redes sociais da Axencia Galega da Calidade Alimentaria experimentaron un amplo avance. A súa comunidade aumentou nun 18,51%, superando por primeira vez a barreira das 4.000 persoas (4.244) e continúa aumentando a bo ritmo.

As persoas alcanzadas foi do -65% e as visualizacións un -36%. Pola súa parte, a taxa de interaccións alcanzou o 5%, unha boa proporción para este tamaño de comunidade e tendo en conta o contexto antes descrito. Rexistráronse máis de 10.937 reaccións ás publicacións e máis de 305 clics nas ligazóns.

Métrica	31/12/2020	31/12/2021	31/12/2022	31/12/2023	Δ 22 / 23	Δ 20/ 23
Comunidade	1.234	2.354	3.581	4.244	18,51%	243,92%
Alcance posts	77.868	342.703	686.663	23.6213	-65,60%	203,35%
Visualizacións post	90.979	426.761	418.500	266.708	-36,27%	193,15%
Taxa interacción	6%	9%	8%	5%	-42,50%	-23,33%

Datos facebook - evolución 31 decembro 2020 - 31 decembro 2023

En Facebook, o 65,51% da comunidade son mulleres e o intervalo de idades con máis peso (agrupa ao 67% do total) é o situado entre os 35 e 54 anos. A audiencia procede, na súa maioría de contornas urbanas, como as sete grandes cidades galegas, que se sitúan en primeiro lugar, e tamén de núcleos de poboación importantes en áreas rurais, como Ames ou Monforte de Lemos. Madrid tamén se cola entre as cidades que máis visitan a nosa páxina. Co 98% do total, España é o país que máis público achega.

Instagram

No período anual analizado neste informe, a comunidade nesta plataforma incrementouse nun 65,51%, superando a fronteira das 3.500 persoas seguidoras. As persoas alcanzadas aproximáronse ás 132.000 e as visualizacións foron preto de 154.000, con baixadas do 48,44% e o 44,84%, respectivamente. A interacción foi elevada, do 12,63%.

Métrica	31/12/2020	31/12/2021	31/12/2022	31/12/2023	Δ 22 / 23	Δ 20/ 23
Comunidade	632	1681	2267	3752	65,51%	493,67%
Alcance posts	20.716	80.366	256.500	132.244	-48,44%	538,37%
Visualizacións post	23.780	51.6261	279.850	154.365	-44,84%	549,14%
Taxa interacción	11%	10%	9%	12,63%	41,91%	14,82%

Datos Instagram - evolución 31 decembro 2020 - 31 decembro 2021

Sobre o perfil da audiencia nesta plataforma, das persoas que informan sobre o seu sexo, o 63,7 % son mulleres e o 36,3 % homes. O intervalo de idades no que se concentra máis da metade da comunidade sitúase entre os 35 e 54 anos (o 62% do total). A audiencia procede maioritariamente da cidade de Madrid. A estas séguena os grandes núcleos urbanos galegos. En canto aos países, España é o que máis público achega, co 95%.

O resumo total da actividade nas redes sociais sería o seguinte:

Métrica	31/12/2020	31/12/2021	31/12/2022	31/12/2023	Δ 22 / 23	Δ 20/ 23
Comunidade	1866	4035	5848	7996	36,73%	328,51%
Alcance posts	98584	423069	943163	368457	-60,93%	273,75%
Visualizacións post	114759	943022	698350	421073	-39,70%	266,92%
Taxa interacción	9%	10%	8%	9%	1,95%	1,35%

Total RRSS - evolución 31 decembro 2020 - 31 decembro 2023

En definitiva, nestas dúas redes sociais en tres anos a comunidade de seguidores multiplicouse por sete, as persoas alcanzadas son case tres veces máis e as visualizacións multiplicáronse por catro.

Realización de accións formativas (B34)

A realización de accións formativas dirixidas tanto ao público xeral como a aqueles colectivos que sexan de especial interese (alumnos de escolas de hostalería, responsables de comedores escolares, prescritores e periodistas especializados, influencers, etc.) teñen ao noso modo de ver unha relación custo/beneficio moi favorable, por iso estas actividades recolléronse como unha tarefa a executar dentro do Contrato de xestión da Axencia para o período 2021-2024. A continuación recollemos as actuacións realizadas en relación con esta tarefa.

Come local (setembo-decembro 2023)

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, promove por cuarto ano consecutivo a campaña Come Local, centrada na promoción do consumo de produto galego de calidade certificada e de proximidade entre o alumnado da nosa comunidade. Nesta ocasión participaron na iniciativa un total de case 50 centros escolares de toda Galicia, acadando arredor de 3.380 usuarios de comedor.

Desta volta, o obxectivo estivo en ampliar a rede de comedores escolares que introducen produtos con certificado de calidade (denominacións de orixe protexidas, indicacións xeográficas protexidas e produtos ecolóxicos) nos menús dos cativos. A campaña vaise prolongar ata o remate do curso

Nesta campaña elixíronse centros cunha determinada sensibilidade para poder acceder a recoñecementos como o de comedores Km 0, debido á súa aposta polas producións de proximidade á hora de confeccionar os seus menús. Outro criterio para a elección dos centros foi o de considerar os distintos sistemas de xestión tanto educativa como do comedor e así participan centros escolares públicos, concertados, comedores xestionados por Anpas ou os servizos de *catering*.

A campaña arrincou no mes de setembro e tivo unha duración de catro meses. Non só se tratou de degustacións de menús especiais feitos con produtos de proximidade galegos senón que tamén se desenvolveron actividades formativas, tanto sobre as características nutricionais dos propios produtos como o impacto que supón o consumo de produtos certificados na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU.

Ademais, impartíronse charlas informativas para que os máis cativos coñezan a importancia de consumir produtos locais e como poden identificalos de xeito sinxelo grazas ás distintas etiquetas dos selos de calidade.

Outra ferramenta coa que se traballou foi a xestión dos custos dos ingredientes nas receitas para poder ter maior control dos gastos na elaboración dos propios menús. Para esta fin, envióuselles un "escandallo" para que puideran botar man del para tal fin, así coma un vídeo titorial. Afondando neste eido a campaña completouse cun *software* e *tablets* para poder facilitar a realización dos escandallos.

A campaña inclúe o deseño dun novo logo, formación dos centros en materia de seguridade alimentaria, formación en nutrición e outras materias complementarias

Por último, facilitóuselles aos responsables de aprovisionamento dos centros unha base de datos cos provedores da súa zona con certificado de calidade da que algún deles xa está botando man actualmente. Ademais disto, fíxose un asesoramento personalizado en función das necesidades, cantidade, localización, etc.

Entregáronse nestes colexios produtos procedentes dos seguintes consellos reguladores: Craega (Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia), DOP Arzúa-Ulloa, IXP Tarta de Santiago, IXP Faba de Lourenzá, DOP Cebreiro, DOP Queixo Tetilla, IXP Castaña de Galicia, IXP Mel de Galicia, IXP Pan de Cea, IXP Pataca de Galicia, IXP Pemento do Couto, DOP Pemento de Herbón, IXP *Lacón Gallego* e IXP *Ternera Gallega*.

Os centros que participaron nesta IV edición de Come Local son: CEIP Casás (Lugo), CEIP Carlos Casares (Xinzo de Limia), CEIP Plurilingüe de Outes (Serra de Outes), CEIP Padre Crespo (Xunqueira de Ambía), CEIP San Marcos (Cartelle), CEIP Ría de Vigo (Vigo), EI de Vite (Compostela), CEIP ADR Castelao (Rianxo), CIFP Carlos Oroza (Pontevedra), CEIP A Igrexa-Calo (Teo), CPI de San Vicente (A Baña), CEIP Curros Enríquez (Ourense), IES Vilamarín (Vilamarín), CPR Raiola (Compostela), CPI de Atios (Valdoviño), CEIP Virxe do Portal (Sobrado), CPI Cernadas de Castro (Lousame), CEIP Eladia Mariño (Cabanas), CPI Virxe da Cela (Monfero), CEIP ADR Castelao (Ordes), CEE A Barcia (Compostela), CPI Domingo Fontán (Portas), CEIP Nosa Señora dos Remedios (Ponteareas), CEIP Rosalía de Castro (Padrón), CEIP de Arcediago (Santiso), Colexio Guillelme Brown (Pereiro de Aguiar), CEIP Frei Luís de Granada (Sarria), CEIP Canosa Rus (Coristanco), CEIP de Carballedo (Carballedo), CIFP Paseo das Pontes (A Coruña), CEIP Wenceslao Fernández Flórez (Cambre), CEE Panxón (Nigrán), CPI Arquitecto Palacios (Nigrán), EEII As Dunas (Nigrán), CEIP Ponte do Porto (Camariñas), CEIP Princesa Sofía (Verín), CEIP Oza dos Ríos (Oza dos Ríos), CEIP San Xoán Bautista (Cerdedo), CIFP A Granxa (Ponteareas), CEIP Eulogio Gómez Franqueira (San Amaro), CEIP A Lama (A Lama), CEIP Fermín Bouza Brey (Ponteareas), CEIP da Carrasqueira (Vigo), CEIP Cabada Vázquez (A Estrada), CEIP de Pumar-Urdilde (Rois), CPI José García García (Mende), CEIP Número 1 (Tui), CEIP da Pobra do Brollón (Pobra do Brollón), CPI de Xanceda (Mesía) e CEIP Flavia de Padrón.

Tamén participaron os comedores escolares Km 0 cos que se sigue mantendo o contacto: CEIP Xacinto Amigo Lera (Portomouro), CEIP Os Muíños (Muxía), CEIP Vicente Otero Valcárcel (Carral), CEIP López Ferreiro (Compostela), CEIP Joaquina Gallego Jorreto (A Merca), CEIP Saco e Arce (Toén), CPI Antonio Faílde (Coles), CEIP A Paz-Tintureira (Coruxo-Vigo) e CEIP A Lomba (Vilagarcía de Arousa).

Entregáronse nestes colexios produtos procedentes dos seguintes consellos reguladores: Craega (Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia), DOP Arzúa-Ulloa, IXP Tarta de Santiago, IXP Fabas de Lourenzá, DOP Cebreiro, DOP Queixo Tetilla, IXP Castaña de Galicia, IXP Mel de Galicia, IXP Pan de Cea, IXP Pataca de Galicia, IXP Pemento do Couto, DOP Pemento de Herbón, IXP *Lacón Gallego* e IXP *Ternera Gallega*.

Tamén se realizou un evento promocional no colexio de Cambre coa participación de toda a comunidade educativa e produtores. A base desta campaña é a colaboración coa administración dos produtores para favorecer o acceso aos mercados e circuítos curtos de comercialización.

O custo total das accións foi de 18.089,50 €.

VALORACIÓN

É moi positivo o impacto destas accións nos máis pequenos para que coñezan os produtos de proximidade e valoren dende a infancia a importancia dunha alimentación saudable, equilibrada e dun consumo responsable e sostible.

Realización de actividades promocionais de carácter institucional (B35)

Ademais de participar en eventos promocionais cunha marcada orientación comercial dando cobertura a diferentes empresas alimentarias, a Axencia tamén participa en eventos e realiza diferentes actuacións cun carácter máis institucional, onde predomina a

promoción das "marcas colectivas" que representan as DOP/IXP, a produción ecolóxica e a artesanía alimentaria sobre as marcas particulares das empresas. A continuación referimos os eventos nos que participou a Axencia.

Participación en FITUR (IFEMA, Madrid, 18 ao 22 de xaneiro)

A Axencia estivo presente no espazo da Axencia Galega de Turismo nesta edición de FITUR. Durante os cinco días tiveron lugar unha serie de actividades para promocionar os produtos galegos con indicativo de calidade no anfiteatro e no bar-degustación do posto da dita Axencia de Turismo de Galicia.

No anfiteatro houbo actividades de mércores ao domingo nas que participou persoal dalgúns dos consellos reguladores implicados e persoal desta Axencia. Ademais, as actividades de cociña foron dirixidas por profesionais do mundo gastronómico.

As catas tiveron lugar durante a fin de semana (días 21 e 22) na zona de bar-degustación do posto. Catáronse os viños premiados nas Catas de Galicia 2022 e foron dirixidas polo sumiller Javier Gila. O domingo houbo tamén unha cata de Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, dirixida por Sonia Otero Padín. O custo da acción foi duns 4.000 €.

Participación en Madrid Fusión (IFEMA, Madrid, 23 ao 25 de xaneiro)

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria estivo presente nesta edición de Madrid Fusión (Ifema, Madrid do 23 ao 25 de xaneiro) cun posto de 24 m² na primeira planta do Pavillón 14, na zona de Madrid Fusión Wine Edition.

Neste posto estiveron expostos e puideron degustarse os viños, licores e augardentes premiados nas Catas de Galicia 2022. Estivo atendido por persoal do Departamento de Promoción da Calidade Alimentaria e polo sumiller Alejandro Paadín. O custo da acción foi de 31.790,03 €.

Revera Vinum, II Encontro do Viño Galego (Santiago de Compostela, 27 e 28 de marzo)

O II Encontro do Viño Galego Revera Vinum, promovido pola Asociación Hostalería de Galicia pretendeu, por segundo ano, dar a coñecer, promover e difundir os viños galegos entre os profesionais do sector e os visitantes en Santiago de Compostela, así como lograr crear un punto de encontro para as diferentes adegas, DO e IXP galegas.

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), coa colaboración dos Consellos Reguladores dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia, participou con dous espazos neste certame: no Túnel do Viño e na sala Bodega.

No Túnel do Viño púxose en valor o potencial do sector vitivinícola galego ante os visitantes profesionais, facéndoos conscientes da súa importancia e do seu alcance. Participaron 169 referencias de viños e augardentes de 83 adegas de diferentes DO e IXP galegas, así como as marcas premiadas nas Catas de Galicia 2022.



XUNTA DE GALICIA

EXPERIENCIAS DE CALIDADE

REVERA VINUM

LUNS 27 MARZO

11:00 - 11:45 EXPERIENCIAS DE CALIDADE// DO RIBEIRO
Treixaduras do Ribeiro 2017 vs. 2021 / Cata de tinto Ribeiro preferente 2020
Julio M. Blanco, da Asociación de Sumilleres de Galicia **Gallaecia**
Viños de castes autóctonas da Denominación de Orixe Ribeiro

12:00 - 12:45 EXPERIENCIAS DE CALIDADE // DO RÍAS BAIXAS
Fernando Vilariño Paxaro, técnico do Consello Regulador, e Nacho Costoya, sumiller
Viños premiados cos Acios de Ouro nas Catas de Galicia 2022: **Más que 2** (colleita 2021) e **Granbazán** (colleita 2019)

13:15 - 14:00 EXPERIENCIAS DE CALIDADE // DO MONTERREI
Acio de Ouro Branco DO Monterrei nas Catas de Galicia 2022
Manuel Méndez Gutierrez, director comercial de **Adegas Pazo do Mar**
Alma de Autor Godello, **Alma de Autor Mencía** e **Torre de Olivar Expresión**

17:00 - 17:45 EXPERIENCIAS DE CALIDADE // IX LICOR CAFÉ DE GALICIA
Parellas culinarias con Licor Café de Galicia
Sonia Otero Padín, Vicepresidenta do Consello Regulador das **Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia**
Cata a cegas con doces de **Artesanía de Galicia** e de produción ecolóxica

18:00 - 18:45 EXPERIENCIAS DE CALIDADE // DO MONTERREI
Nada se destrúe, senón que se transforma: descubre a DO Monterrei
Nacho Costoya, sumiller
Cata dos viños premiados cos Acios nas Catas de Galicia: **Quinta das Tapias**
Mellor Viño Branco de Galicia 2022 e **Ladairo** Acio de Ouro Tinto DO Monterrei

19:00 - 20:00 EXPERIENCIAS DE CALIDADE // QUEIXOS PREMIADOS NAS CATAS DE GALICIA 2022
Viaxe sensorial: coñecendo alimentos con DOP
Salomé Beiroa, catadora profesional e Embaixadora dos **Produtos Galegos de Calidade**
Queixos galegos con DOP harmonizados con viños escumosos e tostados

MARTES 28 MARZO

11:00 - 11:45 EXPERIENCIAS DE CALIDADE // MELLOR VIÑO TINTO DE GALICIA DO Ribeira Sacra
Bodegas Petrón *A singularidade do noso viñedo*
Tania González Rodríguez, técnica da adega
Cata vertical de distintas añadas do **Prómine Singular**

12:00 - 12:45 EXPERIENCIAS DE CALIDADE // DO VALDEORRAS
Valdeorras, tintos con raíces
Jorge Mazaira, técnico do Consello Regulador DO Valdeorras
Cata de viños de castes autóctonas, como **Mencía, Merenzao, Garnacha Tintorera** e **Brancellao**

13:15 - 14:00 EXPERIENCIAS DE CALIDADE // DO RIBEIRA SACRA
Expresión da Viticultura Heroica
Ruth Fernández Vidal, técnica do Consello Regulador DO Ribeira Sacra
Cata de viños **Tinto Summun**, **Branco Summun** e **Tinto Summun Barrica**

17:00 - 17:45 EXPERIENCIAS DE CALIDADE // VIÑOS GALEGOS CON INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA
Nacho Costoya, sumiller
Viños da IXP **Betanzos,** IXP **Barbanza e Iria,** IXP **Ribeiras do Morrazo e** IXP **Val do Miño-Ourense**

18:00 - 18:45 EXPERIENCIAS DE CALIDADE // QUEIXOS PREMIADOS NAS CATAS DE GALICIA 2022
Viaxe sensorial: coñecendo alimentos con DOP
Salomé Beiroa, catadora profesional e Embaixadora dos **Produtos Galegos de Calidade**
Queixos galegos con DOP harmonizados con viños escumosos e tostados

19:00 - 20:00 EXPERIENCIAS DE CALIDADE // IX AUGARDENTES E LICORES TRADICIONAIS DE GALICIA
Cultura nos Destilados Galegos
Sonia Otero Padín, Vicepresidenta do Consello Regulador das **Indicacións Xeográficas das** Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia
Cata de Augardente de Galicia, Augardente envellecida de Galicia,Augardente de Herbas, Licor de Herbas e Licor Café de Galicia
Cata dos **Potes de Ouro** nas Catas de Galicia 2022

O deseño e distribución do espazo convidou ao visitante a percorrer o posto para descubrir e catar os produtos expostos (viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia), converténdose nunha experiencia sensorial única. Unha grande oportunidade para dar a coñecer a calidade e diversidade destas producións. No caso dos viños, as referencias participantes agrupáronse por denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida, e diferenciadas por tipo de viño (branco ou tinto), ordenadas alfabeticamente e identificadas coa correspondente ficha de cata. No caso das augardentes e licores tradicionais de Galicia estiveron agrupadas por indicación xeográfica. As marcas premiadas cos Acios ou cos Potes nas Catas de Galicia 2022 sinalizáronse coa distinción acadada.

Ademais, na sala Bodega tiveron lugar catas comentadas de viños e augardentes e licores tradicionais de Galicia, harmonizadas con outros produtos con indicativo de calidade, comentadas por técnicos dos consellos reguladores correspondentes segundo o programa que se xunta. O custe do evento foi de 22.236,29 €.

VALORACIÓN

Esta acción é moi positiva nun contexto de inestabilidade de mercado e prezos para un sector clave na dinamización agroindustrial galega como é o dos viños de calidade diferenciada. Cabe destacar as sinerxías acadadas entre a Agacal, a asociación de Hostaleiros de Santiago e os diferentes consellos reguladores dos viños galegos con DOP.

Galicia Market Place (Vigo, 14 de abril)

O 14 de abril tivo lugar no Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo a 7ª edición do GALICIA MARKET PLACE co título: "Construír un futuro para o campo de Galicia. Como o

facemos?". Foi unha xornada completa integrada por espazos e accións continuadas cun programa de actividades que transformou o Círculo no epicentro do emprendemento agroalimentario galego.

Houbo mesas redondas, un espazo escaparate de produtos galegos de calidade, degustacións, unha xornada gastronómica e un xantar-coloquio sectorial co título: "Galicia, despensa de Europa para a produción agroalimentaria de calidade" que contou coa presenza do Conselleiro do Medio Rural.

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia, estivo presente nas diversas mesas-coloquio, onde se falou de varias iniciativas de posta en valor de produtos da gastronomía galega a través das marcas de calidade diferenciada. Tamén organizou no marco do "espazo escaparate" unha exposición e degustación dos distintos viños, queixos e meles galardoados cos distintivos de ouro nas Catas de Galicia organizadas pola Agacal na edición 2022. Tamén se organizou a cata degustacións "Irmáns de Leite" dos queixos galegos con DOP conducida pola catadora Salomé Beiroa como acto previo ao xantar-coloquio. O custe do evento foi de 9.956,05 €.

Posta en valor de produtos galegos de calidade na Casa de Galicia en Madrid (Madrid, ano 2023)

Coa finalidade de dar a coñecer, poñer en valor e promocionar os produtos galegos de calidade diferenciada, a Consellería do Medio Rural a través desta Axencia colaborou por primeira vez este ano 2023 coa casa de Galicia en Madrid na organización de varios eventos ao longo do ano. Concretamente foron tres eventos nos que se promocionaron a IXP Ternera Gallega; os queixos galegos con DOP e, finalmente, os viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia.

Así o 27 de febreiro tivo lugar o evento da posta en valor do selo "*Ternera Gallega Suprema*", ao que acudiron o conselleiro do Medio Rural e o ministro de Agricultura, Pesca

e Alimentación. O acto enmarcouse dentro da campaña de promoción a nivel nacional impulsada pola Xunta en colaboración co Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP) de Carne de Vacún de Galicia para aumentar a sensibilización e o consumo destas producións cárnicas. Os asistentes puideron degustar as propostas de tres recoñecidos chefs: os cociñeiros José Manuel Mallón, Miguel Fernández e Javier Rodríguez "Taky" elaboraron diferentes pratos con cortes de *Ternera Gallega Suprema* como protagonistas.

O 3 de xullo tivo lugar o acto *"Irmáns de Leite"* dentro da campaña para dar a coñecer a excelencia dos queixos galegos con DOP. Ao acto acudiu o conselleiro do Medio Rural, o director da Agacal e os presidentes dos consellos reguladores dos queixos galegos con DOP.

Os asistentes foron recibidos cun viño escumoso galego e, tras o saúdo institucional, participaron nunha presentación e cata comentada, conducida por Salomé Beiroa, experta catadora neste tipo de produtos de calidade e que contou tamén coa intervención dos presidentes dos catro consellos reguladores.

A continuación, ofreceuse unha demostración culinaria por parte dos chefs José Manuel Mallón e Miguel Fernández Vidal, ambos os dous embaixadores de Experiencias de

calidade. Ademais, houbo cinco postos doutras tantas queixerías das DOP que amosaron e deron a degustar o seu produto. Trátase de Queinaga, Cobideza, Queixería Barral, Quesos Prestes e Lácteos Ferrado Verde/Quesería Ruta Xacobea.

Por último o día 16 de outubro a Casa de Galicia acolleu un acto de exaltación da excelencia dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia.

Así, os asistentes foron recibidos cun viño escumoso galego e puideron asistir á masterclass "Domesticación da Vide en Galicia" a cargo de Alejandro Paadín, coautor da "Guía de viños, destilados e bodegas de Galicia" que fixo un percorrido pola historia do cultivo do viñedo na nosa terra e as diversas variedades autóctonas que foron conformando a singularidade dos nosos viños.

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, José Luis Cabarcos, deu a benvida ao acto e o conselleiro do Medio Rural, José González, fixo o saúdo institucional e a apertura do "túnel de harmonías" no que os asistentes teñen unhas fichas á súa disposición para facer unha comparación das propiedades organolépticas dos viños, licores e augardentes premiados nas Catas de Galicia, con outros produtos de calidade como son os queixos galegos con DOP, o mel da IXP Mel de Galicia, o pan das IXP Pan Galego e Pan de Cea e outros.

Este evento mesturou o coñecemento histórico do noso patrimonio vitivinícola e a experiencia sensorial da maridaxe entre os nosos viños e outros produtos de calidade diferenciada cos que conta Galicia.



O custe total das accións foi de aproximadamente 60.000 €.

Estrelas no Camiño de Santiago (Aldea de Gonte, Negreira, 5 de xuño)

O Restaurante Casa Barqueiro presentou un ano máis o Evento Gastronómico Solidario, *Estrelas no Camiño de Santiago*, cunha participación total de 72 Estrelas Michelin, convertendo este acontecemento nun dos máis importantes referentes gastronómicos a nivel Europeo. Neste 2023, os beneficios foron destinados a Asociación Galega Síndrome X Fráxil, á que se lle recoñece o seu inmenso labor e esforzo social.

Nesta edición o evento gastronómico solidario celebrouse na Finca Casa Barqueiro, en Gonte, o luns 5 de xuño, onde se presentaron novidades en produtos galegos que os asistentes puideron gozar, os *chefs* percorreron todos os postos descubrindo a nosa fabulosa terra, gozando dun auténtico menú degustación "á Galega", dunha tarde de música en directo e de sorpresas inesquecibles cos mellores dos resultados para axudar a Asociación X Fráxil.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria achegou os produtos de calidade diferenciada que se degustaron nunha *food truck* na finca. Estamos a falar de carne da IXP *Ternera Gallega* e IXP *Lacón Gallego*, queixos das DOP Queixo Tetilla, Arzúa-Ulloa, San Simón da Costa e Cebreiro, Grelos de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea, Pan Galego e Pementos de Herbón, todos eles tamén das correspondentes IXP, elaborados polo *chef* e embaixador das "Experiencias de Calidade" José Manuel Mallón para o desfrute dos cociñeiros estrela e os máis de 400 convidados. O custe da acción foi de aproximadamente 5.000 €.

Foro Galis (Santiago de Compostela, 09 de xuño)

O día 09 de xuño tivo lugar no hotel Oca Porta do Camiño de Santiago de Compostela a XII edición do Foro Galis, da Asociación Galega de Fabricantes de Alimentos Compostos (Agafac).

Neste encontro anual tratáronse os retos que debe afrontar o sector no ámbito da seguridade alimentaria, sostibilidade e dixitalización. Presentáronse tamén as últimas novidades tecnolóxicas e os proxectos nos que está a traballar Agafac.

A Axencia colaborou neste evento cun posto para a promoción e degustación dos produtos galegos con calidade diferenciada no que estiveron os viños, licores e augardentes premiados cos Acios de Ouro nas Catas de Galicia 2022 e tamén se puideron

degustar queixos das catro DOP galegas e outros produtos de calidade como Mel de Galicia IXP e Tarta de Santiago IXP. O custe da acción foi de aproximadamente 3.000 €.

Festival Portamérica (Portas, 13, 14 e 15 de xullo)

O festival Portamérica é un dos eventos mais importantes do panorama musical galego e desde os seus inicios tivo unha importante actividade paralela aos concertos vencellada coa gastronomía e os produtos galegos de calidade.

O evento celebrouse os días 13, 14 e 15 de xullo na Azucreira de Portas (Pontevedra).

Creado en 2012 por EsmerArte, axencia galega de promoción artística e xestión cultural con máis de 20 anos de experiencia no sector, celebrou en 2023 a súa 11ª edición, congregando así en Caldas de Reis a máis de 30.000 asistentes. Participaron máis de 30 artistas de ámbolos dous lados do atlántico e tamén houbo o denominado espazo "*showrocking*", no que o festival, dende a súa primeira edición, acolle a *chefs* de renome internacional para facer a fusión perfecta entre ritmo e cociña.

Nesta edición, e aproveitando a vocación gastronómica do festival, a Consellería do Medio Rural a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria estivo presente no denominado espazo "QUEIXIÑO" xogando coas palabras "queixo" e "viño". Foi a novidade gastronómica do festival, onde se puideron degustar unha escolla dos viños e queixos premiados en 2022 nas Catas de Galicia, organizadas pola Consellería do Medio Rural. Para dinamizar este espazo contamos con Juanjo Figueroa Teus, presidente da Asociación Galega de Sumilleres e con Salomé Beiroa Fernandez, experta catadora de queixos e membro do Panel de Cata dos Queixos Galegos. O custe da acción foi de 35.574 €.

Acto de presentación da IXP Terras do Navia (Navia de Suarna, 11 de xullo)

O día 11 de xullo foi a presentación da IXP Terras do Navia. Esta nova IXP vén a sumar 37 figuras de protección galegas recoñecidas a nivel europeo.

O Regulamento de execución polo que se lle concedeu a protección publicouse no DOUE o día 15 de febreiro de 2023.

O acto de presentación comezou cunha recepción dos asistentes e unha degustación e mostra de viños de todas as indicacións xeográficas protexidas galegas. Posteriormente,

houbo unha cata comentada por Juanjo Figueroa Treus, presidente da Asociación Galega de Sumilleres. Esta cata acompañouse cun menú elaborado con produtos galegos acollidos a selos de calidade diferenciada.

Esta presentación foi un evento de promoción, non só da IXP Terras do Navia, senón tamén das outras catro indicacións xeográficas galegas de viños: Val do Miño-Ourense; Betanzos; Barbanza e Iria e Ribeiras do Morrazo. Houbo unha representación destes viños e ademais todas as adegas foron invitadas para que participasen ese día.

O custe da acción foi aproximadamente de 4.000 €.

Festival da Luz (Boimorto, 27 e 28 de agosto)

A Agacal está presente e apoia a celebración do Festival da Luz na localidade coruñesa de Boimorto. A Axencia aproveita este evento para facer promoción dos produtos agroalimentarios galegos de calidade diferenciada. En concreto, por parte de Medio Rural programáronse diferentes actividades lúdicas, todas elas orientadas ás familias, co fin de dar a coñecer os selos dos produtos con indicativo de calidade correspondentes ás distintas denominacións de orixe (DO) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) de Galicia.

Entre as accións promocionais, atópanse un concurso infantil para dar a coñecer os produtos galegos con indicativo de calidade, unha actividade con produtos ecolóxicos cun

show cooking dirixida por persoal do Craega e obradoiros de Mel de Galicia e queixos. Os asistentes participaban no sorteo de agasallos.

Este ano a actividade estrela foi un mercadiño onde se fai unha simulación de compras de produto con indicativo de calidade nun mercado presencial e tamén na web de Experiencias de Calidade. Aos asistentes entregábaselles un lote de agasallos. O custe total do evento foi de 28.477,15 €.

VALORACIÓN

O Festival da Luz está a ter ano tras ano grande repercusión entre numerosas familias galegas ao conciliar música, gastronomía e actividades para os máis pequenos. Para a Agacal é un escaparate moi bo para, a través de xogos, catas, regalos e moitas outras actividades, dar a coñecer e degustar os produtos de calidade diferenciada a persoas de todas as idades.

Catas de Galicia no Circuíto Golf Tur43 España Verde (A Coruña, Oviedo, Álava, Vidago-Portugal, O Grove e Santiago, en diferentes datas de 2023)

O evento deportivo Circuíto Golf Tur43 España Verde busca consolidar as comunidades do Camiño Norte como destino para os amantes do golf.

O calendario do circuíto tivo este ano as seguintes datas e lugares:

- Día 13/05/2023 Real campo de Golf da Zapateira, (A Coruña)
- Día 27/05/2023 Real campo de Golf Las Caldas, Oviedo (Asturias)
- Día 17/06/2023 Vidago Palace Golf Course, Vidago (Chaves-Portugal)
- Día 01/07/2023 Izki Golf Club, Álava (Euskadi)
- Día 16/09/2023 Real Club de Golf La Toja, O Grove (Pontevedra)
- Día 30/09/2023 Gran Final no Real Aeroclub, Santiago de Compostela

A Consellería do Medio Rural -a través da Agacal- colaborou un ano máis con este evento a través dun bodegón que se montou en cada campo para dar a coñecer e degustar as nosas "experiencias de calidade", é dicir, os 36 produtos que contan co amparo e recoñecemento dunha denominación de orixe ou dunha indicación xeográfica protexida na nosa Comunidade así como as marcas da agricultura ecolóxica e a artesanía alimentaria de Galicia. Así, ao final de cada xornada sorteáronse entre os participantes 20 lotes de produtos que formaban parte do propio bodegón. O custe total da acción foi duns 18.000 €.

L de Lugo (24 e 25 de setembro)

A Asociación de distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo organizou a 3ª Festa das Distribuidoras Lucenses co nome de "L de Lugo".

Un ano máis, esta xuntanza permitiu a presentación en sociedade de moitos dos produtos locais que se están a comercializar e, dado o pequeno tamaño dos produtores, non lles é doado a realización de actividades promocionais, polo que a feira sempre é unha boa

oportunidade tamén para elas xa que se aproveitaron a infraestrutura xerada como unha lanzadeira de negocio.

A Agacal quixo estar presente o día 24 cunha cata comentada dos queixos galegos con DOP a cargo da catadora Salomé Beiroa. O día 25, dentro do espazo "Maridaxes", fixéronse dous talleres conducidos por Borja Piñeiro e Elia Pereira, *chefs* do restaurante Lado de Lugo, que fixeron elaboracións cos produtos amparados polas marcas de calidade galegas. O custe desta acción foi de 9.680 €.

Outras accións promocionais de carácter institucional realizadas en 2023

En 2023 houbo diversas accións nas que a Axencia participou directamente ou colaborou no seu financiamento total ou parcialmente, tales como:

- Foro de Innovación Sergude, 12.426,70 €
- Campaña Pan Galego Clube Ourense Baloncesto 14.000 €
- II Festa da vendimia de Monterrei, 4.797,65 €
- Volta Ciclista a España 2023, 7.260 €
- Día do Pekebasket (Carballo), 3.000 €
- Festival "Espíritu Ribeiro", 12.100 €
- Xornada sobre a oliveira (Pobra do Brollón), 3.000 €

Ademais, é de destacar a actividade desenvolvida para achegar produto acollido a diferentes selos de calidade para o apoio as propias actividades promocionais da Axencia como as realizadas por terceiros (Concellos, entidades deportivas, asociacións, etc.). Esta achega supuxo un desembolso por parte da Axencia superior aos 40.000 € para o pagamento do produto e o seu transporte aos lugares de celebración dos diferentes eventos.

Realización de campañas de promoción en medios de comunicación (B36)

De acordo co programado no contrato de xestión 2021-2024, en 2023 executouse unha nova campaña de promoción, nesta ocasión destinada a dar a coñecer a IXP Pataca de Galicia e as catro DOP de queixo da comunidade autónoma (Arzúa-Ulloa, Queixo Tetilla, San Simón da Costa e Cebreiro). A campaña utilizou os *slogans* "Dálle pataca! Pataca de Galicia en boca de todxs" para a IXP Pataca de Galicia, e "Os catro grandes de Galicia". para os queixos con DOP.

A campaña difundiuse nos meses de novembro e decembro e realizouse na TVG e outras televisións locais, en radio, en prensa escrita tanto xeneralista como especializada e en medios dixitais. Tivo un custe total de 694.801,97 euros.

Organización das Catas-concurso de Galicia (B37)

Catas dos viños e augardentes e licores tradicionais de Galicia (Pazo de Quián, Sergude, Santiago de Compostela, do 5 ao 9 de xuño)

Como cada ano, en 2023 organizáronse as correspondentes edicións das catas dos viños e augardentes e licores tradicionais de Galicia. As edicións do ano 2023 foron as seguintes:

XXXVI Cata dos viños de Galicia; XXV Cata das Augardentes de Galicia; XII Cata dos Licores de Herbas, Licor Café de Galicia e Augardente de Galicia Envellecida, e a X Cata das Augardentes de Herbas de Galicia.

As Catas dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia 2023 comezaron coa fase de recollida de mostras, que tivo lugar entre os días 22 e 26 de maio. Nesta ocasión o persoal da Agacal, recolleu 378 mostras de viños procedentes de 166 adegas das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas, ademais de 44 mostras procedentes de 16 industrias da indicacións xeográficas de augardentes e licores tradicionais de Galicia.

Cómpre sinalar que a recollida de mostras levouna a cabo persoal da Agacal en colaboración cos consellos reguladores, con todas as garantías de seriedade e rigor e asegurando en todo momento o anonimato das marcas participantes. Esta colaboración mantívose na semana na que se celebraron as catas, na que o persoal dos consellos axudou no proceso de cata e no reconto das puntuacións, así como auxiliando aos catadores en todo momento.

Na recollida dos viños é o persoal da Agacal quen se traslada a cada unha das adegas para a recollida de seis botellas que representan a mostra que se presenta a concurso. Todas as botellas ocúltanse en bolsas opacas e introdúcense posteriormente nunha caixa selada. No seu exterior só queda exposto o nome da categoría na que participa e o tipo de viño —tinto ou branco—. Posteriormente, as caixas transpórtanse ao lugar determinado para as fases de cata, onde permanecerán custodiadas ata o momento da súa celebración. Do proceso de recollida levántase unha acta que asina o persoal da Agacal e o representante da adega. Cabe engadir que o acto de apertura das caixas realizarase en presenza do secretario do concurso e dun membro do xurado, deste xeito asegúrase que non se produce ningún tipo de irregularidade e queda garantido o anonimato.

No que respecta ás augardentes e licores tradicionais, dada a gran diversidade de botellas utilizadas na comercialización deste tipo de bebidas, garántese a rigorosidade e evítanse posibles anomalías recollendo as mostras en envases idénticos de 3/8 de litro. Deste xeito, resulta imposible recoñecelos e identificalos, asegurando o anonimato.

O seguinte paso foi comprobar que todas as mostras de viño inscritas cumpren cos requisitos establecidos nas bases para poder participar nas catas, así como a súa clasificación nas distintas categorías. Coma noutros anos, foron máis as mostras de viños branco recompiladas (259) que duplicaron de lonxe as mostras de viño tinto (119). Con respecto ás augardentes e licores tradicionais, houbo un total de 44 mostras inscritas repartidas da seguinte forma: 14 de augardente, 5 de augardente envellecida, 5 de augardente de herbas, 8 de licor de herbas e 12 de licor café. Na categoría de

augardente envellecida e de augardente de herbas non se chegou ao número mínimo de mostras.

No que respecta ás mostras por denominacións de orixe, temos que no caso de viños brancos as 259 mostras repartíronse do seguinte xeito: 111 mostras da Denominación de orixe Rías Baixas, 72 da DO Ribeiro, 27 da DO Valdeorras, 23 da DO Monterrei e 20 de DO Ribeira Sacra, así como 6 mostras de viño con Indicación xeográfica protexida dalgunha das 5 existentes, sendo a máis representada a IXP Ribeiras do Morrazo. No que respecta á distribución das 119 mostras de viños tintos, destaca a DO Ribeira Sacra (55) e as DO Monterrei (13) e Ribeiro (19). Completaban o cadro as mostras da DO Valdeorras (22) e DO Rías Baixas (9) así como 1 mostra de adegas de indicación xeográfica protexida.

As categorías máis numerosas son as que premian aos diferentes viños brancos de cada DO, con 131 mostras, seguidas da categoría de colleitas anteriores branco e colleitas anteriores tinto, con 57 e 39 mostras respectivamente. Tamén son importantes as categorías de viños elaborados con madeira, que suman en total 64 mostras entre brancos e tintos, e os espumosos, que son en total 19, o cal confirma o interese en participar nestas categorías e o interese crecente na produción de viños máis elaborados. No que respecta aos tintos de denominación de orixe, foron 15 as mostras que participaron.

Para poder seleccionar os mellores viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia do 2023 fíxose unha fase de precata ou selección previa e unha cata final. No caso dos viños, as precatas desenvolvéronse do 6 ao 9 de xuño e as catas finais o día 9 dese mes. Para as augardentes e licores tradicionais a cata foi o 5 de xuño.

Para o panel de cata contouse cun grupo de expertos catadores que foron encargados de analizar a cegas e de forma minuciosa as mostras para pasar a seleccionar as marcas gañadoras. O panel de cata estivo formado por 12 profesionais no que respecta aos viños, e por 7 no caso das augardentes e licores.

A organización das Catas dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia adxudicouse á empresa NaranjaLimón Branding 360, no lote 1 da contratación do servizo de desenvolvemento das catas-concurso, publicidade e organización do acto de entrega de premios das "Catas de Galicia 2023" (Expte. de contratación AGA-XER-2023-01). O importe da adxudicación foi 127.279,90 € (IVE incluído).

VALORACIÓN

Con estas catas, a Xunta de Galicia busca identificar, premiar e promocionar o bo facer do sector vitivinícola galego a través dos mellores viños, augardentes e licores tradicionais elaborados fundamentalmente con uvas de variedades autóctonas. Produtos senlleiros

dotados de identidade propia, recoñecidos dentro e fóra de Galicia e parte indispensable das 38 Experiencias de Calidade da nosa comunidade autónoma.

As Catas de Galicia xa se converteron nun evento referente anual no mundo do viño e os destilados en Galicia, seleccionando e dando a coñecer o mellor das adegas galegas cada ano. Proba disto é que o número de inscritos nas catas non deixa de medrar en cada edición así como o interese polos premiados e o seu prestixio.

Cata dos queixos e dos meles de Galicia (Santiago de Compostela, 14 e 15 de novembro)

Co fin de recoñecer e premiar a excelencia do noso agro, a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, e en colaboración cos consellos reguladores das catro denominacións de orixe protexidas de queixos galegos e da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia, convoca anualmente as Catas dos Queixos e Meles de Galicia. A través destas distincións procúrase valorizar o gran traballo, esforzo e bo facer dos produtores e elaboradores galegos á hora de ofrecer produtos con certificación de orixe de gran personalidade e calidade.

En 2023, entre os días 14 e 15 de novembro, desenvolveuse o proceso de selección da que foi a XXII edición das Catas dos Meles de Galicia e a XXVI edición das Catas dos Queixos de Galicia. Antes diso, pasado o proceso de inscrición, levouse a cabo unha exhaustiva recollida de mostras para garantir o absoluto anonimato dos queixos e meles participantes.

Na recollida dos meles participaron un representante da Axencia Galega da Calidade Alimentaria acompañado dun técnico do consello regulador da IXP Mel de Galicia. Nesta ocasión, foron 20 as industrias de mel as que inscribiron 52 meles para concursar nas categorías de Meles mono florais (31 mostras) e Meles multi florais (21 mostras).

No caso dos queixos son 27 as industrias queixeiras a concursar, cun total de 42 mostras distribuídas entre a DOP Queixo Tetilla (15 mostras), DOP Arzúa-Ulloa cremoso e curado (con 19 mostras en total), DOP San Simón da Costa (6 mostras) e DOP Cebreiro (2 mostras).

Ambas citas desenvolvéronse no espazo gastrocultural do Mercado de Santiago de Compostela. A Cata dos Meles estivo protagonizada por un panel composto por sete expertos versados no sector, concretamente, os integrantes deste cadro de profesionais foron: Jorge Guitián, Julio Mato del Río, Diego Trillo Caamaño, Paula Casaleiro Barros, Javier de la Fuente García, Manuel Angel Rodriguez Garea e Beatriz Ríos Cebreiros. Eles serían os encargados de determinar os mellores meles en cada unha das categorías: meles monoflorais, meles multiflorais.

No caso da Cata dos Queixos, foron doce profesionais experimentados os compoñentes do panel de cata para a valoración das mostras da DOP Arzúa-Ulloa e Arzúa Ulloa Curado, DOP Queixo Tetilla, DOP San Simón da Costa e DOP Cebreiro. O seu panel de cata estivo formado por: Mikel López Iturriaga, Miguel Fernández Vidal, Merchi Rodal Mallo, Carlos, Crespo Javier Sampayo Menéndez, Johanna Christina Sweers Penalonga, Damián Rey Cernadas, Ramiro Esparís Sampedro, Sonia Otero Padín, Carlos Veiga Pérez, Mariela Barca Villarta e Salomé Beiroa Fernández.

Para a selección de ambos paneis, a Axencia tivo en conta criterios como a súa experiencia en catas, a súa formación, a vinculación coa restauración, hostalería ou a distribución

alimentaria, a vinculación co xornalismo especializado no sector primario ou en gastronomía, así como os coñecementos acerca destes dous produtos senlleiros.

O día 16 de novembro tivo lugar unha actividade cos produtores que o desexaron, consistente nunha pequena cata de queixos e outra de meles, co obxectivo de darlles a coñecer o proceso da cata a cegas, cos mesmos materiais e procedementos empregados na cata-concurso.

O día 24 de novembro tivo lugar o acto de entrega dos correspondentes premios no Hotel Quinta da Auga de Santiago de Compostela, coa presenza do conselleiro do Medio Rural.

A organización das Catas dos queixos e dos meles adxudicouse á empresa NaranjaLimón Branding 360, no lote 2 da contratación do Servizo de desenvolvemento das catas-concurso, publicidade e organización do acto de entrega de premios das "Catas de Galicia 2023" (Expte. de contratación AGA-XER-2023-01). O importe da adxudicación foi 82.643,90 € (IVE incluído).

VALORACIÓN
Ao igual que as catas dos viños e augardentes, estas catas de queixos e meles xa forman parte do calendario de eventos de promoción dos produtos galegos de calidade coma un certame imprescindible na valoración e promoción do bo facer dos nosos queixeiros e produtores de mel de calidade. O prestixio do proceso, pola súa transparencia e obxectividade, a escolla dos xurados de cata e a recollida de mostras está fóra de toda dúbida e fai que os produtos das empresas gañadoras sexan moi demandados e percibidos coma produtos de excelencia.

Xestión das liñas de axuda para accións de promoción (B38)

No ano 2023 houbo dúas convocatorias para esta liña de axudas. Unha primeira convocatoria, publicada a principios de febreiro, serviu para subvencionar accións promocionais realizadas nos tres primeiros trimestres do ano. E unha segunda convocatoria, publicada en agosto, serviu para financiar actuacións de promoción realizadas no cuarto trimestre do ano 2023 ou iniciadas nese trimestre . Esta segunda convocatoria púidose aprobar logo dunha modificación do PDR a través da cal se conseguiu unha dotación orzamentaria adicional para a medida 3.20 que financia estas actuacións.

Son axudas que financian as accións de promoción (asistencia e organización de feiras e eventos comerciais, estudos de mercado e campañas publicitarias) que realizan os distintos consellos reguladores e outras asociacións sen ánimo de lucro vinculadas aos diferentes programas de calidade: denominacións de orixe, indicacións xeográficas e agricultura ecolóxica.

As axudas son subvencións a fondo perdido, que poden ser do 70 %, 60 % ou 50 % e así ata o 30% do gasto elixible en función da puntuación obtida de acordo cos criterios que se recollen nas bases. As accións deben iniciarse no ano 2023 e xustificarse antes do 10 de outubro de 2023 xa que se referían a accións a realizar ata o 30 de setembro.

Polo que se refire a primeira das convocatorias, esta publicouse no DOG do 2 de febreiro como "Resolución do 30 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o exercicio orzamentario 2023 (código de procedemento MR302A).

Esta primeira convocatoria de 2023 tivo unha dotación orzamentaria de dous millóns catrocentos corenta e seis mil setecentos trinta e seis euros (2.446.736 €) logo da

ampliación orzamentario establecida pola resolución do 22 de xuño de 2023, publicada no DOG núm. 123, do 29 de xuño de 2023

Como resumo da xestión das concesións desta primeira convocatoria debemos sinalar que foron 69 os expedientes aprobados (64 de consellos reguladores e 5 de asociacións) cunha subvención total concedida de 2.446.736 euros e unha subvención total pagada de 2.172.803 euros. Na seguinte táboa reflíctense os principais datos da xestión das axudas desta convocatoria.

BENEFICIARIO	SUBVENCIÓN 2023	PAGAMENTO 2023
AGRUPACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E FORMACIÓN DO SECTOR APICOLA DE GALICIA A.I.E	9.982,50	9.982,50
ASOCIACIÓN ADEGAS DO SALNES	937,56	907,86
ASOCIACIÓN DE QUEIXEIROS SAN SIMÓN DA COSTA	19.540,82	19.540,61
ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS	28.534,39	23.394,17
C.R.D.O RIAS BAIXAS	592.524,89	590.682,04
C.R.D.O. ARZÚA ULLOA	82.191,09	82.133,02
C.R.D.O. CEBREIRO	5.807,90	5.290,19
C.R.D.O. MONTERREI	327.938,07	201.222,22
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	102.168,46	86.346,73
C.R.D.O. RIBEIRO	265.749,40	247.361,20
C.R.D.O. SAN SIMON DA COSTA	10.605,70	9.879,00
C.R.D.O. VALDEORRAS	185.574,20	152.110,10
CRAEGA	233.359,08	220.430,92
DO PEMENTO DE HERBÓN	14.700,00	14.512,32
DOP QUEIXO TETILLA	41.786,01	39.926,78
II.XX. AUGARDENTES E LICORES T.DE GALICIA	48.041,24	19.233,43
IXP CARNE DE VACÚN DE GALICIA	285.362,00	282.502,52
IXP CASTAÑA DE GALICIA	20.326,61	20.261,15
IXP FABA DE LOURENZÁ	3.500,00	2.715,53
IXP GRELOS DE GALICIA	11.200,00	11.185,86
IXP MEL DE GALICIA	57.946,70	57.946,70
IXP PAN DE CEA	21.570,64	18.358,31
IXP PAN GALEGO	14.000,00	13.315,33
IXP PATACA DE GALICIA	43.438,75	28.200,66
IXP PEMENTO DA ARNOIA	1.750,00	1.749,44
IXP PEMENTO DO COUTO	1.400,00	1.015,00
IXP TARTA DE SANTIAGO	16.800,00	12.599,90
TOTAL	**2.446.736,01**	**2.172.803,49**

Polo que se refire á segunda convocatoria, esta publicouse no DOG o 21 de agosto de 2023 mediante a Resolución do 10 de agosto e con ela cubríronse as accións de promoción realizadas no cuarto trimestre do ano 2023 e mesmo aquelas iniciadas nese trimestre e finalizadas, a máis tardar, o 31 de xaneiro de 2024.

A dotación desta orde para o ano 2023 era de 100.000 euros e para o ano 2024 era de 900.000. A xestión destas axudas resúmese no cadro seguinte, no que se recolle unha

subvención total aprobada de 961.564 euros, e a 31 de decembro de 2023 tíñase xestionado o pagamento da parte correspondente á anualidade 2023, un total de 89.110 euros:

BENEFICIARIO	SUBVENCIÓN 23 +24	SUB 2023	SUB 2024	PAGAMENTO 2023
ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS	17.176,95	2.746,91	14.430,04	2.746,91
C.R.D.O. MONTERREI	137.701,24	11.275,21	126.426,03	8.761,91
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	31.122,84	6.468,21	24.654,63	4.133,36
C.R.D.O.RÍAS BAIXAS	352.145,47	28.210,00	323.935,47	28.210,00
C.R.D.O.RIBEIRO	89.264,00	8.978,20	80.285,80	7.533,31
C.R.D.O.VALDEORRAS	49.610,40	5.005,00	44.605,40	4.954,34
CRAEGA	55.370,00	5.812,80	49.557,20	5.740,04
DOP ARZÚA-ULLOA	30.139,51	3.103,40	27.036,10	3.103,40
DOP CEBREIRO	2.052,33	266,00	1.786,33	265,99
DOP Q. TETILLA	20.702,15	3.832,15	16.870,00	3.524,91
II.XX. AUGARDENTES E LICORES T.DE GALICIA	42.210,00	4.515,00	37.695,00	1.310,34
IXP CARNE DE VACÚN DE GALICIA	81.039,00	7.861,00	73.178,00	7.562,84
IXP CASTAÑA DE GALICIA	4.654,65	4.353,65	301,00	4.045,50
IXP MEL DE GALICIA	16.450,00	2.310,00	14.140,00	2.310,00
IXP PAN DE CEA	4.311,38	359,98	3.951,41	359,98
IXP PATACA DE GALICIA	22.014,52	3.989,52	18.025,00	3.986,86
IXP TARTA DE SANTIAGO	5.600,00	560,00	5.040,00	560,00
	961.564,44	**99.647,03**	**861.917,41**	**89.109,69**

Impulso de accións de mercado (B4)

Participación en feiras e outros eventos comerciais (B41)

Biocultura (A Coruña, 4 a 6 de marzo)

A Asociación Vida Sana é a responsable da organización das feiras Biocultura, con presencia en moitas capitais do estado como Madrid ou Barcelona e que anualmente achégase á Coruña. Tratase dun dos maiores eventos feirais da produción ecolóxica a nivel nacional e cunha forte repercusión na promoción do sector ecolóxico español, un dos principais produtores europeos.

Os días 3, 4 e 5 de marzo de 2023 a produción ecolóxica con Biocultura tivo un punto de encontro en Expocoruña onde non só se puideron adquirir produtos ecolóxicos dos expositores presentes, senón que tamén se desenvolveu un amplo abano de actividades que comprenden todos os aspectos da produción ecolóxica como os aspectos agrarios ou da acuicultura, a nutrición, a cociña con produtos ecolóxicos, a educación o cambio climático e outros temas de interese.

A Consellería de Medio Rural, a través da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, colaborou con esta feira subvencionando a presencia de 19 expositores que presentaron os seus produtos ecolóxicos no postos do CRAEGA así como na organización de varios obradoiros de temáticas diversas como o *packaging* ecolóxico, cociña ecolóxica nos colexios no ámbito da campaña Come Local, onde cociñeiros de comedores escolares fixeron demostracións, e tamén se colaborou na presentación dos laboratorios agroecolóxicos da Universidade de Vigo.

Tamén se fixeron diversos talleres y obradoiros infantís, sobre produción ecolóxica ou sobre contaminantes.

Non é a única representación do noso sector, dado que outros importantes produtores ecolóxicos acoden pola súa conta con postos propios adaptados á súa imaxe comercial. En total na feira expuxeron os seus produtos uns 200 expositores e asistiron máis de 13.000 visitantes, moitos deles profesionais.

A Axencia estivo representada na xornada de inauguración do día 4 de marzo a través do seu director, José Luis Cabarcos Corral. A contribución da Consellería a este evento foi de 15.000 euros.

Barcelona Wine Week BWW (Fira de Barcelona, Palacio 8 recinto Montjuic. Barcelona do 6 a 8 de febreiro)

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, estivo presente na BWW 2023 xunto con 25 adegas galegas co expositoras.

Ademais, a Axencia contou cun espazo no que se puideron degustar os viños, augardentes e licores premiados nas Catas de Galicia 2022. Estivo atendido por persoal da empresa Escenoset e por persoal técnico do Departamento de Promoción da Calidade Alimentaria.

As adegas estiveron agrupadas por denominacións de orixe, nun espazo as adegas de Rías Baixas e noutro as do Ribeiro. O resto das empresas que teñen referencias en varias denominacións de orixe estiveron agrupadas na mesma zona en espazos multi DO.

As empresas participaron con postos modulares de 7 e 14 m². O custe total dos postos pequenos (incluíndo o IVE e a cota de co expositor) foi de 3.032,99 €, do cal as empresas achegaron 1.938,20 €. No caso dos postos de 14 m2 o custe foi de 6.115,93 € (incluíndo o IVE e a cota de co expositor) e cada unha das empresas achegou 4.249,30 €

As adegas que participaron no espazo da Xunta de Galicia foron:



<u>DO Rías Baixas</u>
Bodega Davide
Adegas Valmiñor
Just B Galicia Wines
Señorio de Rubiós
Viña Almirante
Bodegas Chaves
Bouza do Rei
Adegas Terra de Asorei
Bodegas Eidosela
Notas Frutales de Albariño
Adegas Chan de Vide
Granxa Pegullal
Paco & Lola

<u>DO Ribeiro</u>
Bodegas Casal de Armán
Bodegas Cunqueiro
Coto de Gomariz

<u>Adegas situadas nos espazos Multi DO</u>
Adegas Pazo do Mar
Adegas Terrae
Grandes Pagos Gallegos de Viticultura Tradicional
Pazo de Rubianes/Pazo de la Cuesta
Vinos y Bodegas Gallegas
Vinigalicia
Viña Costeira
HGA Bodegas y Viñedos de Altura

VALORACIÓN
A valoración desta 3ª edición da feira por parte das adegas participantes foi moi positiva. Pouco a pouco fórense superando os problemas de organización que tiveron as dúas primeiras edicións, en parte afectadas pola pandemia da Covid-19, e houbo unha grande afluencia de público especializado. Por outro lado, o efecto do espazo conxunto "Galicia",

baixo o que se agruparon as empresas e consellos reguladores, gañou peso e importancia dentro da feira, á que acoden compradores de todo o mundo.

O número de empresas que queren participar neste evento medra cada ano, o cal demostra a importancia da presenza dos viños galegos nesta feira.

ABANCA CIMAG-GANDAGRO IV Feira profesional de maquinaria, agricultura e gandaría (Recinto Feira Internacional de Silleda, Silleda do 2 ao 4 de marzo)

A participación nesta edición de Gandagro consistiu en diversas actividades na Aula de Experiencias de Calidade, na que se desenvolveron actividades de cociña en directo con degustación de produtos de orixe gandeira (sectores lácteo e cárnico).

Estas actividades estiveron dirixidas por José Luis Mallón, da empresa Remollo, e por Criselda Iglesias, da Tapería Lecer. Ademais, participou nas presentacións persoal dos consellos reguladores implicados.

Diariamente organizáronse catro sesións con produtos galegos con indicativo de calidade de orixe gandeira: *Ternera Gallega*, *Lacón Gallego* e os catro queixos galegos con denominación de orixe. Estas sesións acompañáronse con viños galegos con denominación de orixe, Pan Galego e Pan de Cea.

A Aula de Experiencias tiña unha superficie de 100 m2, con capacidade para 26 persoas. O posto contaba tamén cun espazo de atención ao público, no que se daba información sobre os produtos galegos con indicativo de calidade e sobre as actividades ofertadas.

O custe do solo e a montaxe da aula, máis a organización de actividades, ascendeu a 16.412,00 € (IVE incluído).

VALORACIÓN
As actividades organizadas na Aula de Experiencias tiveron unha grande aceptación por parte do público da feira. O número de prazas dispoñibles cubriuse en todas as actividades programadas.

SALÓN GOURMETS (IFEMA, Madrid do 17 ao 20 de abril)

O posto institucional da Axencia no Salón Gourmets ocupou unha superficie de 490 m2 , dividido en dúas illas do pavillón 6 do IFEMA: a G10-1, de 315 m², onde estaban situadas as empresas de alimentación, a zona institucional e a Aula de Experiencias de Calidade e a illa G10-2 de 175 m², onde estaban situadas as empresas de bebidas (adegas e outras).

Na Aula de Experiencias de Calidade desenvolveuse unha programación diaria de actividades, nas que colaborou o persoal dos consellos reguladores: Queixo Tetilla, Arzúa-Ulloa, Mel de Galicia, Vacún de Galicia, Castaña de Galicia, Pan de Cea, Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia e Ribeiro. Ademais, participaron nas actividades da aula: José M. Mallón Iglesias, do Espazo Remollo; Javier Rodríguez Ponte (Taky) do catering Boketé; Héctor López, do Restaurante España; Victoria Masseda, do catering de Origen e o sumiller Nacho Costoya.

A continuación recóllense as empresas co expositoras:

Granxa Pegullal SA (Pazo Pegullal)
Vinos y Bodegas Gallegas (Bodegas Gallegas)
Viña Almirante, SCG (Viña Almirante)
Viña Costeira SCG (Viña Costeira)
Bodegas As Laxas, SA (Bodegas As Laxas)
Enoturismo Acha SL (Bodega Davide)
Bodega Cooperativa Jesus Nazareno S.C.G.
Adegas Terrae SL (Adegas Terrae)
Lacto Baltar SL (Casa Baltar)
Cárnicas Teijeiro SL (Cárnicas Teijeiro)
Queixería Barral
Fornos de Naveira, SL (Casa Naveira 1914)
Miguel Areán e Hijos, SL (Naiciña)
Embutidos Montepicato SL (Embutidos Montepicato)
Revinolution SL (Sangria Republic)
Granja Campomayor SL (Campomayor)
Cuevas y CIA SA (Cuevas Marron Glacé)
Lonxa Artesanos 20 SL (Lonxa Helados Artesanos)
Fundación Semana Verde de Galicia Feira Internacional de Galicia Abanca
Mariano Nicolás García SLU (La Mulata)

PRECOALVI, SL (CroketasD')
Paula Basalo Crespo (Morriña Pura)
Queserias sarrianas SL (Queserias sarrianas)
Queixería Dona Cobiña
Avilugo SRL (Avieco)
Lácteos Farelo SL (Lácteos Farelo)
Postres Miudiños SL (Perusiñas)
Cooperativa Agraria Provincial de A Coruña (Bico de Xeado)
Panadería Escairón, SL (Panadería Escairón)

O contrato dos servizos de deseño, organización, montaxe e desmontaxe e atención do posto da Axencia adxudicouse á empresa Escenoset, SL (Servizo de deseño, organización, montaxe, desmontaxe e atención dos postos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria nas feiras Gourmets, Salimat e Fruit Attraction durante o 2023. Expediente AGA-XER-2023-16). O importe total da adxudicación do contrato ascendeu a 462.220,00 €, IVE incluído. Dese total, a este contrato destináronse 313.616,27 € (67,85 % do importe total).

Ademais do contrato de servizos, hai que engadir o importe do solo de feira e o patrocinio dos talleres infantís que supuxeron 223.776,30 €.

Cada unha das 29 empresas achegou unha cota de participación de 2.057,00 € (1.700 € + 21% IVE).

VALORACIÓN
Este é o grande evento a nivel nacional de produtos "gourmet", no que os produtos galegos están ben recoñecidos e prestixiados. O éxito da feira non só foi a nivel comercial, segundo declararon a maioría das empresas participantes, senón tamén dos visitantes á feira. Este ano o espazo "Galicia", formado pola Consellería do Mar e a Consellería do Medio Rural levou o premio do público ao mellor deseño.

FENAVIN (Ciudad Real, 9, 10 e 11 de maio)

FENAVIN é a feira de referencia do viño español. Así definen a Feira Nacional do Viño tanto o diario El PAÍS, no seu suplemento Negocios, como o ICEX, nun informe de valoración de FENAVIN. E esta é tamén a percepción de adegas e cooperativas españolas, que apostaron por FENAVIN como instrumento para o impulso do negocio do sector vinícola nacional e internacional desde a súa primeira edición. O sector valora a eficacia do sistema impulsado desde a Feira, ano tras ano, pero, aínda así, o equipo xestor séguese marcando o mesmo obxectivo: facer negocio con sistemas de traballo pragmáticos e eficaces que axuden a que exista un amplo encontro entre oferta e demanda. Esta proposta, baseada fundamentalmente nunha atención profesional á demanda, conseguiu, en só dez edicións, que FENAVIN se convertese na feira monográfica do viño máis importante de España, e a que ofrece unha capacidade de negocio máis contrastada.

A feira presentou un completo programa de actividades e unha galería do Viño onde se puideron degustar 1.400 caldos nun espazo de 1000 metros cadrados. Os expositores contaron cun programa de contactos con compradores profesionais que lles permitiu axilizar a súa axenda durante os días de feira.

A Axencia colaborou na participación dos elaboradores das 5 denominacións de orixe galegas de viño así como dos augardentes e licores tradicionais de Galicia nesta feira, que se celebra bianualmente. Esta colaboración consistiu na asunción do custo do solo de feira necesario.

Ademais, o departamento de promoción da calidade alimentaria da Axencia coordina aos consellos reguladores do viño e augardentes no desenvolvemento dun contrato redactado e consensuado por eles para establecer as condicións que deberán rexer na realización dos traballos de servizos necesarios para o deseño, organización, montaxe, desmontaxe, transporte e funcionamento dun posto dos viños de Galicia no certame feiral.

O espazo dispoñible estivo no mesmo pavillón e situación respecto a anos anteriores aínda que se tratou de buscar un deseño de xeito que todas as empresas coexpositoras

puidesen ter un lugar atractivo para expoñer os seus produtos. O espazo foi de 320 metros cadrados no pavillón 4, denominado OSIRIS.

A empresa adxudicataria foi DEMOSTRA, cun atractivo deseño vangardista e gran experiencia na xestión deste tipo de eventos ao ter sido adxudicataria do contrato para asistir tamén na anterior edición de FENAVIN.

Na localización citada agrupáronse un total de 34 postos (8 da DO Ribeiro, 3 da DO Valdeorras, 14 da DO Rías Baixas, 8 da DO Ribeira Sacra e 1 da DO Monterrei) que se identificaron co nome da denominación de orixe. correspondente ademais da marca GALICIA.

Algún dos postos acolleu a varias adegas ou grupos de adegas con viños nalgúns casos de varios denominacións de orixe.

Para dar mais realce aos viños galegos, os visitantes da zona de Galicia tiveron acceso a un túnel do viño, onde tiveron cabida os viños dos expositores así como adegas que decidiron acudir á feira só nesta modalidade.

Os consellos reguladores tiveron un espazo para a promoción das súas denominacións de orixe con viño xenérico promocional e nese espazo tamén tiveron presencia as indicacións xeográficas protexidas, e todos os expositores puideron ter os servizos precisos (xeo, lavado de copas, servizo de comidas, etc.) para dedicar todo o tempo posible a accións promocionais e comerciais, moi orientadas cara á exportación. O custo para a Axencia foi duns 9.000 €

VINISTERRAE 2023 (Expourense, 5 e 6 de xuño)

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria participou este ano no X Salón del Vino y Licores Gallegos de Calidad, Vinisterrae (Expourense do 5 ao 6 de xuño) coas seguintes actividades:

- Catas comentadas dos Acios de Ouro e Potes de Ouro 2022
- Túnel do viño, augardentes e licores tradicionais de Galicia

Contouse cun espazo institucional (posto nº 14) no que houbo información sobre as os viños, augardentes e licores tradicionais gañadores das Catas de Galicia 2022 e ademais houbo 12 postos de empresas, todas elas gañadoras de distincións nas Catas de Viños, Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia 2022. O custo da acción foi de 64.812 €

SALÓN DE ALIMENTACIÓN DEL ATLÁNTICO 2023 (Feria Internacional de Galicia Abanca, en Silleda do 8 ao 11 de xuño)

A Axencia participou cun espazo de 450 m^2 , dividido en dúas illas. Nunha das illas estaba situada a zona institucional coa Aula de Experiencias de Calidade e 12 postos de co expositores. A outra illa estivo ocupada por 18 co expositores e o espazo expositivo dos consellos reguladores.

Dentro da Aula de experiencias desenvolvéronse unha serie de actividades, catas comentadas, *showcookings*, charlas divulgativas e unha presentación con degustación do distintivo Artesanía Alimentaria.

As 30 empresas que participaron no posto como na súa maior parte estaban inscritas nalgún consello regulador ou rexistradas en Artesanía Alimentaria, e estaban representados diferentes sectores: viños, queixos, conservas, galletas, cervexa, embutidos, carne, xeados, etc. Do total de empresas, 14 estaban inscritas no rexistro de Artesanía Alimentaria.

Relación de empresas coexpositoras:

Queixos Castelo de Brañas SL (Queixos Castelo)
Crisanto SAT (Don Crisanto)
Lacto Baltar SL (Casa Baltar)
Produtos Ecolóxicos Maruxas SL (Maruxas de Nata)
Maria José Tallón García (Trasdeza Natur)
Queinaga SAT (Queinaga)
Traloagro SL (Traloagro)
Cooperativa de Productores do Campo Capela (Campo Capela)
Adegas Chan de Vide, SL (Adegas Chan de Vide)
Enoturismo Marsé SL (Os Areeiros)
Adega Ardán SL (Pilares de Belesar y Adega Ardán)
Adega do Cesteiro SL (Adega do Cesteiro)
Bodegas Castellun Augusti, SL (Bodegas Castellun Augusti)

Embutidos Suarna, SL (Embutidos Suarna)
Pablo Casanova Iturralde (Celebridade Galega)
SAT A Pementeira (A Pementeira)
Tierra,Trabajo y Tradicion 3T SAT (Bodega 3 T)
Hospederia Monasterio Poio (Viñas del Monasterio)
Granxa Pegullal SA (Pazo Pegullal)
Postres Miudiños SL (Perusiñas)
Queixos a Montaña de Entrimo (Queixos a Montaña de Entrimo)
Seixas Indulac (Xeou!)
Silvans, SC (Galletas Xianas)
Soluciones técnicas Esdinela SL (Nela Gourmet)
Sofragal SCG (Sofrafal)
Caracoles do Gallo SC (Caracoles do Gallo)
Leche Rio SA (LEYMA e Rio de Galicia)
Casa Castro SC (Borboriño Xeados)
La Central Heladera Artesana de Ourense SL (La Central Heladera – LCH)
Irene Outeda Bos (Hidromel Fenrir Galicia)

Os servizos de deseño, montaxe, atención e organización do posto adxudicáronse á empresa Escenoset (expte. de contratación AGA-XER-2023-16) por un importe de 67.068,12 €, IVE incluído. A este importe hai que engadirlle o custe do alugueiro do solo de feira e a cota de inscrición que ascendeu a 21.829,50 € (IVE incluído).

Cada empresa coexpositora contribúe cunha cota de participación de 302,50€ (IVE incluído). Como novidade, nesta edición fixéronse varias actividades de presentación da IXP Pan Galego, coa participación do consello regulador. Tamén houbo outras actividades na Aula de Experiencias de Calidade: Irmáns de leite, cos consellos reguladores da DOP Arzúa-Ulloa e da DOP Queixo Tetilla; *Ternera Gallega*; Artesanía Alimentaria; presentación de viños gañadores das Catas de Galicia con Nacho Costoya; Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia a cargo do CR das IIXX Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia; catas comentadas dos viños das denominacións de orixe Monterrei, Ribeiro e Ribeira Sacra e ademais *showcookings* con José Manuel Mallón e Enma Pinal (do espazo Remollo) e Criselda Iglesias (Tapería Lecer).

Tamén é destacable o encontro dos expositores cos compradores Internacionais Salimat-Abanca.

VALORACIÓN
SALIMAT é un referente histórico, pioneiro das feiras do sector agrogandeiro en Galicia. Nesta última edición observouse un aumento do interese das empresas e da súa satisfacción polo volume de negocio acadado. O espazo utilizado pola Axencia estivo moi próximo ao ocupado pola Consellería do Mar cos seus produtores así como ao lugar reservado ás cooperativas, polo que se creou unha atractiva zona para os visitantes da feira. Tamén hai que engadir que este ano era a primeira vez que as empresas ían cun posto deseñado, en vez dos postos modulares doutros anos, o que causou moi boa expectación entre o público.

IBERFLORA (Fira de Valencia, Valencia, do 3 ao 5 de outubro)

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria participou en Iberflora cun espazo de 576 m2 no pavillón 3 da Fira de Valencia. Participaron 8 viveiros galegos de planta ornamental.

Relación de empresas coexpositoras:
Coplant Galicia SL
Viveros Juan Peixoto SL
Viveros Denoy SL
Viveiros de Romai SL
Fomento Vegetal de Galicia SL
Veraleza SLU
Viveros Cabaleiros SL
Vinicius Terrae SL

Os servizos de deseño, montaxe, atención e organización do posto adxudicáronse á empresa Escenoset (expte. de contratación AGA-XER-2023-18). O importe total da adxudicación foi 82,280 €, IVE incluído. A este importe hai que engadirlle o custe do alugueiro do solo de feira e as cotas de inscrición (aproximadamente 80.000 €).

Cada empresa coexpositora contribuíu cunha cota de participación dependo da superficie solicitada que oscilou entre os 1.573 € para o posto de 16 m2 e os 9.196 € para o posto de 128 m2 .

VALORACIÓN
O sector da planta ornamental galego é un referente a nivel nacional. A área de Galicia nesta feira é unha das máis visitadas e valoradas polo público. A valoración por parte das empresas co expositoras foi tamén moi positiva polo volume de negocio acadado.

FRUIT ATTRACTION (IFEMA, Madrid do 3 ao 5 de outubro)

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria participou na feira Fruit Attraction cun espazo de 128 m2 no pavillón 7 da feira (posto 7B13). Este posto estivo ocupado por 6 empresas coexpositoras do sector hortofrutícola galego ademais dos consellos reguladores de Pataca de Galicia e Castaña de Galicia.

Relación de coexpositores:

Miguel Areán e Hijos, SL (Naiciña)
Hortoverín, SL (Hortoverín)
Freshcut, SL (Galifresh)
Legufrut Agro, SL (Legufrut Agro)
Horsal S Coop. Galega (Horsal)
Horticolas Galegas SL (Hortícolas Galegas)
CRIXP Castaña de Galicia
CRIXP Pataca de Galicia

Os servizos de deseño, montaxe, atención e organización do posto adxudicáronse á empresa Escenoset (expte. de contratación AGA-XER-2023-16). O importe total da adxudicación do contrato foron 462.200,00 €, dos que o 17,64 % correspondeu a Fruit Attraction (81.535,60 €, IVE incluído). A este importe hai que engadirlle o custe do alugueiro do solo de feira 29.273,20 € (IVE incluído).

Cada empresa coexpositora contribuíu cunha cota de participación de 2.057,00€ (IVE incluído).

VALORACIÓN
Esta é a feira horto froitícola máis importante de Europa e aínda que o peso de nosa participación é moi pequena, as empresas galegas acoden cuns produtos moi valorados a nivel nacional (a castaña, a pataca galega e determinados produtos de horta galegos).

XANTAR, SALÓN INTERNACIONAL DO TURISMO GASTRONÓMICO (Recinto feiral Expourense, do 2 ao 5 de novembro)

Este evento conta coa presenza de numerosos restaurantes temáticos así como expositores que presentan as súas propostas gastronómicas vencelladas ao turismo e a gastronomía cun atractivo formato e pódense degustar no salón elaboracións de alta cociña internacional e produtos galegos de primeira calidade.

A consellería do Medio Rural, a través da Agacal, tivo un amplo programa de actividades -un total de 11 entre obradoiros e degustacións- nas que se deron a coñecer e degustar produtos galegos con DOP e IXP, coma o mel, carne, augardentes, produtos ecolóxicos, pan, patacas, grelos, queixos e castañas.

Os viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia tiveron unha presencia destacada cun túnel de degustación de 130 m2, onde estaban presentes as marcas gañadoras do concurso oficial Catas de Galicia e outras propostas enolóxicas galegas.
A presencia na feira da Consellería do Medio rural completouse cun *stand* institucional de 36 m2, onde se deu información aos asistentes sobre os produtos galegos e cunha exposición destes.

Ademais, catorce empresas acompañan neste evento á consellería para expoñer e presentar os seus produtos nun espazo de 84 m2. O custo total aproximado deste evento foi de 42.000 €.

Listaxe de empresas coexpositoras:

Bodega Roandi SL (Bodega Roandi)
Legufrut Agro SL (Legufrut Agro)
Ánades Galicia SL (Ánades Galicia)
Bodegas Petrón SL (Bodegas Petrón)
Sacra-Pan SL (Panadería Darío)
Don Bernardino SL (Don Bernardino)
Irene Outeda Bos (Hidromel Fenrir Galicia)
Seixas Indulac SL (Xeou!)
Euromel SC (Miel Rural)
Sofragal S. Cooperativa Galega (Sofragal Soc Cooperativa Galega)
Sandra Viñas Diz (Maremontesetas)
Panadería Aboamigalla (Aboamigalla)

Creación dunha plataforma para a para a promoción e venda on line dos produtos de calidade (B42)

Esta tarefa está intimamente relacionada coa indicada como B32: Mellora da web "Experiencias de calidade". A dita plataforma on line está integrada na citada web e comezou a funcionar durante 2022. A plataforma segue en activo desde entón, cumprindo coa función promocional para a que se creou. Ofrece a posibilidade real de venda directa de produtor a consumidor, pero realmente o volume de vendas rexistrado non é significativo.

Participación en "mercados singulares" e outros circuítos curtos de comercialización (B43)

No exercicio 2023 continuouse coa execución da media 16.41 do PDR, que se activara no ano 2022, "Apoio para a cooperación horizontal e vertical entre os axentes da cadea de subministro para a creación e o desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais e para actividades de promoción nun contexto local relacionado co desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais".

As actuacións amparadas neste medida abranguen accións de cooperación, nas que a Axencia actúa como axente impulsor da cooperación entre produtores primarios e/ou micro empresas de transformación de produtos agrarios, amparados por algún indicativo de calidade diferenciada, para a creación, mellora, promoción e consolidación de cadeas curtas de distribución e mercados locais.

As actuacións subvencionables, intensidade de axuda do 100 %, inclúen:

a) Actividades de cooperación vertical e/ou horizontal orientadas a crear, mellorar, promocionar e consolidar cadeas curtas de distribución.

b) Actividades de recuperación e fomento de mercados locais.

c) Actividades de cooperación para a subministración e venda directa de produtos amparados por indicativos de calidade en colectividades como comedores escolares, residencias, hospitais, etc..

Entre os criterios de selección dos proxectos cabe destacar o carácter innovador, o número de axentes participantes, os ámbitos de actividade e os plans de comunicación e divulgación.

O orzamento programado como gasto público total desta medida ata o ano 2025 é de 1.600.000 €. Trátase de actuacións do Capítulo VI e, por regra xeral, serán executadas por

un terceiro, formalizándose esa relación xurídica a través de calquera medio válido en dereito: contrato, encargo a medio propio, convenio, etc. As actividades financiadas deben ser contratadas pola Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, xa que teñen que ser actuacións directas da Administración pública a través do Capítulo VI nas que na maioría dos casos a Axencia carece de medios propios para a súa realización. O Tesouro da Xunta de Galicia anticipa o pago dos investimentos e recibe posteriormente o reembolso, procedente do Feader e dos fondos da Administración Xeral do Estado, polo Organismo Pagador.

No exercicio 2023 pagáronse 77 expedientes, dentro dos proxectos para promocionar e consolidar as cadeas curtas de distribución e os mercados locais, cun investimento total de 240.984,75 €. Na táboa seguinte recóllese a información básica de cada un deses expedientes.

Actuación	Expedientes	Adxudicatarios	Pagado 23
Xestión da páxina web (www.experienciasdecalidade.gal	16412022cc-06; 07; 09	Ekiba Digital SL; Roi Up SL; O Cable inglés Soc. Coop. Galega	34.303,50
Merchandising para a promoción da web experiencias de calidade: tazas (1000 unidades) e lápices (2000 unidades)	16412022CC-15	Promocomp Publicidad Galicia SL	3.097,60

(www.experienciasdecalidade.gal)			
Custo do solo participación en Galicia Fórum Gastronómico 2022	16412022cc-08	Escenoset SL	35.343,00
Realización vídeos e promoción da web/plataforma (www.experienciasdecalidade.gal)	16412022CC-10; 11;	Moving Logistic Cooking SL	15.488,00
Dixitalización de información de referencias de produtores na web (www.experienciasdecalidade.gal)	16412022cc-12	Naturcode Smart Label sl	18.137,90
Xestión de redes sociais da web Experiencias de calidade (xaneiro a xuño 2023) (www.experienciasdecalidade.gal)	16412022cc-13	O cable inglés, S. Coop Galega	5.553,90
Promoción da web Experiencias de calidade no Festival da luz 2023 (25 a 27 de agosto de 2023) (www.experienciasdecalidade.gal)	16412022cc-16; 17; 18	Escenoset SL; Tesec AV & Events SL; Naranjalimon branding 360 SL	25.832,56
Compra de produto promocional mercado de artesanía alimentaria Merca Delicadeza, Lalín, 10 a 12 de marzo de 2023	16412023ml-01; 02;03;04;05;06;07;08;09;10;16;18;19;20;21;22;23;24;25;26;27;28;29;30;31;32;33;34;36;38;39;40;41;42;44; 45	Varios produtores de artesanía alimentaria de Galicia	2.538,26
Deseño, montaxe, servizos gastronómicos e servizos audiovisuais do mercado de artesanía alimentaria Merca Delicadeza, Lalín, 10 a 12 de marzo de 2023	16412023ml-11; 12; 13; 14; 15	Custoset SL; Escenoset SL; Fififer Servicios SLU; Moving Logistic Cooking SL; Tesec AV & Events SL	69.369,30
Montaxe da iluminación, deseño, maquetación e impresión de lonas, vinilos, grabación de vídeos, reportaxes fotográficas no mercado de artesanía alimentaria Merca Delicadeza, Lalín, 10 a 12 de marzo de 2023	16412023ml-35, 37; 43;46	Inelcea SL; Papel Natural Novo Sl; Arthur Gordon SL; Naranjalimon Branding 360 SL	12.135,27
Lote de pegatinas artesanía alimentaria mercado de artesanía alimentaria Mercadelicadeza, Lalín, 10 a 12 de marzo de 2023	16412023ml-17	Juan Carlos Blanco Glez	375,10
Servizos: montaxe e desmontaxe de *stand*, montaxe da tenda ficticia, persoal para atender ao *stand* (cociñeiro e azafatas) Subministro: *merchandising* (bolsas e tatuaxes) no Festival da Luz 2023 (25 a 27 de agosto de 2023	16412023ml-55	Momentos Ben Feitos SL	15.971,40
Compra de produto promocional mercado de artesanía alimentaria Coristanco, 15 a 17 de setembro de 2023	16412023ml-47; 48; 49; 51; 52; 53; 54; 59; 60; 61; 62; 63; 64; 66; 67; 68; 69	Varios produtores de artesanía alimentaria de Galicia	1.870,96
Xornada formativa dirixida aos produtores participantes no mercado de artesanía alimentaria Coristanco, 15 a 17 de setembro de 2023	16412023ml-50	Elige Plus Consultores de Dirección SL	968,00
Total			**240.984,75 €**

Como se indicou, entre as accións subvencionables por esta liña de axudas se atopan as actividades de recuperación e fomento de mercados locais e con cargo a ela organizáronse dous mercados de produtos de Artesanía Alimentaria: Merca Delicadeza, en

Lalín (do 10 ao 12 de marzo) e o Mercado de Artesanía alimentaria de Coristanco (16 e 17 de setembro). Ademais, con fondos propios da comunidade autónoma organizouse outro mercado de produtos artesanais alimentarios en Lugo (do 15 ao 17 de decembro).

Realización de outras accións de carácter comercial (B44)

De acordo coa planificación establecida no Contrato de xestión 2021 – 2024, en 2023 non se executou ningunha acción relacionada con esta tarefa.

Incrementar o número de operadores e o valor da produción amparada por figuras de protección da calidade diferenciada (B5)

Realización de accións de acompañamento e titorización (B51)

En relación coa Artesanía Alimentaria, en 2023 fixéronse diversas reunións con diferentes operadores de cara a elaborar diferentes normas técnicas. En concreto fixéronse as seguintes:

- Helicicultura (18.04.2023)
- Hidromel (18.04.2023)
- Zumes (25.04.2023)
- Manteiga (17.04.2023)
- Pan (25.04.2023)
- Bebidas espirituosas (13.06.2023 e 4.10.2023)
- Vermú (13.06.2023 e 4.10.2023)

Realización de accións formativas (B52)

En 2023, dende o Departamento de Protección da Calidade Diferenciada coordináronse un total de 5 accións formativas vinculadas co sector da artesanía alimentaria. Estas xornadas de divulgación tiñan como obxectivo a posta en valor do produto alimentario artesanal a través do selo de calidade diferenciada "Artesanía Alimentaria" dando a coñecer ás tendas especializadas o produto artesanal. Tamén se buscaba animar a novas empresas artesanais a inscribirse no Rexistro da artesanía alimentaria.

As xornadas contaron coa animación de diferentes bloggers, xornalistas e divulgadores gastronómicos, e coa participación activa de empresas artesanais de éxito e tendas especializadas como exemplos inspiradores.

Localidade	Lugar e data	Experiencias na Mesa de Debate
Betanzos	Edificio Liceo 24-10-2023	Bolboretas no bandullo (blogger gastronómico) Acastrexa (empresa artesanal)
Lugo	Praza de Abastos 26-10-2023	Traloagro (empresa artesanal) Airas Moniz (empresa artesanal)
Allariz	Casa do Concello 07-11-2023	Nela Gourmet (empresa artesanal) Ánades Galicia (empresa artesanal)
Pontevedra	Recinto Feiral 13-11-2023	María Hermida (xornalista gastronómico) Juncal Alimentación (tenda especializada) Cervexa Menduíña (empresa artesanal) Trasdeza Natur (empresa artesanal)
Santiago	MUPEGA 29-11-2023	Jorge Guitián (xornalista gastronómico) D'aldea (tenda especializada) Kalekói (empresa artesanal) Xearte Brigitte (empresa artesanal)

En todas as xornadas tivo lugar a participación da Agacal para a presentación do selo de Artesanía Alimentaria cos seguintes contidos:

- Obxectivos e condicións xerais para a produción de alimentos artesáns.
- A regulación da actividade artesanal.
- As normas técnicas.
- Compatibilidade con outras certificacións de calidade.
- Catálogo de empresas e produtos en Artesanía Alimentaria.

Co obxectivo de reforzar a participación e inscrición de empresas artesanais e tendas especializadas nas xornadas, e contribuír tamén á divulgación do selo de Artesanía

Alimentaria, elaborouse material divulgativo para a súa remisión aos medios, e para informar a través das redes sociais.

A nivel xenérico fíxose unha programación conxunta das Xornadas para a súa difusión e tamén se fixo unha específica para cada xornada.

Nas xornadas participaron 118 persoas dun total de 149 inscricións. Na seguinte táboa recollemos os datos de asistencia.

Xornadas	Asistencia		
	Mulleres	Homes	Total
Betanzos	5	1	6
Lugo	10	3	13
Allariz	10	6	16
Pontevedra	48	22	70
Santiago	10	3	13

Realización de estudos e traballos técnicos (B53)

Neste capítulo, no ano 2023 compútanse os seguintes traballos:

- Asistencia técnica para sensibilización e divulgación de actividades e producións con calidade diferenciada (artesanía alimentaria) e elaboración de normas técnicas de artesanía alimentaria. Esta asistencia técnica foi prestada por Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais Coop. Galega, e tivo un custo de 16.032,50 euros, IVE incluído.

- Servizo de apoio técnico nos labores de control e certificación. Esta asistencia técnica prestouna TRAGSATEC e tivo un importe en 2023 de 175.592,89 euros.

- Estudo para a modificación dos pregos de condicións das IXP Castaña de Galicia, Faba de Lourenzá e Lacón Gallego, cun custo total de 6.000 euros.

Convocatoria e xestión das axudas para os gastos de participación dos operadores nas figuras de protección da calidade diferenciada (B54)

O 17 de abril de 2023 publicouse no DOG a "Resolución do 4 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR362A)".

Son axudas incluídas no PDR 2014-2020 que financian aos agricultores e gandeiros os gastos derivados da súa pertenza ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria. Están financiadas con fondos Feader, do Ministerio e da Xunta. A súa finalidade é fomentar a participación dos agricultores e gandeiros en figuras de protección da calidade, como as denominacións de orixe, as indicacións xeográficas ou a agricultura ecolóxica, mediante a contribución ao financiamento dos custos fixos que esta participación ocasiona. A contía da axuda pode chegar ata o 100 % dos gastos subvencionables realizados, sen superar os 3.000 euros anuais por explotación, durante un período máximo de cinco anos.

Na convocatoria de 2023, de forma coherente coas anteriores, foron subvencionables os gastos imputables á campaña anual comprendida entre o 1 de maio de 2022 e o 30 de abril de 2023.

A convocatoria 2023 tivo unha dotación orzamentaria de douscentos setenta e sete mil oitocentos sesenta e dous euros (277.862 €). Como se pode ver no cadro adxunto, aprobáronse 822 solicitudes das 960 presentadas. O orzamento foi suficiente este ano para atender ás solicitudes presentadas e aprobáronse axudas por un importe de 222.657,68 €, que logo da fase de xustificación quedaron nun importe pagado total de 214.950,65 €.

Programa de calidade	Solicitudes presentadas	Solicitudes aprobadas	Importe aprobado (€)	Importe pagado GPT (€)
DO RÍAS BAIXAS	1	0	0	0
DO RIBEIRA SACRA	1	0	0	0
DO VALDEORRAS	2	2	1.280,03	1.280,03
DO MONTERREI	3	3	1.364,58	1.364,58
DOP PEMENTO DE HERBÓN	2	2	150,00	150,00
IXP PATACA DE GALICIA	1	1	100,00	100,00
IXP MEL DE GALICIA	25	20	3.781,55	3.350,12
IXP TERNERA GALLEGA	547	467	98.309,00	94.992,00
AGRICULTURA ECOLÓXICA	359	309	116.272,52	112.313,91
IXP VACA E BOI DE GALICIA	19	18	1.400,00	1.400,00
TOTAL 2023	960	822	222.657,68	214.950,65

Axudas para os gastos de participación dos operadores nas figuras de protección da calidade diferenciada 2023

Promoción da realización de accións de cooperación entre consellos reguladores para a promoción conxunta (B55)

No ano 2023 só podemos computar unha acción de cooperación entre consellos reguladores para a promoción conxunta, que sería a relativa á presencia en Fenavin (Ciudad Real), evento do que xa demos conta cando nos referiamos anteriormente cando abordamos a tarefa B41, participación en feiras e outros eventos comerciais. Como se dixo daquela, a Axencia, ademais de correr co custo do solo feiral, coordinou a presencia baixo unha identidade común, dos cinco consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas así como a do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

Investigación: actividades centralizadas

Convocatorias de proxectos piloto. Submedida 16.20

A Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria xestionou na anualidade 2023 as convocatorias de axudas de PROXECTOS PILOTO en concorrencia competitiva, submedida 16.20 do PDR de Galicia 2014-2020, correspondentes ás convocatorias en execución dos anos 2021 e 2022.

Os importes propostos nas diferentes convocatorias do procedemento MR331A e que foi preciso xestionar, adxudicar e controlar beneficiario a beneficiario foron os seguintes:

- Na convocatoria 2021 un valor total de 2.249.402,65 euros, distribuídos nas seguintes anualidades: 339.410,89 euros en 2021, 1.167.279,24 euros en 2022 e 742.712,52 euros en 2023.
- Na convocatoria 2022 un valor total de 1.358.283,13 euros, distribuídos nas seguintes anualidades: 270.339,08 euros en 2022, 613.909,51 euros en 2023 e 474.034,54 euros en 2024.

Convocatorias capítulo VII	Nº solicitudes pago	Total crédito convocatoria	€ 2023
PP 2021-2023	19	2.249.402,65	742.712,52
PP 2022-2024	11	1.358.283,13	613.909,51
TOTAL	30	3.607.685,78	1.356.622,03 €

Durante a anualidade 2022 iniciouse todo o procedemento para a tramitación da convocatoria para o ano 2023 da orde de axudas pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, (código de procedemento MR331A). Porén, axustes orzamentarios do último período do ano 2022 determinaron que, finalmente, esta convocatoria se convocase baixo criterios PEPAC 2023-2027. Este novo escenario impediu publicar a convocatoria no ano 2023 ao non tela adaptada.

Propuxéronse para o pago 32 solicitudes de pagamento no ano 2023 (1 da convocatoria 2021 (anualidade 2022), 4 da convocatoria 2022 (anualidade 2022), 18 da convocatoria 2021 (anualidade 2023), e 9 da convocatoria 2022 (anualidade 2023)) por importe de 1.237.506,05 €.

Os expedientes da convocatoria de proxectos piloto xestionados a través desta convocatoria de axudas foron os seguintes:

Proxecto	Beneficiario	Titulo	Convocatoria	Orzamento
FEADER 2021/001A	VIÑA COSTEIRA S COOP GALEGA	VIÑ@SoStible - VALORIZACIÓN DE RESIDUOS VITIVINÍCOLAS NA ELABORACIÓN DE VIÑOS SOSTIBLES	2021	187.499,13
FEADER 2021/002A	LIGAL	LEME: NOVAS TECNOLOXÍAS PARA ESTIMACIÓN DAS EMISIÓNS ENTÉRICAS DE METANO EN VACAS DE LEITE	2021	184.914,10
FEADER 2021/006A	CUME DO AVIA S.COOP.GALEGA	EIRAVINE: DESENVOLVEMENTO DE PROTOCOLO DE RECUPERACIÓN DE VIÑEDO ECOLÓXICO OPTIMIZANDO A SÚA LONXEVIDADE E SUSTENTABILIDADE	2021	87.103,41
FEADER 2021/016A	ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL ODEGA	SENSORSOIL	2021	134.908,82
FEADER 2021/019A	GALIPLANT ORNAMENTAL SL	EVALUACIÓN COMO AGENTE DE BIOCONTROL DEL EXTRACTO OBTENIDO A PARTIR DEL RESIDUO DEL PRENSADO DE SEMILLAS DE CAMELIAS SP EN LA EXTRACCIÓN DE ACEITE	2021	78.945,00
FEADER 2021/023A	QUEIZUAR SL	VALNASOM - VALORIZACIÓN DA NATA DE SORO MEDIANTE A PRODUCIÓN DE MANTEIGA PREMIUM	2021	187.500,00
FEADER 2021/026A	ORBALLO INNOVACIONES FORESTALES, S.L.	EMPLEO DE MODELOS MATEMÁTICOS EN PRODUTOS NUTRACÉTICOS A BASE DE TE E LÚPULO	2021	187.075,00
FEADER 2021/028A	QUEIXERIA PRESTES, SL	VALORIZACIÓN DEL SUERO DE QUESERÍA Y DESARROLLO DE NUEVOS PRODUCTOS FUNCIONALES	2021	76.491,97
FEADER 2021/035A	CONSERVAS DO TAMEGA SL	REVALORIZACIÓN DE HUERTA ECOLÓGICA HACIA ALIMENTOS MÍNIMAMENTE PROCESADOS	2021	88.130,00
FEADER 2021/038A	ASOC SECTORIAL FORESTAL GALEGA-ASEFOGA	APIXEN	2021	187.500,00
FEADER 2021/053A	GALINSECT, S.L.	BIOPROINSECT - Bioprocesado de insectos para la obtención de productos de valor añadido	2021	181.468,56
FEADER 2021/058A	MILHULLOA, SDAD COOP GALEGA	CARACTERIZACIÓN DE BOTÁNICOS PARA DESENVOLVER COSMÉTICOS ECO BIACTIVOS	2021	29.950,00
FEADER 2021/064A	ECOCELTA GALICIA SL	SISTEMA MODULAR DE VERMIGESTIÓN DE PURINES PARA SU VALORIZACIÓN COMO FERTILIZANTE . ACRÓNIMO "AGROPURÍN"	2021	151.256,47
FEADER 2021/066A	UNIÓN DE COOPERATIVAS AGACA	POSTA EN VALOR DA FABA DE LOURENZÁ: SANIDADE DA SEMENTE, CULTIVO E COMERCIALIZACIÓN	2021	136.834,00
FEADER 2021/070A	MADERA PLUS CALIDAD FORESTAL SL	NEMATODO-SCREEN: INFRARROJO CERCANO PARA SELECCIONAR POR SUSCEPTIBILIDAD AL NEMATODO	2021	149.592,38
FEADER 2021/071A	PROYECTO MIÑA TERRA, S.L.	OPTIMIZACIÓN DA DIETA DE CEBO NAS DIFERENTES CATEGORÍAS DA RAZA CACHENA	2021	187.500,00
FEADER 2021/072A	PORTO-MUIÑOS, S.L.	ALGATERRA: Novos insumos agrícolas para a mellora de cultivos en ecolóxico elaborados con algas mariñas de Galicia	2021	182.964,40

FEADER 2021/076A	HIFAS FORESTA, S.L	GREENCASTANEA. PRODUCIÓN CASTIÑEIRO MICORRIZADO INVITRO E SELECCIÓN INTRAVARIETAL DE VARIEDADES IXP	2021	187.500,00
FEADER 2021/080A	INNOGANDO S.L.	PASTOREO 4.0: AVALIACIÓN DAS FUNCIONALIDADES DUN SISTEMA DE MONITORIZACIÓN DO GANDO EN PASTOREO CON INTELIXENCIA ARTIFICIAL	2021	53.152,53
FEADER 2022/001A	O RUALDI S.L	DENSENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUTOS CÁRNICOS DE PORCO CELTA SEN ADITIVOS ARTIFICIAIS	2022	146.974,15
FEADER 2022/004A	PANADERIA DA CUNHA, S.L.	MELLORA DO CULTIVO ECOLÓXICO DE TRIGO AUTÓCTONO	2022	100.718,00
FEADER 2022/005A	AGRONOVO ECOLOXIA, S.L	INCREMENTO DA EFICIENCIA EN GANDERIAS DE RUMIANTES E VALORIZACIÓN DOS SEUS PRODUTOS	2022	149.816,17
FEADER 2022/008A	COMUNIDADE DE REGANTES DE ANTIOQUIA	AFORRO NA AUGA DE REGA E OUTROS INSUMOS MEDIANTE NOVAS TECNOLOXÍAS	2022	109.600,36
FEADER 2022/009A	ANAY674MB, S.L	EXPLOTACIÓN DO POTENCIAL DE GARDA DUN TERROR HISTÓRICO DO RIBEIROCON CULTIVO SUSTENTABLE DO VIÑEDO	2022	122.435,00
FEADER 2022/010A	A MAN DE PRADO, S.L	XARDÍN VERTICAL CON PLANTA VIVA, MONTABLE E MONITORIZADO MEDIANTE APP MOVIL POLO USUARIO	2022	179.999,99
FEADER 2022/017A	SEMENTARES, S.L.	AS VARIEDADES AUTÓCTONAS COMO ALIMENTOS FUNCIONAIS A PARTIR DE CULTIVOS SUSTENTABLES	2022	187.499,50
FEADER 2022/022A	COOP. VITIVINICOLA AROUSANA S COOP GALEGA	VIÑOXS – ITINERARIOS INNOVADORES EN CRIANZAS OXIDATIVAS DE VIÑOS GALEGOS	2022	145.810,74
FEADER 2022/027A	A MILPA DO SALNES S.COOP.GALEGA	PRODUCIÓN DE FARIÑA DE MILLO NIXTAMALTIZADA A PARTIR DE RECURSOS GENÉTICOS AUTÓCTONOS DE GALICIA	2022	187.500,00
FEADER 2022/029A	UNIONS AGRARIAS - UPA	ENERXIGANDO:PLATAFORMA WEB ADOCIÓN DE MODELOS ENERXÉTICOS INNOVADORES EN EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS	2022	187.500,00
FEADER 2022/035A	ADEGAS VALMIÑOR, S.L.	TRATAMENTOS FITOSANITARIOS EN VIÑEDO CON RPA NA D.O. RIAS BAIXAS EN DOUS SISTEMAS DE CONDUCIIÓN E NA VARIEDADE ALBARIÑO	2022	180.000,00

O 29 de marzo organizouse no salón de actos do Centro de Formación e Experimentación Agraria de Sergude o III Foro de Innovación Produtiva do Sector Agrario no que se presentaron 19 proxectos piloto desenvolvidos ao abeiro da Resolución de 30 de decembro de 2019 pola que se estableceron as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas có Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e que se convocaron para o ano 2020 (código de procedemento MR331A), publicada no DOG Núm. 30, de 13 de febreiro de 2020. Este foro permitiu dar publicidade ás actuacións e principais

resultados obtidos dos proxectos financiados na convocatoria 2020 e que finalizaron e se xustificaron na anualidade 2022.

Convocatorias de proxectos de grupos operativos da AEI, Submedida 16.1 (PDR) e Intervención 7161 (PEPAC)

A Área de Formación, Innovación e Investigación agraria xestiónanse tamén as convocatorias de axudas de GRUPOS OPERATIVOS, submedida 16.1 do PDR de Galicia 2014-2020 e Intervención 7161.1 do PEPAC 2023-2027, unha das convocatorias que suscita maior interese no ámbito da innovación agraria por parte do sector.

AC2021E-02	Xornada de transferencia	Manexo sustentable no viñedo e calidade dos viños na DOP Ribeiro	Evega	AC2021E-02
Kopper	Ensaio	Evaluación da eficacia de Lumiere e Limocide para o control de oídio na vide	EVEGA	4235

PUBLICACIÓNS

TÍTULO	AUTOR	REFERENCIA
Characterization of Indigenous Non-Saccharomyces Yeast Strains with Potential Use in Winemaking.	David Castrillo, Pilar Blanco	*Front. Biosci. (Elite Ed) 2023 ; 15(1): 1 https://doi.org/10.31083/j.fbe1501001*
Can Satellite Remote Sensing Assist in the Characterization of Yeasts Related to Biogeographical Origin?	Castrillo, D.; Blanco, P.; Vélez, S	Sensors 2023, 23, 2059. https://doi.org/10.3390/s23042059
Peculiarities of the OrganicWine in Galicia (NW Spain): Sensory Evaluation and Future Considerations	Castrillo, D.; Blanco, P.	Beverages 2023, 9, 89. https://doi.org/10.3390/ beverages9040089
Denominación de Origen: ¿Es posible identificar diferencias biogeográficas en las levaduras del viñedo mediante imágenes de satélite?	David Castrillo, Pilar Blanco, Sergio Vélez.	SeVi Nº 3644
Non-Anthocyanin Compounds in Minority Red Grapevine Varieties Traditionally Cultivated in Galicia (Northwest Iberian Peninsula), Analysis of Flavanols, Flavonols, and Phenolic Acids	Ángela Díaz-Fernández , Emilia Díaz-Losada , Anxo Vázquez-Arias , Anna Puig Pujol , Daniel Moreno Cardona and María Esperanza Valdés-Sánchez.	Plants 2023, 12, 4. DOI:10.3390/plants12010004
Part II—Aroma profile of twenty white grapevine varieties: a chemotaxonomic marker approach	Díaz-Fernández, Á.; Díaz-Losada, E.; González, J.M.D.; Cortés-Diéguez, S	Agronomy 2023, 13, 1168. https://doi.org/10.3390/ agronomy13041168
In-the-Field Authentication of Grapevine (Vitis vinifera L.) cv: Albariño Using Chlorotype Discrimination and a Single SNP Interrogation by LAMP	Quinteiro, J. , Quinteiro, L. , Díaz-Fernández, A. , Rey-Méndez, M., Ibáñez, J. , Díaz-Losada, E.	Australian Journal of Grape and Wine Research Volume 2023, Article ID 2117139
Current situation and characterization of the Eurasian wild grapevine in Asturias region (Northwest of the Iberian Peninsula)	Mª Dolores Loureiro, José Manuel Valle, Rafael Ocete, Mª Ángeles López, Carlos Alvar Ocete, Álvaro Rodríguez-Miranda, José Miguel Martínez-Zapater, Javier Ibáñez	Vitis 62 (1): 27-40
Variation in Susceptibility to Downy Mildew Infection in Spanish Minority Vine Varieties	Susana Boso et al	Plants 12(14): 2638

Sintomatoloxía das enfermidades do viñedo galego en imaxes	Juan Carlos Vázquez Abal	Monográfico nº 11 Evega
Aportaciones a la caracterización de variedades minoritarias de España a través de su perfil aromático varietal	Emilia Díaz-Losada, Ángela Díaz-Fernández y Sandra Cortés-Diéguez	Acenología 192 DOSSIER MINORVIN. Variedades minoritarias
Xantar; celebrarmos a nós mesmos	Juan Manuel Casares Gándara	Xantar 2023
Microbioma, fertilidad y residuos en suelos de viñedos de la DOP Ribeiro bajo distinto manejo	Pilar Blanco, Isaac Rodríguez, Victoria Fernández-Fernández, María Ramil, Rosa Montes, Noemi Calvo-Portela, Andrea Parente-Sendín, Melissa Méndez-López, Flora Alonso-Vega	SeVi Nº 3647. 2-8
Diversidade xeográfica de lévedos de uva en Galicia e influencia do cultivo ecolóxico ou convencional	David Castrillo, Eva Rabuñal, Noemi Neira e Pilar Blanco	Agroexprés-Xuño 2023 Nº6: 13-15. Reseña do artigo Oeno One, 3: 573-587. 2019
Efecto do emprego dun lévedo autóctono sobre o aroma do viño Treixadura.	Pilar Blanco, María Vázquez-Alén, Teresa Garde-Cerdán e Mar Vilanova	Agroexprés-Decembro 2023 Nº7: 17-19. Reseña do artigo Fermentation, 7, 31. https://doi.org/10.3390/fermentation7010031. 2021

PRENSA

DATA	TÍTULO	MEDIO
23/11/2023	Como afecta o uso de fitosanitarios nos viñedos á saúde dos solos?	Campo galego
30/11/2023	A composición dos viños do Ribeiro: análise e oportunidades	Campo galego
02/11/2023	Presentación das V Jornadas de Viticultura daSECH	Xantar - Libro
02/11/2023	Actividades de EVEGA en Xantar	Xantar - Libro
09/11/2023	Cosecha de Galicia adhírese ao convenio marco de colaboración no contexto AKIS impulsado por AGACAL	Gabinete comunicación Consellería Medio Rural
16/11/2023	Taller práctico A poda na vide	Gabinete comunicación Consellería Medio Rural
30/03/2023	Posta en valor da Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía	Gabinete comunicación Consellería Medio Rural
30/06/2023	Taller práctico enxerta vide	Gabinete comunicación Consellería Medio Rural
12/10/2023	Xornada técnica sobre manexo sustentable no viñedo	Gabinete comunicación Consellería Medio Rural
01/08/2023	Curso sobre técnicas cultivo para o sector vitícola	Gabinete comunicación Consellería Medio Rural
	Otros	Web EVEGA
	Otros	Facebook EVEGA

OUTRAS ACTIVIDADES 2023

Teses dirixidas	1
Tribunais de selección	1
Tribunais teses doutorais	0
Tribunal avaliación proxectos alumnos bacharelato (IES Ramón Cabanillas – Cambados	3
Asistencia a xornadas/webinars/seminarios/congresos	45
Asesoramento científico-técnico	200
Charlas/conferencias impartidas	25
Visitas técnicas/Consultas técnicas	124
Reunións científicas	45
Revisión de manuscritos para revistas científicas	9
Informes/memorias de investigación	29
Prácticas IES Ramón Cabanillas - Cambados	35

Participación na cata de viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia	1
Cata dirixida a alumnos IES Ramón Cabanillas - Cambados	1
Cata proxecto RECURSOS XENETICOS	1
Catas proxecto VIÑASOS	1
Catas proxecto FERTISOST	1
Catas proxecto VIÑOX	9
Cata Tostados de Galicia (Enomaq)	1
Poñentes en Curso de elaboración de viños e derivados	2
Poñentes no curso de viticultura da EVEGA (Ourense)	4
Poñentes no curso de IDENTIFICACIÓN E CONTROL DE PRAGAS E ENFERMIDADES DA VIDE. CURSO PRÁCTICO	2
Poñentes no curso de A poda da videira: fundamentos teóricos e práctica de poda	1
Boletíns de avisos fitosanitarios	14
Prácticas IES Ribeiro	7
Alumnos en prácticas	6
Impacto	29

COMUNICACIÓNS EN CONGRESOS NACIONAIS

TÍTULO	AUTORES	REFERENCIA
Interacción entre genotipos de vid y productos de control biológico basados en especies de *Trichoderma*	Ester Abarquero, Dolores Loureiro, Raquel Rodríguez-Cudeiro, David Gramaje, Emilia Díaz-Losada	35ª reunión Grupo de Trabajo Experimentación en Viticultura y Enología
Aplicación de la levadura autóctona *Saccharomyces cerevisiae* XG3 para la elaboración de vino Treixadura en bodegas de la DOP Ribeiro	Pilar Blanco, María Vázquez-Alén, Teresa Garde-Cerdán, Mar Vilanova	35ª REUNIÓN ANUAL DEL Grupo de Experimentación en Viticultura y Enología10, 11 de mayo de 2023 - Olite (Navarra).
Evaluación de suelos de viñedos bajo distinto tipo de manejo en la DOP Ribeiro.	Pilar Blanco, Isaac Rodríguez, Victoria Fernández-Fernández, María Ramil, Noemi Calvo-Portela, Andrea Parente-Sendín, Melissa Méndez-López, Flora Alonso-Vega	35ª REUNIÓN ANUAL DEL Grupo de Experimentación en Viticultura y Enología10, 11 de mayo de 2023 - Olite (Navarra).

COMUNICACIÓNS EN CONGRESOS INTERNACIONAIS

TÍTULO	AUTORES	REFERENCIA
Agronomic behavior of three grape varieties in different planting density and irrigation treatments	Rodríguez-Febereiro M, Fandiño M, Abarquero E, Cancela J.J, Díaz-Losada E	IVES Conference Series, ICGWS 2023.
Survey of pesticide residues in vineyard soils from the Denomination of Origin Ribeiro	P. Blanco, V. Fernández, M. Ramil, I. Rodríguez	Póster en II International Congress on Grapevine and Wine Science. 8-10 November 2023, Logroño, La Rioja, Spain
Dynamics of Saccharomyces cerevisiae population in spontaneous fermentations from Granxa D'Outeiro terroir (DOP Ribeiro, NW Spain)	Pilar Blanco, Gloria Reinoso, Rebeca González, José Manuel M. Juste, Manolo Neira	Póster en II International Congress on Grapevine and Wine Science. 8-10 November 2023, Logroño, La Rioja, Spain
Chemical and microbiological evaluation of Ribeiro wines (NW Spain)	Pilar Blanco, Mar Vilanova, Elvira Soto, Bianca S. Costa, Eva López-Rituerto, Victoria Fernández-Fernández, Isaac Rodriguez	Póster en II International Congress on Grapevine and Wine Science. 8-10 November 2023, Logroño, La Rioja, Spain
Plastic debris at vines: carriers of pollutants in the environment?	Isaac Rodríguez, M. Cobo-Golpe, G.R. Gutierrez, J. Álvarez, V. Fernández, P. Blanco, M. Ramil	Comunicación oral en II International Congress on Grapevine and Wine Science. 8-10 November 2023, Logroño, La Rioja, Spain

Capacidade analítica

G2	Liñas estratéxicas do LAFIGA	
	G21	Ampliar a oferta analítica
	G22	Ampliar o alcance de acreditación en Alimentos.
	G23	Ampliar o alcance de acreditación en Bebidas
	G24	Ampliar o alcance de acreditación en Fertilizantes
	G25	Ampliar o alcance de acreditación en Solos
	G27	Acreditar ensaios en sanidade vexetal para dar resposta a requirimentos legais a curto prazo
	G28	Acreditar ensaios en alimentación animal e en residuos de pesticidas.

TAREFA	2021	2022	**2023**	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2023	ACUMULADO
G21					Δ (2020)	10%	1,2	2,4
G22					Ano	2022	-	-
G23					Ano	2022		√
G24					Ano	2023	-	-
G25					Ano	2023	-	-
G27					Ano	2022	-	√
G28					Ano	2023	-	-

Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia (LAFIGA)

O Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, LAFIGA, é o encargado da realización de análises alimentarias e agrarias, sendo, nestes aspectos, o laboratorio de referencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Realiza análises físico-químicas de alimentos, bebidas, fertilizantes, augas de rega, alimentación animal e solos. Correspóndelle, tamén, a función de ser o laboratorio de referencia da sanidade vexetal e das análises de residuos de pesticidas nos eidos agrario e alimentario.

LAFIGA: ANALÍTICAS REALIZADAS

	Mostras						Determinacións		
	2019	**2020**	**2021**	**2022**	**2023**	**%Δ 2023-2022**	**2022**	**2023**	**%Δ 2023-2022**
Alimentación Animal	870	759	741	690	506	-26,7	2.821	2.483	-12,0
Sanidade vexetal (SV)	10.480	13.056	14.275	15.146	15.117	-0,2	21.276	20.220	-5,0
Fertilizantes	563	584	514	644	528	-18,0	3.327	2.895	-13,0
Residuos pesticidas	772	603	643	541	667	23,3	109.094	78.613	-27,9
Solos	1.650	1.570	1.793	1.366	1.663	21,7	31.310	37.791	20,7
Bebidas	2.457	1.629	1.847	2.065	1.497	-27,5	17.190	10.840	-36,9
Certificados exportación	864	435	601	495	344	-30,5	7.681	5.476	-28,7
Total bebidas	3.321	2.064	2.448	2.560	1.841	-28,1	24.871	16.316	-34,4
Alimentos	222	256	234	248	247	-0,4	1.607	1.583	-1,5
Totais	17.878	18.892	20.648	21.195	20.569	-3,0	194.306	159.901	-17,7

Con respecto a 2022, o número de mostras agrarias tivo diferentes variacións: mantívose o número de mostras de sanidade vexetal, baixaron as mostras de fertilizante e aumentaron as de residuos de pesticidas e as de solos. No que atinxe as mostras alimentarias aínda non se recuperaron os niveles anteriores a 2020.

SISTEMA DE CALIDADE

a) Cambios nas cuestións internas e externas pertinentes ao Laboratorio.

En abril 2022, co apoio dunha encarga ao medio propio TRAGSATEC, o LAFIGA iniciou unha nova liña de traballo en materia de sanidade vexetal: as análises para a detección do *Bursaphelenchus xylophylus*, nematodo da madeira do piñeiro. O resumo das mostras recibidas en 2023 é o seguinte:

Mostras recibidas	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xun	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Total
Madeira	464	648	353	175	286	311	165	172	296	322	431	288	3.911
Vector	0	0	0	1	211	268	501	595	399	341	30	0	2.346
Total	464	648	353	176	497	579	666	767	695	663	461	288	6.257



b) Cumprimento de obxectivos

O cumprimento dos obxectivos é difícil debido á falta de cobertura dos postos vacantes e ás baixas que temos. Temos moitas dificultades para acadar o obxectivos principais. Estes son: a ampliación da oferta analítica e a ampliación do alcance da acreditación.

En outubro de 2023 enviouse a solicitude de ampliación do alcance da acreditación á Entidade Nacional de Acreditación, ENAC, para a acidez volátil no viño método por

volumetría PELAFIGAVI05. Ademais, solicitamos actualizar o método da materia graxa no leite cru e tratado térmica mente PELAFIGALE01 de acordo coa nova norma ISO 23318.

A auditoría documental fíxose en xaneiro de 2024. Aínda non temos unha resolución firme.

c) Adecuación das políticas e procedementos

O Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación segue mostrando vontade política para facilitar o proceso de acreditación de todos os laboratorios de sanidade vexetal de España. Sen embargo, nós aínda no temos resultados neste sentido.

Os procedementos están en continua mellora, tanto os de ensaio, coma os procedementos xerais. Tamén o resto de documentos do sistema de calidade.

En canto aos procedementos de ensaio, en 2023 modificáronse os seguintes:

PELAFIGABE01. Bebidas espirituosas. Grao alcohólico volumétrico. Introducir a preparación da solución de traballo de hidróxido de calcio $Ca(OH)_2$ 2M e o formato EVI0202.

PELAFIGALE01. Leite. Materia graxa. Método gravimétrico. Adaptación á nova norma ISO 23318 IDF 249: 2022.

PELAFIGAMI02. Mel. Humidade. Aclaracións no cálculo e mellora do procedemento de ensaio.

PELAFIGAVI01. Viño. Grao alcohólico total. Método por cálculo. Revisión xeral para introducir os procedementos PELAFIGAVI28, PELAFIGAVI22 e PELAFIGAVI30 eliminando as referencias ao PELAFIGAVI08 que xa non está na carteira de servizos. PELAFIGAVI28 é o procedemento do grao alcohólico adquirido por espectroscopía de infravermello próximo. PELAFIGAVI22 é o procedemento da glicosa + fructosa. PELAFIGAVI30 é o procedemento dos azucres redutores por fluxo continuo segmentable, FCS. Para realizar o cálculo do grao alcohólico total, hasta o de agora só contemplábamos a realización do ensaio do grao por densimetría electrónica e a dos azucres redutores por cromatografía de líquidos PELAFIGABE25.

PELAFIGAVI02. Viño. Grao alcohólico volumétrico. Introducir a preparación da solución de traballo de hidróxido de calcio $Ca(OH)_2$ 2M e o formato EVI0202.

PELAFIGAVI19. Viño. Dióxido de xofre libre e dióxido de xofre total. Método automático secuencial. Dar cumprimento ao Regulamento (CE) nº 1333/2008, que establece un límite

de 10 mg/l para informar da presenza de sulfitos. O novo rango acreditado para el dióxido de xofre total (SO_2 total) vai desde 7 mg/l hasta 220 mg/l.

d) Temas pendentes de reunións de revisión anteriores.

Está pendente a cualificación como responsable técnico de Bebidas do funcionario interino que ocupa este posto no cadro de persoal.

e) Resultados das auditorías internas recentes.

En 2023 non fixemos auditorías internas porque tivemos dúas auditorías externas de ENAC. De acordo co noso sistema de calidade, se temos auditorías externas non realizamos auditorías internas.

En outubro-novembro 2022 realizouse a última auditoría interna. Practicáronse oito (8) auditorías verticais de procedementos de ensaio nas Seccións de Alimentos, Fertilizantes e Solos. Desenvolveuse tamén unha auditoría horizontal para revisar todos os rexistros do persoal e do equipamento. O equipamento inclúe equipos, material auxiliar, material volumétrico, patróns, materiais de referencia e reactivos. Fíxose tamén unha revisión completa do sistema de xestión da calidade. O informe final ten data do 2 de xaneiro de 2023. O informe co tratamento das desviacións encontradas na auditoría é da mesma data. Todas as desviacións están pechadas.

f) Accións correctoras.

Durante 2023 abríronse 27 informes de traballos non conformes, INC. Todos os INC e o seu tratamento pódense considerar correctos (avaliación das causas, establecemento de accións correctivas, seguimento, avaliación da eficacia e peche).

g) Avaliacións por parte de organismos externos

En xaneiro de 2024 tivo lugar a última auditoría externa de ENAC. Trátase dunha auditoría documental e non presencial. Aínda non temos unha resolución firme. En outubro de 2023 solicitaramos a ampliación do alcance para o procedemento da acidez volátil por volumetría nas análises de viño PELAFIGAVI05. Ademais, solicitaramos actualizar o método da materia graxa por gravimetría no leite cru e tratado térmica mente PELAFIGALE01 de acordo coa nova norma ISO 23318.

A última auditoría externa presencial foi o 15 de marzo de 2023. Enviáronse dous plans de acción correctora, PAC, para corrixir as desviacións encontradas.

Despois do estudo e aprobación das accións correctoras, ENAC comunicou o acordo da comisión de acreditación o 9 de xuño de 2023. En ese documento, resolveu manter e ampliar o alcance da acreditación nº 281/LE609 nos termos que recolle o Anexo Técnico Rev. 21 publicado na web www.enac.es

Posteriormente ENAC modificou o anexo técnico emitindo unha Rev. 22 de 21 de xullo de 2023 na que se quitou, nas análises de viño, o grao alcohólico total (cálculo) PELAFIGAVI01. De este xeito podemos seguir informando o grao alcohólico total amparado pola acreditación do grao alcohólico adquirido e dos azucres redutores.

Así mesmo, participouse nos seguintes ensaios inter laboratorio e inter comparativos:

Alimentos:

- Aceite: Junta de Andalucíaa. JUNAN 04 e 05/2023-GSC, 5 mostras x 2 repeticións
- Produto cárnico: LGC Standards, 1 mostra, valor nutricional
- Prato precociñado, matriz mixta: LGC Standards, 1 mostra, valor nutricional
- Marmelada: LGC Standards, 1 mostra, valor nutricional
- Bolaría repostería: LGC Standards, 1 mostra, valor nutricional
- Produto cárnico: LGC Standards, 1 mostra, hidroxiprolina
- Produtos do mar: surimi. Laboratorio Arbitral Agroalimentario, LAA, 1 mostra, metais pesados
- Produto vexetal: semente de liño. LAA, 1 mostra, metais pesados
- Graxa láctea: Laboratorio Agroalimentario de Santander, LAS GL/2023-GSC, 3 mostras x 2 repeticións
- Leite cru de vaca: LAS RM-1-2023-GSC, 3 mostras x 2 repeticións
- Leite cru de ovella e cabra: LAS RM-2-2023, 3 mostras x 2 repeticións
- Leite de vaca UHT: LAS UHT/2023-GSC, 6 mostras x 2 repeticións
- Queixo: LGC Standards, 2 mostras
- Mel: BIPEA, 5 mostras
- Mel: Junta de Andalucía. JUNAN 11/2023, GSC, 2 mostras x 2 repeticións

Bebidas:

- Alcohol: BIPEA, 20 mostras por campaña. Non participamos desde setembro 2023
- Bebida espirituosa: BIPEA, 10 mostras
- Bebida espirituosa: Junta de Andalucía. JUNAN 10/2023-GSC, 2 x 2 mostras
- Cervexa: LGC Standards, 4 mostras
- Mosto: BIPEA, 4 mostras
- Sidra: BIPEA, 7 mostras
- Vinagre: BIPEA, 6 mostras
- Vinagre: Junta de Andalucía. JUNAN 09/2023-GSC, 3 x 2 mostras

- Viño: BIPEA, 16 mostras. LAA, 4 mostras (2x2). LAA, 3 mostras de ocratoxina A
- Viño: Junta de Andalucía. JUNAN 08/2023- GSC, 4 mostras x 2 repeticións
- Viño: GAB Sistemática-CERTIVIN 1 mostra

Alimentación animal

- Alimentación animal, PTS 13 BIPEA, 14 mostras
- Ensilado, PTS 22 BIPEA, 4 mostras
- Micotoxinas, PTS 31B BIPEA, 4 mostras
- Elementos traza, PTS 32C BIPEA, 4 mostras
- Metais pesados en pensos, ensaio de inter comparación LAA, 2 mostras

Desde outubro 2023 non enviamos máis resultados dos ensaios inter laboratorio pola enfermidade da analista.

Fertilizantes:

- Abono inorgánico composto: BIPEA, 3 mostras
- Abono inorgánico simple: BIPEA, 2 mostras
- Abono inorgánico líquido; BIPEA, 1 mostra
- Abono orgánico: BIPEA, 1 mostra
- Abono orgánico mineral: BIPEA, 2 mostras
- Emenda mineral: BIPEA, 1 mostra
- Substrato: BIPEA, 4 mostras
- Abono inorgánico simple: LAA, 1 mostra
- Abono orgánico: LAA, 2 mostras
- Abono inorgánico composto: LAA, 3 mostras

Residuos de pesticidas:

- EUPT FV25, 1 mostra de melón
- EURL CF17, 1 mostra de gran de trigo
- EURL AO18, 1 mostra de mel
- EUPT FV25 SM15, 1 mostra de gran de trigo
- Junta de Andalucía, DGIICA-CAGPDS 01-2023 JUNAN, 4 mostras: tomate, cabaciña, aguacate, pera
- Junta de Andalucía, DGIICA-CAGPDS 02-2023 JUNAN, 2 mostras: solo, follas de oliveira

Sanidade vexetal

- LNR-HLB-PT 2023-1 *Candidatus liberibacter spp,* marzo 2023
- LNR-CTV-PT 2023-2 *Citrus tristeza virus,* xuño 2023
- LNR-Xf-PT-2023-4 *Xylella fastidiosa,* marzo 2023
- LNR-CaLsol-TPS-2023 *Candidatus liberibacter solanacearum,* setembro 2023

Solos:

- Foliares: WEPAL, 16 mostras
- Terra: WEPAL, 16 mostras
- Terra: BIPEA, 10 mostras

h) Cambios no volume e tipo de traballo no ámbito das actividades do laboratorio

Desde 2005, o ano con menos mostras foi 2015 con 7.216 mostras. Desde 2015 a tendencia foi sempre ascendente:

Ano	Mostras
2016	10.272
2017	12.849
2018	16.328
2019	17.878
2020	18.892
2021	20.648
2022	21.195
2023	20.569

Esta tendencia débese, sobre todo, ao aumento das mostras de sanidade vexetal. Cada ano analizáronse máis mostras oficiais dos programas de vixilancia de organismos de corentena. En 2015 houbo 1.099 mostras de sanidade vexetal. En 2023 houbo 15.117 mostras en total.

Máis do 96% das mostras 2023 proceden dos programas oficiais de vixilancia de organismos de corentena coma: *Tecia solanivora*, *Tryoza eritreae* e *Candidatus liberibacter* (HLB), *Xylella fastidiosa*, *Fusarium circinatum*, diferentes viroses e *Bursaphelenchus xylophilus*. Deste último xa dixemos que comezaron as actividades en abril de 2022.

A demanda de análises de sanidade vexetal espérase que aumente nos vindeiros anos. Por outra banda, a posta en marcha de algunhas liñas de axuda da PAC, que se prevén para 2024, aumentará tamén a demanda de análises de solos e de residuos de pesticidas, principalmente.

No BOE do 29 de decembro de 2022 publicouse o Real Decreto 1051/2022, do 27 de decembro, polo que se establecen normas para a nutrición sostible nos solos agrarios. Unha normativa coa que o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación regula en toda España a aplicación de xurros e estercos de orixe gandeira co obxectivo de reducir as perdas de nitróxeno tanto ao aire como ao auga, e os problemas de contaminación que isto supón.

Será obrigatorio realizar unha analítica de solo, como mínimo, cada dez anos en fincas de secaño e cada 5 anos nas de regadío.

Obrigarase a ter análises da composición do xurro ou esterco para determinar o seu valor fertilizante. En explotacións que xeren menos de 10.000 metros cúbicos de xurro ao ano deberán ter unha analítica anual, e as que superen este limiar deberán realizar dúas análises anuais, determinando, cando menos os valores de nitróxeno, fósforo e potasio, así como a porcentaxe de materia orgánica do xurros ou do esterco.

Por todo isto, é moi probable que aumenten as solicitudes de análises de esterco e de xurro, así coma as de solos.

Por seccións, as variacións do número de mostras respecto a 2022 son:

Sección	Variación 2023-2022 en %
Alimentos	-0,4
Bebidas	-27,5
Certificados de exportación	-30,5
Bebidas total	-28,1
Alimentación animal	-26,7
Sanidade vexetal	-0,2
Fertilizantes	-18,0
Residuos pesticidas	23,3
Solos e análises foliares	21,7

O número de mostras de bebidas e o número de certificados de exportación seguen sendo baixos con respecto a 2019 e aos anos anteriores. Por exemplo: en 2019 analizáronse 340 mostras de cervexa (practicamente todas eran mostras para exportación) e en 2023 houbo 16 mostras en total. Outro exemplo: en 2019 analizamos 1.156 mostras de viño e en 2023 analizamos 898.

i) Retro alimentación dos clientes e do persoal.

O Laboratorio Agrario ten en conta as necesidades e inquedanzas dos clientes ao través das comunicacións por teléfono, correo electrónico ou mediante as enquisas de

satisfacción, que se realizan bianualmente. A última enviouse o 4 de outubro de 2022. Enviáronse un total de 483 enquisas que obtiveron apenas 79 respostas. As contestacións e as oportunidades de mellora suxeridas por eles rexístranse no informe da enquisa de satisfacción. A próxima enquisa de satisfacción prevese para outubro de 2024.

j) Reclamacións

Os clientes fixeron 5 reclamacións en 2023. Só abriuse un informe de non conformidade, INC. Todas as reclamacións foron tratadas e resoltas adecuadamente para os clientes.

Á parte destas queixas ou reclamacións, foron atendidas todas as solicitudes da incerteza das sustancias volátiles nas bebidas espirituosas cando se expresan en gramos por hectolitro de alcohol absoluto, g/hl a.a. Calculáronse ad hoc e comunicáronse por escrito.

k) Eficacia de calquera mellora complementada

Desde agosto de 2023, o programa de administración da información do laboratorio, LIMS, calcula automaticamente a incerteza das sustancias volátiles en g/hl a.a. nas bebidas espirituosas. Antes xa o podía facer cando as unidades se expresaban en mg/l

l) Adecuación dos recursos

<u>Recursos humanos</u>

Mantéñense as dificultades na cobertura das postos de traballo.
Periodicamente revísanse as cualificacións do persoal para que estean ao día.

<u>Equipamento</u>

En 2023 entregáronse e foron postos en funcionamento os seguintes equipamentos:

- Texturómetro-granulómetro para analizar a textura do solo
- un espectro fotómetro de emisión óptica con o plasma de acoplamento indutivo como fonte de ionización, ICP-AES, para analizar os elementos químicos nas mostras de alimentación animal, fertilizantes e solos
- un espectrómetro de masas con plasma acoplado indutivamente, ICP-MS, que permite a análise multi elemental para determinar e cuantificar a maioría dos elementos da táboa periódica ao nivel de partes por billón, ppb. Usámolo nas mostras de alimentos e bebidas
- un equipo para analizar carbono nitróxeno e xofre en fertilizantes e solos

- un equipo termociclador en tempo real, tamén coñecido como analizador q-PCR. É o equipo usado en bioloxía molecular que permite realizar os ciclos de temperaturas necesarios para unha reacción en cadea da polimerasa e a amplificación do ADN dos organismos. Úsase nas análises do *Bursaphelenchus xylophylus* ou nematodo da madeira do piñeiro.

m) Resultados da identificación de riscos

O Laboratorio Agrario non posúe unha metodoloxía escrita para a xestión do risco. Sen embargo, entendemos que un risco presente é que algúns clientes envíen mostras a outros laboratorios. Hai varias razóns para isto como a tardanza na emisión dos resultados pola falta de persoal, por avarías ou por falta de equipamentos. Pero tamén hai outras razóns como a falta de acreditación nalgúns materiais e ensaios ou a falta de oferta analítica. Por estas razóns sería moi desexable acreditar ensaios na análise de auga, cervexa, sidra, nos residuos de pesticidas, en alimentación animal, en fertilizantes orgánicos e en sanidade vexetal.

En calquera caso, os clientes están informados en todo momento, por correo-e e por teléfono, das circunstancias que poidan demorar a realización dalgunhas análises.

O Laboratorio Agrario planifica accións para abordar oportunidades no futuro coma a ampliación do alcance de acreditación ou a ampliación da oferta analítica. Faino, por exemplo, participando en ensaios de aptitude/inter laboratorio/inter comparativo en alimentos, bebidas, fertilizantes orgánicos, residuos de pesticidas, etc. En sanidade vexetal, en 2023 participamos en ensaios de aptitude en *Candidatus liberibacter spp*., Citrus tristeza virus, *Xylella fastidiosa* e *Candidatus liberibacter solanacearum*.

Consideramos a posibilidade de prestar servizo a novos clientes que xa contactaron co LAFIGA como algunhas empresas de fertilizantes, a Asociación de Cervexeiros Artesanais de Galicia, os produtores de arandeiras e de aguacates ou varios elaboradores de marmeladas.

n) Resultados da garantía da validez dos resultados

O control de calidade funciona adecuadamente posto que os resultados das análises son bos. Así o demostran os rexistros das participacións nos ensaios de aptitude, inter laboratorios e de inter comparación onde temos menos dun 3 % de traballos non conformes. Rutineiramente actualizamos os rexistros do control de calidade interno e as gráficas para visualizar erros e corrixir posible tendencias. Tamén actualizamos os resultados nos ensaios inter laboratorio que permiten a actualización do cálculo da incerteza dos ensaios.

o) Outros factores relevantes, como actividades de seguimento e formación

En 2023 foron re cualificados 10 persoas do cadro do Laboratorio.

Dentro das actividades de formación, o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia deu prácticas de empresa a unha alumna do Grao de Nutrición Humana e Dietética. Total 490 horas.

Estación de viticultura e enoloxía de Galicia (EVEGA)

G1	Liñas estratéxicas do laboratorio EVEGA	
	G11	Posta a punto da determinación dos sulfitos no viño
	G12	Acreditación para a exportación de viños
	G13	Acreditación para determinación do grao alcohólico para viños de baixa gradación
	G14	Ampliación da acreditación de parámetros e técnicas para bebidas espirituosas
	G15	Acreditación de parámetros grao alcohólico, acético e acetoína para os vinagres

TAREFA	2021	2022	**2023**	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2023	ACUMULADO
G11					Ano	2022		√
G12					Ano	2022		√
G13					Ano	2023	-	-
G14					Ano	2023	-	-
G15					Ano	2023	-	-

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia exerce función de laboratorio de análises en relación cos produtos relacionados coa vide e viño. A tal fin dispoñen de diversas acreditacións pola ENAC:

- Determinación de sulfitos: FCS e volumetría
- Parámetros habitualmente solicitados para as exportacións, incluído a Asia
- Determinación de metanol e grao alcohólico real en bebidas espirituosas

ANALÍTICAS DE LABORATORIO	
Servizos (nº de mostras viños analizadas)	4667
Servizos (nº demostras análise micro biolóxico viños)	4
Servizos (nº de ensaios)	33778
Servizos (nº de informes emitidos)	4667
Servizos (nº de certificados de exportación)	49
Servizos (nº mostras análise viroses)	300
Servizos (nº mostras análise identificación varietal)	0

Formación

H1	**Ciclos superiores de formación profesional**	
	H11	Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal
	H12	Paisaxismo e Medio Rural
	H13	Xestión Forestal e do Medio Natural
	H14	Xestión Forestal e do Medio Natural e Paisaxismo e Medio Rural
H2	Ciclos medios de formación profesional	
	H21	Produción Agro ecolóxica (persoas adultas)
	H22	Produción Agropecuaria
	H23	Aproveitamento e Conservación do Medio Natural
	H24	Xardinaría e floraría
	H25	Xardinaría e floraría e produción agropecuaria
H3	Desenvolvemento dun programa de formación continua capaz de transferir ao sector os coñecementos mais recentes	
	H31	Certificados de profesionalidade
	H32	Campos de demostración e ensaio
	H33	Talleres de prácticas
H4	Establecemento de canles de colaboración permanentes entre os centros de formación e entidades terceiras.	
	H41	Colaboración con Concellos
	H42	Colaboración con entidades agrarias asociativas
	H43	Colaboración con empresas
	H44	Colaboración con centros formativos nacionais e internacionais
H5	Desenvolvemento de novos programas de formación	
	H51	Creación da escola de emprendedores rurais
	H52	Programas de especialización de formación profesional
	H53	Curso de Aptitude Empresarial Agraria na modalidade semi presencial
	H54	Aula de produtos lácteos

TAREFA	2021	2022	**2023**	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2023	ACUMULADO
H11					Δ (2020)	10 %	0 %	0 %
H12					Δ (2020)	10 %	10 %	30 %
H13					Δ (2020)	10 %	0 %	0 %
H14					Δ (2020)	10 %	0 %	0%
H21					Δ (2020)	10 %	0 %	10 %
H22					Δ (2020)	10 %	0 %	10 %
H23					Δ (2020)	10 %	0 %	10 %
H24					Δ (2020)	10 %	10 %	20 %
H25					Δ (2020)	10 %	0 %	0 %
H31					Δ (2020)	10 %	0 %	0 %
H32					Δ (2020)	10 %	0 %	10 %
H33					Δ (2020)	10 %	10 %	10 %
H41					Δ (2020)	10 %	0 %	20 %
H42					Δ (2020)	10 %	10 %	20 %
H43					Δ (2020)	10 %	0 %	10 %
H44					Δ (2020)	10 %	0 %	0 %

H51	→	Δ (2020)	10 %	0 %	0 %
H52	→	Δ (2020)	10 %	0 %	0 %
H53	→	Δ (2020)	10 %	10 %	20 %
H54	→	Δ (2020)	10 %	0 %	10 %

Actividades centralizadas

Xestión das entidades colaboradoras que imparten cursos de formación continua e transferencia de tecnoloxía

Mediante a Orde do 17 de marzo de 2009, da Consellería do Medio Rural, a Agacal xestiona as inscricións no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural. Este requisito é imprescindible para poder impartir actividades de formación continua e transferencia tecnolóxica en materia agraria. O Departamento de Formación é o responsable de tramitar este procedemento (MR330C) e as modificacións asociadas. A súa resolución precisa dunha análise técnica dos manuais onde se desenvolven os contidos das accións formativas. A colaboración entre o Departamento de Formación e o persoal do CFEA de Monforte fixo posible a tramitación técnica e administrativa destes expedientes.

Así, grazas a esta colaboración inscribíronse 6 novas entidades no rexistro no ano 2023.

Adicionalmente, as entidades inscritas requiren a obtención dunha autorización anual que posibilita a organización das accións formativas. A dita petición realízana a través do procedemento MR330D. A tramitación dos expedientes require da revisión da programación e da verificación do persoal docente asociado á acción formativa, entre outras esixencias. Durante o ano 2023 foron resoltas de xeito favorable un total de:

- 116 autorizacións para impartir cursos nos distintos niveis de capacitación para usuarios profesionais de produtos fitosanitarios
- 12 autorizacións para impartir cursos de incorporación á empresa agraria
- 10 autorizacións para impartir cursos en materia forestal

Isto permitiu a organización, por parte das entidades colaboradoras, de máis de 90 cursos ao longo do ano.

Por outra banda, e co obxecto de optimizar os recursos humanos neste ámbito, deuse comezo aos traballos de redacción de novos documentos de carácter técnico que incorporen os contidos mínimos que os usuarios profesionais deben adquirir para obter o carné de aplicador-manipulador de produtos fitosanitarios nos distintos niveis de capacitación. A finalidade da súa publicación é crear un marco de referencia único para os administrados, onde a adquisición destes coñecementos estea garantida, independentemente da entidade colaboradora escollida.

Neste senso, cabe sinalar que no ano 2023 se produciron avances na redacción do Manual técnico de aplicador-manipulador de produtos fitosanitarios, no seu nivel básico. Isto, ademais do sinalado no parágrafo anterior, permitirá axilizar a tramitación de expedientes relacionados coa inscrición de entidades no rexistro e a homologación de especialidades formativas. Asemade, o novo manual empregarase na actualización de contidos do curso que se imparte desde o CFEA de Monforte, dentro do Plan de Formación ao Agro Galego, a través da súa incorporación na plataforma de teleformación.

Autorización e rexistro de entidades que imparten cursos de formación en materia de benestar animal

O Decreto 60/2007, do 22 de marzo, regula os cursos en materia de benestar animal, establece o procedemento de autorización das entidades de formación e crea o rexistro destas (DOG nº 67 do 4 de abril de 2007).

A tramitación do procedemento asociado (MR205A) realízase desde o Departamento de Formación. Este recibe as comunicacións previas dos diferentes cursos que organizan as entidades colaboradoras, e del depende o control do seu correcto funcionamento.

Ata o ano 2023, o Departamento de Formación apoiábase no persoal técnico do CFEA de Monforte. Este realizaba o estudo e aprobación dos manuais que debían achegar as entidades para cumprir con un dos requisitos previos á inscrición no rexistro. Este persoal tamén realizaba a avaliación da plataforma de teleformación e os seus contidos, no caso dos cursos que se autorizaban na modalidade en liña. Esta colaboración voluntaria por parte do CFEA facíase imprescindible pola falta de persoal especialista no departamento que permitise levar a cabo esta tarefa de xeito autónomo.

Con todo, logo das conversas mantidas durante o ano 2022 coa Dirección Xeral de Gandaría para lograr o apoio na avaliación dos contidos en materia de benestar animal, fixo posible emendar en parte a carencia de persoal neste ámbito e diminuír a dependencia do CFEA de Monforte. Non obstante, desde a dirección xeral manifestouse en reiteradas ocasións as dificultades que presentaba para o seu persoal a análise de contidos dos cursos en liña dispostos nas plataformas de teleformación, por ter que dedicar máis tempo á dita tarefa.

Aínda así, esta colaboración foi moi positiva permitindo a tramitación de máis de 20 expedientes durante o ano 2023, o que posibilitou a realización, por parte destas entidades, dun total de 61 cursos neste ámbito.

Con todo, vendo as dificultades transmitidas desde esa dirección xeral e co obxecto de reducir esta dependencia e garantir a tramitación dos expedientes en tempo e forma, desenvolvéronse, en colaboración co persoal do CFEA de Monforte, diversos manuais de

índole técnica centrados no benestar animal, manexo e sanidade do gando e xestión ambiental dos residuos nas explotacións. En concreto, elaboráronse os seguintes documentos:

- Manual técnico para a capacitación en materia de benestar animal do persoal de explotacións gandeiras;
- Manual técnico para a capacitación do persoal que traballa con gando avícola;
- Manual técnico para a capacitación do persoal que traballa con gando porcino.

Igualmente, iniciáronse os traballos de redacción do Manual técnico para a capacitación do persoal que traballa con gando bovino, que permitirá completar o desenvolvemento do material técnico nesta área.

Cabe salientar que as versións definitivas dos manuais foron revisadas polo persoal con competencias lingüísticas da Agacal, emendando e mellorando os documentos tamén nesta área.

Cómpre salientar que os manuais anteditos puxéronse á disposición das entidades a través da páxina web da Agacal, e popularizouse o seu emprego de xeito inmediato. Isto permitiu unificar os contidos mínimos impartidos desde as entidades colaboradoras e garantir a aprendizaxe dos conceptos máis relevantes dentro de cada materia, independentemente da entidade seleccionada para recibir a formación.

Recoñecemento oficial dos certificados, carnés ou diplomas das persoas asistentes aos cursos e actividades impartidas polas entidades colaboradoras ou que fosen realizados por diferentes unidades administrativas da Consellería, ben dentro do Plan de Formación ao Agro Galego, ben como programación propia dun CFEA.

Cada vez que unha entidade decide iniciar un curso, debe comunicalo ao Departamento de Formación, identificando a persoa coordinadora, o persoal docente, a programación do curso coas datas e horas de celebración segundo a modalidade escollida, instalacións onde se vai levar a cabo, remisión das pólizas de seguros das instalacións e de responsabilidade civil, entre outra información. O persoal do departamento avalía cada unha das solicitudes comprobando que se cumpran todos os requisitos establecidos pola norma de aplicación. Finalmente, emite un informe de conformidade que traslada á entidade para que esta poida iniciar a actividade. Unha vez finalizado o curso e superada a proba de aptitude, a entidade está en disposición de achegar a documentación necesaria para solicitar, en nome dos participantes, a expedición dos certificados, diplomas, acreditacións e/ou carnés profesionais. O departamento é competente para a realizar as expedicións derivadas dos cursos impartidos polas entidades inscritas no rexistro de entidades colaboradoras e as inscritas no rexistro de entidades que imparten cursos de formación en materia de benestar animal.

Ademais, é responsable da xestión de solicitudes de expedición dos certificados, carnés e diplomas do alumnado que participa nos cursos organizados polas unidades administrativas da Consellería do Medio Rural, sexan financiados ou non con fondos Feader.

Do mesmo xeito, expide aquelas certificacións solicitadas polas persoas interesadas que tratan sobre actividades formativas, tanto realizadas nos anos precedentes como as impartidas no ano en curso e precedentes.

Así, coa finalidade de axilizar os trámites de expedición tanto dos certificados, acreditacións ou carnés, durante o ano 2023 levouse a cabo unha actualización das instrucións que se viñan empregando ata o momento. Ademais, elaboráronse novos modelos de formularios, cuxo uso por parte dos administrados, a pesar de ser voluntario, se foi xeneralizando, o que permitiu unificar e axilizar os trámites pertinentes.

Realización de probas de aptitude ás persoas que realizan cursos habilitantes para o exercicio da actividade profesional

A boa coordinación e colaboración entre o Departamento de Formación, os 6 CFEA e a Evega fixo posible continuar durante o ano 2023 coa realización das probas de aptitude obrigatorias para a obtención dos certificados, acreditacións e carnés profesionais. Este esforzo por parte das diferentes unidades dependentes da Agacal posibilita o control efectivo sobre a realización das probas e garante a equidade no seu nivel de esixencia, independentemente da entidade de formación escollida polo alumnado. Igualmente contribúe á adquisición duns contidos mínimos por parte dos usuarios nas materias realizadas.

Con todo, esta actuación levou aparellada unha importante carga de traballo para o departamento, especialmente vinculada á realización de:

- tarefas de coordinación cos responsables dos centros colaboradores da Agacal (os CFEA e Evega), para o establecemento das horas e datas de realización dos exames e determinación en cada caso de cabida dispoñible;
- o seguimento das comunicacións e control exhaustivo da relación de alumnos/as que as entidades prevén que van realizar o curso, así como as súas modificacións con carácter previo ao inicio de cada acción formativa;
- tarefas de comprobación previas á realización das probas de aptitude nas que se determinan os/as alumnos/as que cumpran, entre outras obrigas, coa porcentaxe de horas obrigatorias establecidas para cada acción formativa para poder ter dereito á realización da proba;

- elaboración e actualización de modelos de exame diferenciados para cada convocatoria e tipoloxía de curso. Durante o ano 2023 elaboráronse un total de 30 modelos. Estes foron traducidos ao castelán para posibilitar a elección do idioma por parte dos participantes nas probas. Cabe sinalar que as versións definitivas dos exames foron revisadas polo persoal con competencias lingüísticas da Agacal, emendando aqueles aspectos de comprensión con marxe de mellora;
- remisión da documentación necesaria aos centros colaboradores para facilitar a realización das probas de aptitude;
- recepción e corrección das probas anteditas;
- remisión ás entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural das actas finais cos resultados obtidos polos/as alumnos/as de cada entidade, na proba de aptitude, como paso previo ao inicio da solicitude de expedición de certificados, acreditacións ou carnés profesionais.

Cabe salientar que durante o ano 2023 un total de 1.854 persoas se matricularon nas distintas accións formativas ofertadas polas entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural. Do total de matriculados, 1.539 persoas realizaron as probas de aptitude nos centros da Agacal, como paso previo á obtención da habilitación para o exercicio da súa actividade profesional. Con todo, preto de 200 persoas resultaron no aptas na primeira convocatoria.

Cómpre destacar o enorme esforzo realizado por parte do persoal do departamento para levar a cabo esta tarefa non exenta de dificultades. Con esta actuación, acádase o obxectivo de garantir a equidade do nivel de esixencia da proba de avaliación, independentemente da entidade de formación escollida polo alumnado á hora de cursar a acción formativa, igualmente, garante a adquisición duns contidos mínimos por parte dos participantes. Este esforzo permitiu incrementar ata o 100 % o control sobre a realización e supervisión das probas de aptitude. Cómpre lembrar que, ata 2022, a supervisión destas probas nas accións formativas en materia de benestar animal era inexistente.

Autorización das entidades que imparten cursos de capacitación do persoal que traballa con animais para a experimentación e outros fins científicos, incluídas a docencia. MR560A

A Agacal é competente para autorizar as actividades formativas en materia de experimentación animal do persoal dos centros de cría, subministradores e usuarios, e homologar os cursos impartidos por entidades doutras comunidades autónomas, de conformidade co establecido no Decreto 96/2008, do 30 de decembro, de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, e polo que se crea o Rexistro dos centros de cría, de subministradores e usuarios e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación.

Non obstante, durante o ano 2023 na Agacal non se rexistrou ningunha petición relacionada con esta competencia.

A Agacal, a través do Departamento de Formación, é a responsable da emisión dos certificados de capacitación e mantemento, de conformidade coas esixencias recollidas na Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia (BOE núm. 78, do 1 de abril de 2015). En concreto, é competente nas categorías seguintes: coidado dos animais (categoría a), eutanasia dos animais (categoría b), realización dos procedementos (categoría c), deseño dos proxectos e procedementos (categoría d), supervisión *in situ* (categoría e) e veterinario designado (categoría f).

A emisión das certificacións implica, entre outras tarefas, a revisión das materias impartidas nos cursos de formación, as ferramentas empregadas para a súa aprendizaxe e, en determinados casos, a revisión dos denominados "Traballos Baixo Supervisión". A materia sobre a que tratan estas tarefas esixe a presenza no departamento de persoal altamente especializado que acredite os coñecementos e destrezas necesarias para desempeñar de xeito autónomo as funcións recollidas na Orde ministerial ECC/566/2015, do 20 de marzo, relacionadas co manexo de animais empregados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos.

Co obxecto de facilitar a achega das solicitudes de expedición por parte das persoas interesadas, levouse a cabo durante o ano 2023 unha actualización das instrucións onde se detalla o procedemento que cómpre seguir e que foron elaboradas no ano 2022. Do mesmo xeito, foron revisados os modelos de formularios e os anexos asociados. Cómpre sinalar que, a pesar de ser voluntario, se foi xeneralizando entre os administrados, o que permitiu reducir os requirimentos de emenda, axilizando tamén neste ámbito os trámites asociados.

Cómpre destacar que o número de certificados de capacitación emitidos durante o ano 2023 ascendeu a máis de 270.

<u>Expedición de certificados de mantemento da acreditación da competencia para o persoal que traballa con animais para a experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.</u>

A validez das capacitacións en materia de experimentación animal descrita no apartado anterior é de 8 anos.

Coa publicación da Orde ministerial ECC/566/2015, do 20 de marzo, emitíronse durante aquel ano máis de 1.300 certificados de capacitación. A súa vixencia remataba o

02.04.2023, polo que para que os seus titulares puidesen seguir desempeñando a súa actividade profesional debían renovar as capacitacións con anterioridade a esa data.

A tramitación das solicitudes e expedición dos certificados esixiu unha revisión de adecuación á estándares dos contidos da documentación achegada cun importante grao de complexidade. En concreto, foi precisa a revisión e correspondente validación, desde o punto de vista técnico, daquelas actividades de formación continua ou outras accións que garantan a mellora e posta ao día das habilidades e coñecementos adquiridos polo persoal. Entre as accións e actividades que o persoal técnico do departamento tivo que avaliar encádranse as seguintes: docencia ou asistencia a cursos, seminarios, talleres ou xornadas científicas, estadías autorizadas en centros de investigación ou outras actividades análogas que se determinen desde a Agacal a proposta dos técnicos encargados, adquisición de novas habilidades no centro de traballo ou noutros centros etc.

Dada a diversidade das actividades que cómpre valorar, e co fin de garantir unha avaliación equitativa das diferentes accións achegadas polas persoas interesadas, xunto coas solicitudes de mantemento da súa capacitación, foi preciso, con anterioridade á recepción de solicitudes, limitar e establecer uns criterios obxectivos que permitisen tramitar os expedientes coa maior coherencia posible. Para o logro deste obxectivo actualizouse a instrución elaborada no ano anterior, poñéndose de inmediato á disposición das persoas interesadas a través da páxina web.

A dita instrución suxería a conveniencia de realizar as solicitudes de renovación cunha anterioridade de ata 8 meses á finalización do período de vixencia das capacitacións, coa finalidade de evitar a recepción masiva de peticións durante os 3 meses anteriores ao 02.04.2023. A realidade foi que a maior parte das solicitudes foron recibidas durante o ano 2023. Como resultado, emitíronse nese ano un total de 730 certificados de mantemento da capacitación nas distintas funcións.

Instrucións para a tramitación de procedementos

Como xa se sinalou anteriormente, no ano 2021 elaboráronse diferentes instrucións coa finalidade de resumir a forma de tramitación e a documentación asociada aos distintos procedementos xestionados desde o departamento, relacionados coa docencia de accións formativas e a expedición dos certificados, acreditacións ou carnés profesionais.

Durante o ano 2023 realizáronse certos axustes, tanto no documento descritivo como nos modelos de formularios e anexos postos á disposición das persoas interesadas. Isto permitiu avanzar no proceso de simplificación iniciado no departamento para facilitar e axilizar a presentación das solicitudes e a súa tramitación administrativa.

Do mesmo xeito, consensuáronse cos centros colaboradores dependentes da Agacal as novas datas e lugares de celebración das probas de avaliación para o ano 2024.

A actualización sinalada afectou as seguintes instrucións:

- INSTRUCIÓN AGACAL/DF Nº 1/2024: autorización de cursos na AULA VIRTUAL impartidos por entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural e de formación en materia de benestar animal

- INSTRUCIÓN AGACAL/DF Nº2/2024: autorización de cursos en TELEFORMACIÓN impartidos por entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural e de formación en materia de benestar animal

- INSTRUCIÓNS AGACAL/DF Nº 3/2024: presentación da comunicación, logo do inicio dos cursos, das entidades homologadas para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria, autorizadas para o ano 2023.

- INSTRUCIÓNS AGACAL/DF Nº4/2024: presentación da comunicación, logo do inicio dos cursos, das entidades homologadas para a realización de actividades de benestar animal.

- INSTRUCIÓN AG/DF-EXP Nº 1/2024: criterios que debe cumprir e procedemento que debe seguir na obtención da capacitación inicial o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

- INSTRUCIÓN AG/DF Nº 2/2024: procedemento e criterios que cómpre seguir na solicitude de mantemento de capacitación para o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

Os documentos enumerados foron postos á disposición das persoas interesadas a través da páxina web da Agacal. Asemade, foron remitidas ás entidades actualmente inscritas nos rexistros xestionados polo departamento.

Novo marco normativo das entidades colaboradoras:

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria exerce a súa competencia sobre catro áreas de interese, susceptibles de contar coa participación de entidades colaboradoras: incorporación á actividade agraria, benestar animal, aplicación e manipulación de fitosanitarios e outras accións formativas en materia agraria (actualización profesional, formación continua e transferencia tecnolóxica e requisitos legais). En todos os casos, as entidades que pretenden facilitar a formación teñen que estar rexistradas, con carácter

xeral, no rexistro previsto no Decreto 247/2000 ou, no caso das accións formativas en materia de benestar animal, no rexistro previsto no Decreto 60/2007.

En cada unha destas áreas a competencia alcanza o recoñecemento, inscrición e mantemento nos rexistros, homologación das especialidades formativas, inicio dos cursos e expedición dos correspondentes certificados, acreditacións, diplomas ou carnés profesionais. Cada xestión responde a procedementos distintos, e cómpre a súa homoxeneización. Por outra parte, a constante evolución nos requisitos legais e tecnolóxicos esixen dunha actualización, tanto dos módulos formativos como das canles de formación, prestando a debida atención aos sistemas en liña.

Durante o ano 2022 iniciouse a redacción dunha resolución que pretendía substituír, en parte, a normativa que rexía algúns dos procedementos anteditos. Con todo, unha nova reflexión durante o ano 2023 permitiu unha visión máis ampla e global da normativa que intervén en todos os procedementos relacionados coas materias formativas nas que a Agacal ten competencia.

Así, a prol dun principio de simplicidade e nun escenario máis amplo, cómpre actualizar e unificar a previsión normativa respecto aos procedementos de xestión de todas as actividades formativas realizadas coa participación das entidades colaboradoras mediante a redacción dun documento normativo moito máis ambicioso no que se está a traballar: o decreto polo que se regule o funcionamento e rexistro das entidades colaboradoras en materia de formación agraria e de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos.

Modificación de taxas relacionadas cos distintos trámites administrativos tramitados desde o Departamento de Formación:

Tal e como foi referido no apartado anterior, a Agacal é competente para resolver os procedementos de inscrición no rexistro de entidades colaboradoras, o rexistro das actividades formativas e a expedición e renovación dos certificados, acreditacións, diplomas ou carnés profesionais, en materia de formación agraria e de protección dos animais utilizados en experimentación.

Ata o de agora, cada xestión respondía a procedementos e taxas diferenciadas para cada especialidade formativa (benestar animal, experimentación animal, usuarios profesionais de produtos fitosanitarios etc.), de tal forma que a acumulación era causa de confusión e atrasos nas dilixencias administrativas.

Ante este escenario, considerouse que o novo marco regulador debía levar aparellado unha revisión e reorganización das taxas asociadas a cada un dos procedementos administrativos.

As tarifas referidas recóllense no anexo 2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e son obxecto de actualización anual, en aplicación da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, e como adianto á publicación do novo marco regulador, adoptouse a decisión de realizar unha revisión e reorganización das taxas que na actualidade se cobran pola realización dos servizos administrativos no ámbito da formación. O resultado foi o agrupamento, baixo un único código, de todas as taxas que interveñen nos procedementos xestionados desde o departamento, independentemente da especialidade formativa que se trate, establecendo tres sub categorías en función da natureza do trámite que se vaia realizar. Actualmente, existen un total de 6 importes diferenciados que permiten tramitar a totalidade dos servizos prestados desde o departamento. Ata o ano 2023 manexábanse un total de 14 importes diferentes.

Desenvolvemento da plataforma FOAGRO

Os traballos realizados na plataforma ao longo de 2023 pódense agrupar en dous eixes principais:

a) Posta en produción de diferentes melloras relacionadas co emprego diario da plataforma. Deuse solución aos diversos problemas que día a día foron xurdindo durante a xestión de autorizacións para impartir cursos e solicitudes de expedición de carnés de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios.

b) Desenvolvemento e posta en produción dunha nova área para a xestión de expedientes en materia de benestar animal e de formación para o persoal que traballa con gando porcino, avícola e bovino.

   Esta actuación encádrase dentro dun proxecto máis amplo que pretende incrementar as funcionalidades da plataforma FOAGRO, en paralelo co desenvolvemento do novo marco normativo que unifique a multitude de procedementos atendidos desde o departamento e, asemade, simplifique a documentación a eles asociada. Ata o de agora, o uso da aplicación limítase á xestión de cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios nos diferentes niveis de capacitación. Ademais, non está integrado coa sede electrónica, o Porta sinaturas, o Notifica.gal ou pasaxe, e non conta con follas de control onde quede reflectida a rastrexabilidade das solicitudes e a validación de cada procedemento.

   A finalidade última é converter esta plataforma nunha ferramenta que permita a xestión de todos os procedementos asociados á formación, unificando os procedementos e procesos que interveñen na tramitación de expedientes, independentemente da especialidade formativa que se trate. Isto engloba, ademais do

anterior, a xestión de cursos de Aptitude Empresarial Agraria impartidos por entidades privadas e tamén desde o CFEA de Monforte, e os cursos en materia forestal, que actualmente se xestionan a través de diversos arquivos de cálculo.

Na procura deste obxectivo e durante o ano 2023 leváronse a cabo diversas actuacións centradas na área do benestar animal e de formación para o persoal que traballa con gando porcino, avícola e bovino. En concreto, foron deseñados diferentes espazos onde se implantaron os procedementos que interveñen na tramitación de expedientes relacionados coa comunicación de inicio dun curso e a expedición dos certificados e acreditacións derivados da súa realización. Este desenvolvemento tivo en conta, entre outras, as seguintes tarefas:

- definición do esquema de funcionamento da aplicación;
- creación de formularios e anexos tipo, modelos de requirimentos, resolucións, modelo de solicitude de comunicación de inicio, relación de alumnos/as aptos/as para exame, actas de avaliación, actualización de certificados e acreditacións etc.;
- elaboración e implementación na plataforma de listas de verificación asociadas a cada procedemento ou sub procedemento, necesarias para a correcta rastrexabilidade das solicitudes;
- creación dunha nova funcionalidade para o control da cabida nos centros da Agacal onde se levan a cabo as probas de aptitude indispensables para a obtención dos certificados e acreditacións, cuxo obxectivo é facilitar a correcta xestión dos participantes nas probas.

Adicionalmente, púxose en marcha unha nova ferramenta que permite a expedición de duplicados de documentos que acreditan ou certifican unha determinada capacitación nesta área.

A actuación inmediata será extrapolar as funcionalidades anteditas ao ámbito da capacitación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios, o que permitirá xestionar, de xeito máis sinxelo, os cursos iniciados polas entidades colaboradoras e polas unidades da Xunta de Galicia.

<u>Novas accións formativas na plataforma de teleformación da Agacal, xestionada polo CFEA de Monforte de Lemos.</u>

Durante o ano 2023 leváronse a cabo distintas actuacións destinadas á creación e dixitalización de contidos relacionados coas accións formativas de carácter de habilitación nas que a Agacal é competente. Este proceso, iniciado no ano 2021, pretende implementar de xeito progresivo, na plataforma dixital xestionada pola Axencia, un sistema de formación de calidade que faga máis atractiva e sinxela a adquisición de coñecementos por parte do alumnado. Os traballos desenvolvidos neste ámbito durante o ano 2023 centráronse na execución e certificación dos seguintes servizos:

- contrato menor para a posta en marcha na plataforma de teleformación dos contidos e ferramentas necesarias para a impartición do curso de formación para o persoal que traballa nas explotacións avícolas, dando cumprimento ás esixencias que, en materia de formación, se recollen no Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas. O curso foi implantado na plataforma durante o primeiro trimestre de 2023, o que permitiu ofertar a acción formativa no Plan de Formación ao Agro Galego dese mesmo ano.

- contrato menor para a posta en marcha na plataforma de teleformación dos contidos e ferramentas necesarias para a impartición do curso de formación para o persoal que traballa nas explotacións bovinas, dando cumprimento ás esixencias que, en materia de formación, se estipulan no Real decreto 1053/2022, do 27 de decembro, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas bovinas. O curso será implantado na plataforma durante o primeiro trimestre de 2024, o que permitirá ofertar a acción formativa no Plan de Formación ao Agro Galego dese mesmo ano.

Coordinación dos CFEA

O Departamento de Formación actúa como coordinador dos 6 CFEA da Agacal. Desde a creación da Axencia foi incluíndo máis funcións no intento de mellorar a coordinación, de servir de apoio aos centros, de manter unha coherencia entre todos no funcionamento, na xestión do persoal e na repartición de recursos.

A mediados de 2020 o departamento deixou de ter persoal para a realización destas tarefas, polo que foron asumidas desde a propia xefatura do departamento. Esta situación continúa sen cambios na actualidade.

As principais funcións relacionadas co normal funcionamento dos CFEA, atendidas durante o ano 2023 desde o Departamento de Formación, en coordinación coa xefatura da Área de Formación, Investigación e Transferencia e a Xerencia da Agacal, son as indicadas a continuación:

- labores de intermediación entre os centros e o Departamento de Coordinación Administrativa para a planificación, priorización e xestión de investimentos (Cap. VI) e gastos correntes (Cap. II);

- apoio aos centros na xestión e tramitación con SSCC da documentación técnica e administrativa dos contratos de servizos, obras e subministracións;

- participación nas mesas de contratación para a licitación de servizos conxuntos dos centros;

- redacción e tramitación da convocatoria pola que se ofertan cada ano as prazas de residencia e comedor dos centros (comunicación continuada coa asesoría xurídica,

intercambio de impresións cos centros para a mellora da convocatoria, incorporación de suxestións recibidas etc.). Elaboración e tramitación das resolucións de adxudicación de prazas derivadas do procedemento, xestión e tramitación de modificacións da convocatoria durante o proceso xa en marcha, notificacións aos interesados, redacción de resolucións de recursos de alzada etc.;

- tramitación dos expedientes de devolución dos importes correspondentes aos prezos públicos polos servizos de residencia;
- coordinación coas direccións xerais de formación profesional e dos centros e recursos humanos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para:
    - planificar a oferta en formación regrada;
    - solicitar a cesión de docentes de esa consellería;
    - poñer en marcha e xestionar os ciclos duais;
    - impartir os módulos en lingua estranxeira nos ciclos duais
    - participar nas reunións do Consello Galego de Educación
- apoio diario á dirección dos CFEA na resolución das incidencias que se producen no seu funcionamento. Atención continuada ás súas demandas, xestión de peticións e solución de problemas cotiáns;
- apoio nos labores de captación do alumnado naqueles centros con menor demanda (elaboración e deseño de estratexias de captación, preparación de contidos para incorporar en presentacións, edición de vídeos promocionais etc.);
- unificación da imaxe corporativa dos centros de formación. Durante o ano2023 deuse continuidade ao desenvolvemento de material publicitario iniciado no ano anterior, para promocionar os centros e a súa oferta formativa: carteis, valos publicitarios, dípticos informativos etc. Esta actuación favorece a identificación dos CFEA coa súa matriz, Agacal e a inter conexión entre centros. Ademais permite un rápido recoñecemento e vinculación da oferta formativa co sector agrario e contribúe á diferenciación do resto de centros educativos dependentes doutras consellerías.
- implantación e continuación dos ciclos de FP na modalidade dual: apoio á subscrición de convenios de colaboración con empresas, xestión e asistencia ás entrevistas de selección etc., tarefas de captación do alumnado, actividades de divulgación e publicidade dos centros. Cabe sinalar que, durante o ano 2023, implantáronse 3 novos ciclos nesta modalidade:

- Ciclo Superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal (CFEA Sergude)
- Ciclo Medio en Xardinaría e Floraría (CFEA Guísamo)
- Ciclo Medio en Produción Agro ecolóxica (CFEA Pedro Murias)

Nos dous primeiros casos superouse de sobra o número mínimo de alumnos/as necesario para a súa posta en marcha. Con todo, o novo ciclo implantado no CFEA Pedro Murias de Técnico en Produción Agro ecolóxica non acadou o número mínimo esixido para iniciar a súa andaina. Aínda así seguirase a perseverar neste obxectivo, cando menos, no próximo curso.

- implementación de novas accións formativas na plataforma de teleformación xestionada desde o CFEA de Monforte. Redacción de documentos técnicos para a tramitación, avaliación de ofertas, adxudicación de contratos, seguimento da execución e certificación final de contratos de servizos:

  - curso de formación para o persoal que traballa nas explotacións avícolas (segundo os contidos recollidos no Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas. Hai que sinalar que a acción formativa foi ofertada dentro do Plan de Formación ao Agro Galego 2023.
  - curso de formación para o persoal que traballe con gando bovino (segundo os contidos incluídos no RD 1053/2022 do 27 de decembro). A posta á disposición das persoas interesadas realizarase ao longo de 2024, a través do Plan de Formación ao Agro Galego 2024.

- xestión de proxectos europeos Erasmus+. As actuacións máis salientables neste ámbito foron as seguintes:

  - Certificación e pago dos servizos do contrato para a realización de mobilidades de docencia e formación do alumnado do CFEA de Sergude. Apoio documental e seguimento da tramitación contable dos expedientes.
  - Asistencia na resolución de problemas derivados das estadías do alumnado no estranxeiro.
  - Apoio documental e seguimento da tramitación do expediente co "Servizo Español para a Internacionalización da Educación" (SEPIE).

  O proxecto Erasmus+ consideraba un total de 20 mobilidades (16 de formación e 4 de docencia), que se ían realizar durante os cursos académicos 2021/2022 e 2022/2023.

  Durante o ano 2023 realizáronse un total de:

  - 5 mobilidades de formación, con destino a Portugal e Italia. Todos os participantes, salvo unha alumna que tivo que rematar a súa estadía con anterioridade á data de

finalización prevista, completou de xeito satisfactorio o módulo FCT necesario para a obtención do título de FP no estranxeiro. As experiencias foron, en todos os casos, enriquecedoras e positivas.

- 4 mobilidades de docencia con destino a Italia. A experiencia neste caso tamén foi satisfactoria acadándose os seguintes obxectivos:

    - Establecéronse contactos con institucións italianas, para explorar distintas opcións para desenvolver algún proxecto educativo común. En concreto xurdiu a oportunidade de establecer algunha colaboración coa Universidade de Messina e de Calabria.

    - Estudouse a posibilidade de realizar estadías de intercambio entre profesores/as e/ou alumnos/as do CFEA de Sergude e os centros de ensino visitados.

    - Exploráronse outros métodos pedagóxicos na aula e de organización das actividades prácticas. En concreto, intercambiáronse impresións cos docentes italianos sobre os perfís do alumnado con interese no rural en Sicilia e en Galicia.

    - Observáronse outros sistemas de produción animal e adquisición de novos coñecementos relacionados coas diferentes razas de porco que se crían na rexión de Sicilia. En concreto, durante a estadía xurdiron ideas de instalacións que poderían funcionar para acondicionar a explotación de Porco Celta no CFEA de Sergude.

- coordinación das probas de aptitude para a obtención das certificacións, acreditacións e carnés profesionais, elaboración e proposta do calendario anual para a súa realización, remisión das actas coa relación do alumnado que se vai examinar, remisión dos modelos de exame que se van empregar en cada proba segundo a tipoloxía de curso, apoio na resolución de posibles dúbidas antes, durante e unha vez rematadas as probas;

- tramitación de solicitudes e resolucións de autorización ou denegación para o uso das instalacións dos CFEA.

<u>Implementación de novos contidos na páxina web da Agacal</u>

No último trimestre do ano 2023 cargáronse múltiples contidos na páxina web da Agacal.

O obxectivo foi a posta á disposición das persoas interesadas e das entidades colaboradoras da información relacionada cos niveis de capacitación legalmente esixidos para exercer a actividade profesional no sector primario, naquelas áreas de formación nas

que a Axencia é competente. A posta en funcionamento da páxina web permite informar sobre:

- Os niveis de capacitación esixibles en cada ámbito;
- Os programas correspondentes a cada especialidade formativa (contidos, nº horas, asistencia mínima etc.)
- A relación de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural actualmente homologadas para impartir cursos. Neste ámbito, cómpre salientar a implementación de buscadores web que permiten un filtrado de actividades formativas por tipoloxía, modalidade de impartición e localización xeográfica da entidade de colaboración. Isto pon á disposición das persoas interesadas os datos de contacto das entidades que máis se adapten ás súas necesidades de forma accesible e sinxela. Ademais, permite exportar os resultados obtidos logo da busca realizada.
- Os procedementos administrativos que cómpre seguir para a inscrición no rexistro de entidades colaboradoras, a impartición de cursos e a expedición de certificados, acreditacións e carnés profesionais derivados da realización das accións formativas: normativa e instrucións adicionais, formularios de solicitude, anexos, arquivos de carga de datos, información sobre as datas ou lugares de celebración das probas de aptitude, información referente ao pago das taxas etc.
- Os trámites administrativos para a expedición por parte das persoas físicas interesadas de certificados, acreditacións ou carnés profesionais e os seus duplicados: formularios de solicitude, información sobre o pago de taxas etc.

Igualmente, púxose á disposición das persoas interesadas a información relativa á oferta formativa dos centros de formación e experimentación agraria, a xestión e tramitación das matrículas, así como a petición de prazas de residencia e comedor nos centros onde se oferta o servizo.

Coa publicación dos contidos anteditos apréciase unha mellora á hora de informar as persoas interesadas sobre os trámites e procedementos competencia do departamento.

Atención ao público:

O Departamento de Formación dedica unha parte moi importante da xornada laboral a dar información a través do correo electrónico e de chamadas telefónicas. As chamadas proceden fundamentalmente de entidades colaboradoras, oficinas rurais da Consellería, dos CFEA e de particulares que piden orientación sobre temas relacionados cos cursos que se imparten e as certificacións que se expiden. No ano 2023 xestionáronse máis de 8.500 consultas, das que arredor de 1.900 foron contestadas por vía telemática.

ACTIVIDADES	2021.	2022	2023
HOMOLOGACIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS (EC)			
Inscrición de novas entidades MR330C (formación todas as modalidades, excepto benestar animal)	4	8	6
Inscrición de novas entidades MR205A (benestar animal e formación persoal de granxas avícolas, porcinas e bovinas)	0	0	4
Homologación de novas especialidades formativas (benestar animal e formación persoal de granxas avícolas, porcinas e bovinas)	11	5	17
AUTORIZACIÓN PARA A IMPARTICIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN POR EC		2	
Aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios (MR203A)	88	104	116
Incorporación á empresa agraria (IEA; MR330D)	9	16	12
Formación en materia forestal	8	2	10
XESTIÓN DA COMUNICACIÓN DE INICIO E SEGUIMENTO DE CURSOS IMPARTIDOS POR EC			
Nº Cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios	**82**	**56**	**90**
Realización de exames polo Departamento de Formación (fitosanitarios)	38	56	
Nº de alumnos/as examinados/as (fitosanitarios)	0	824	
Nº cursos IEA e curso forestal	**4**	**6**	
Realización de exames polo Departamento de Formación (cursos IEA)	4	9	
Nº de alumnos/as examinados/as (IEA)	0	49	
Nº Cursos de benestar animal e formación persoal de granxas avícolas, porcinas e bovinas)	**124**	**47**	**61**
Realización de exames polo Departamento de Formación (BA)	0	47	
Nº de alumnos/as examinados/as (benestar animal)	0	480	
EMISIÓN DE CARNÉS/CERTIFICADOS/DIPLOMAS DE ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN			
Nº carnés de fitosanitarios emitidos	**4.760**	**5.384**	**4.744**
Certificados de profesionalidade (validacións)	252	62	85
Títulos de formación regrada	217	297	286
Validación de certificados emitidos noutra CC. AA.	18	31	37
Tramitación de renovacións	2394	3.109	2.692
Tramitación de duplicados por perda	382	490	451
Corrección de erros	17	834	195
Cursos de entidades/Xunta	1480	1.395	535
Nº certificados/acreditacións benestar animal	**1.240**	**655**	**1.129**
BA en explotacións	410	288	329
BA en transporte	830	320	380
Persoal que traballa en explotacións porcinas	0	47	221
Persoal que traballa en explotacións avícolas		0	199
Persoal que traballa en explotacións bovinas	0	0	48
Expedición de certificados de capacitación inicial para o persoal que traballa con animais de experimentación	**379**	**277**	**271**
Categoría a	77	58	51
Categoría b	128	98	88
Categoría c	137	94	92
Categoría d	27	14	30
Categoría e	8	12	9

ACTIVIDADES	2021.	2022	2023
Categoría f	2	1	1
Expedición de certificados de mantemento da capacitación para o persoal que traballa con animais de experimentación		**62**	**733**
Categoría a		8	55
Categoría b		16	214
Categoría c		22	247
Categoría d		13	170
Categoría e		2	27
Categoría f		1	20
Expedición doutros certificados	**392**	**509**	**371**
Certificados fitosanitarios	16	84	92
IEA	365	401	238
Docentes	10	18	10
Cursos varios (poda, vitivinicultura etc.)	1	6	31
OUTROS			
Autorizacións de cursos de animais de experimentación	2	0	
DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES DE FORMACIÓN DENTRO DO PROGRAMA DE FC	**658**	**427**	**0**
Distribución manual de solicitudes do Plan de formación	171	0*	0*
DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES DE FORMACIÓN IEA	**273**	**380**	**95**

*A posta en marcha do formulario de inscrición web permitiu reducir a carga de traballo derivada da xestión e distribución de solicitudes entre as unidades administrativas da Consellería do Medio Rural. Este traballo víñase realizando desde o Departamento de Formación ano tras ano.

Actividades dos centros de formación

ACTIVIDADES DE FORMACIÓN REGRADA

Os centros de formación e experimentación agraria da Agacal acadaron no curso académico 2022/2023 un total de 551 matrículas nos ciclos de formación profesional (formación regrada), das que o 38 % corresponderon a mulleres:

CFEA	CICLO	DENOMINACIÓN	CURSO	MULLERES	HOMES	MATRÍCULAS
BECERREÁ	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1º	1	11	12
BECERREÁ	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2º	1	6	7
BECERREÁ	SUP	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1º	3	20	23
BECERREÁ	SUP	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	2º	7	13	20
PEDRO MURIAS	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL (DUAL)	1º	3	9	12
PEDRO MURIAS	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL (DUAL)	2º	1	2	3
SERGUDE	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1º	0	12	12
SERGUDE	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2º	0	20	20
SERGUDE	SUP	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL	1º	18	6	24
SERGUDE	SUP	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL	2º	16	5	21
SERGUDE	MEDIO	PRODUCIÓN AGROECOLÓXICA	MODULAR-PRESENCIAL	9	8	17

CFEA	CICLO	DENOMINACIÓN	CURSO	MULLERES	HOMES	MATRÍCULAS
SERGUDE	MEDIO	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	1º	5	11	16
SERGUDE	MEDIO	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	2º	6	14	20
GUÍSAMO	SUP	PAISAXISMO E MEDIO RURAL	1º	6	7	13
GUÍSAMO	SUP	PAISAXISMO E MEDIO RURAL	2º	1	0	1
GUÍSAMO	SUP	PAISAXISMO E MEDIO RURAL	MODULAR-DISTANCIA	69	75	144
GUÍSAMO	MEDIO	XARDINARÍA E FLORARÍA	MODULAR-DISTANCIA	49	60	109
LOURIZÁN	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1º	4	16	20
LOURIZÁN	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2º	2	16	18
LOURIZÁN	SUP	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1º	3	17	20
LOURIZÁN	SUP	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	2º	5	14	19
MONFORTE L.	-	-	-	-	-	-*

**CFEA MONFORTE DE LEMOS : Non realiza actividades de formación regrada*

Durante o curso académico 2022/2023 realizáronse un total de 106 visitas que completaron a formación do alumnado aos centros de destino recollidos na seguinte táboa:

CFEA	DENOMINACIÓN CICLO	DESTINO	Nº VISITAS	Nº ASISTENTES
GUÍSAMO	TÉCNICO EN XARDINARÍA E FLORARÍA/TÉCNICO SUPERIOR EN PAISAXISMO E MEDIO RURAL	COOPERATIVA AGROFLOR-NARÓN	1	37
GUÍSAMO	TÉCNICO EN XARDINARÍA E FLORARÍA/TÉCNICO SUPERIOR EN PAISAXISMO E MEDIO RURAL	EXPLOTACIÓN DE CULTIVO DE FLOR EN PADERNE	1	37
GUÍSAMO	TÉCNICO EN XARDINARÍA E FLORARÍA/TÉCNICO SUPERIOR EN PAISAXISMO E MEDIO RURAL	EMPRESA ORBALLO-PADERNE	1	23
GUÍSAMO	TÉCNICO EN XARDINARÍA E FLORARÍA/TÉCNICO SUPERIOR EN PAISAXISMO E MEDIO RURAL	CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO	2	38
GUÍSAMO	TÉCNICO EN XARDINARÍA E FLORARÍA/TÉCNICO SUPERIOR EN PAISAXISMO E MEDIO RURAL	EXPLOTACIÓN ECOLÓXICA "GRANXAS DE LOUSADA"-IRIXOA	1	12
GUÍSAMO	TÉCNICO EN XARDINARÍA E FLORARÍA/TÉCNICO SUPERIOR EN PAISAXISMO E MEDIO RURAL	PAZO DE RUBIÁNS	1	45
GUÍSAMO	TÉCNICO EN XARDINARÍA E FLORARÍA/TÉCNICO SUPERIOR EN PAISAXISMO E MEDIO RURAL	FRAGAS DO EUME	1	35
GUÍSAMO	TÉCNICO EN XARDINARÍA E FLORARÍA/TÉCNICO SUPERIOR EN PAISAXISMO E MEDIO RURAL	VERTEDOIRO E LAGO MINA DAS PONTES	1	35
GUÍSAMO	TÉCNICO EN XARDINARÍA E FLORARÍA/TÉCNICO SUPERIOR EN PAISAXISMO E MEDIO RURAL	EXPLOTACIÓN MIXTA: HORTA-FROITA-OVINO E ARBORETO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO	1	35
SERGUDE	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	VIVEIROS FALMEGA VIFORSA BOIBEL	1	14
SERGUDE	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	VIVEIROS SEQUEIRO, CARBALLO	1	14
SERGUDE	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	SERRA DO COUREL (LUGO)	1	12
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	GANDAGRO- SEMANA VERDE DE SILLEDA	1	35
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	GANDAGRO- SEMANA VERDE DE SILLEDA	1	42
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	COOPERATIVA DE GRILLE (MAZARICOS)	1	14
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	CENTRO DE RECRÍA DE XOVENCAS GANXABAR	1	14
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	GRANXA DE LEITE GASTRAR. USO DE GRAN HÚMIDO.	1	15
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	CABUXA NATUR	1	18
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	TRALOAGRO	1	18
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	CASA CODESAL	1	18
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	GRANXA LIMIA DE MOARES (ROIS)	1	15
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	ESTRADA GANDEIRA CEBA DE BECERROS	1	15
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	XXI XORNADAS TÉCNICAS DE VACÚN DE LEITE-SERAGRO 2023	1	18

CFEA	DENOMINACIÓN CICLO	DESTINO	Nº VISITAS	Nº ASISTENTES
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	CABUXA NATUR	1	22
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	TRALOAGRO	1	22
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	CASA CODESAL	1	22
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	COOPERATIVA HORSAL	1	35
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	KIWI ATLÁNTICO	1	35
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	HÍPICA CASA NOVAS	1	44
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	GRANXA CAXIGUEIRA	1	22
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	GRANXA DO SOUTO	1	22
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROECOLÓXICA	A HORTA DA SEÑORA CARME (VEDRA)	1	8
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	LASAPAGA	1	22
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	XENÉTICA FONTAO	1	22
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	CENTRO DE RAZAS AUTÓCTONAS DE FONTEFIZ	1	22
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	GRANXAS BOQUEIXÓN	1	22
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	EXPLOTACIÓN DE BOIS DE ALLARIZ	1	23
SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA SANIDADE ANIMAL	XXI XORNADAS TÉCNICAS DE VACUN DE LEITE-SERAGRO 2023	1	55
SERGUDE	PRODUCIÓN AGROECOLÓXICA	ASOCIACIÓN RAÍÑA PARAÍSO, VILASANTAR, A CORUÑA.	1	6
P. MURIAS	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL (DUAL)	VISITA AO CENTRO DE RECUPERACIÓN DE FAUNA SALVAXE "O VERAL" EN LUGO	1	8
P. MURIAS	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL (DUAL)	VISITA Á BIOMASA FORESTAL NAS PONTES (A CORUÑA)	1	8
P. MURIAS	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL (DUAL)	VISITA Á ESTACIÓN AGROECOLÓXICA DE VIVEIRO (VIVEIRO)	1	8
BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL/XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	ALIBOS GALICIA	1	39
BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL/XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	FRAGAS DO RÍO RATO E MONTES DAS LAGOAS DE COSPEITO	1	44
BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL/XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	SERRA DA LASTRA	1	55
BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL/XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	GRANXA PERDICES JOSÉ MARÍA SANJURJO	1	27
BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL/XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	DIFERENTES RODAIS PROVINCIA LUGO	1	62
BECERREÁ	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	PISCIFACTORÍA OVAPIS CIS	1	20
BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL/XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL DE CERCEDA	1	55
BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL/XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	BASE HELITRANSPORTADA MARROXO E BECERREÁ	1	27
BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL/XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	DISTRITO-QUEIMA CONTROLADA	1	62
BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL/XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	VIVEIROS MAÑENTE	1	55
BECERREÁ	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	INSTALACIÓNS CARRONZA-SERRADOIRO	1	23
BECERREÁ	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	VISITA MANTO MAQUINARIA	1	23
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	SAÍDA FORMATIVA RÍO LOIRA (MARÍN). PESCA ELÉCTRICA SERVIZO CONSERVACIÓN DA NATUREZA. 2 CM	2	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	SAÍDA RESTAURACIÓN DE RIBEIRA 2 CM	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2 CM_PRÁCTICA CUADRILLA INCENDIOS	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2CM _ VISITA BASE HELITRANSPORTADA DO CAMPIÑO	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	SAÍDA RÍO REPOB. PISCÍCOLA 2 CM	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2CM_SAÍDA RÍO GAFOS COA ASOCIACIÓN VAIPOLORÍO	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2CM_TRABALLOS NO MVMC S. ANDRÉS PARA PREPARAR ACTIVIDADE DE EDUCACIÓN AMBIENTAL	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2CM_ACTIVIDADE PLANTACIÓN CO ALUMNADO DE 5º E 6º PRIMARIA DO COLEXIO A CARBALLEIRA	2	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1CM- SAÍDA ENTIDADE LOCAL MENOR ARCOS DA CONDESA	1	20

CFEA	DENOMINACIÓN CICLO	DESTINO	Nº VISITAS	Nº ASISTENTES
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	SAÍDA FORMATIVA COMPLEXO INTERMAREAL UMIA-O GROVE 2 CM	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	VISITA Á ESCOLA DE ENXEÑERÍA FORESTAL DE PONTEVEDRA 2 CM	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1CM_DEMOSTRACIÓN TRABALLOS EN ALTURA CAMPIÑO	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2CM-SAÍDA FORMATIVA MONTE ALOIA-GÁNDARAS DE BUDIÑO	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	SAÍDA FORMATIVA ARBO- A FREIXA. 2 CM	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2CM-INVESTIGACIÓN DE LUMES	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2CM- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DEMO DAY DEPOEMPRENDE	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1CM_VISITA Á MISIÓN BIOLÓXICA (CSIC)	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1CM_VISITA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREEIRO	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1CM-1CS_SAÍDA AO RÍO ULLA E ÁS PESQUEIRAS	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1CM_SEQUEIRO DE CARBALLO	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1CM_SAÍDA FORMATIVA ENCE_VIVEIRO FIGUEIRIDO	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1CM CABO ORTEGAL_COMPLEXO XEOLÓXICO	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1CM_VIVEIRO DE MACEDA DE TRAGSA	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	VISITA Á PISCIFACTORÍA 2 CM. JUAN	1	20
LOURIZÁN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	VISITA GALIFOREST	1	9
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	VISITA IES PONTECALDELAS TRABALLOS DE RESTAURACIÓN DE ZONA QUEIMADAS AO REDOR DO CENTRO	3	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	SAÍDA RESTAURACIÓN DE RIBEIRA 2 CS. XESTIÓN PISCÍCOLA	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1CS_CHARLA SOBRE CONTROL DE CORTADEIRA CIF LOURIZÁN EN BARRO-MEIS	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	SAÍDA FORMATIVA INVENTARIO PISCÍCOLA 2 CS. RÍO LOIRA	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	SAÍDA 4 DÍAS AO COUREL 2CS	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	SAÍDA RÍO LÉREZ. FREZADEIROS.	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	SAÍDA 2 CS ELM ARCOS DA CONDESA	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	VISITA PISCIFACTORÍA CARBALLEDO. 2 CS. XESTIÓN PISCÍCOLA	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1CS_ACTIVIDADE CO ALUMNADO DE 6ºEP DO CEIP A CARBALLEIRA SOBRE BIODIVERSIDADE	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	SAÍDA FORMATIVA UMIA-O GROVE 2_ 2CS.	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	VISITA Á UNIVERSIDADE_1CS	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	2CS-SAÍDA FORMATIVA MONTE ALOIA-GÁNDARAS DE BUDIÑO	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	SAÍDA FORMATIVA ARBO- A FREIXA._ 2 CS	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	ACTIVIDADE DE 1CS NO OUTEIRO DA HEDRA - POZA DA REGUEIRA	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	2CS_INVESTIGACIÓN DE LUMES	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	2CM_VISITA GUIADA PREDIO LOURIZÁN CO COLEXIO SAGRADO CORAZÓN	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1CS_VISITA Á MISIÓN BIOLÓXICA. (CSIC)	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1 CS_ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1CS INSPECCIÓN GANDARELA CO ROAGA	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1CS_SAÍDA AO RÍO ULLA E ÁS PESQUEIRAS	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1CS_SEQUEIRO CARBALLO	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1CS_SAÍDA FORMATIVA ENCE_VIVEIRO FIGUEIRIDO	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1CS CABO ORTEGAL	1	20
LOURIZÁN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1CS_VIVERO MACEDA TRAGSA	1	20

ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUA

Desde os CFEA foron promovidas un total de 83 actividades de formación continua, financiadas cun importe total de 212.687,36 €, nas que participaron un total de 1.405 alumnos/as.

Código	Tema	Unidade	Horas	Aprobado	Homes	Mulleres	Total
FC2023F127001	CURSO DE NUTRICION E ALIMENTACIÓN APÍCOLA	CFEA BECERREÁ	6,00	1.379,40	21	9	30
FC2023F127002	INICIACIÓN Á APICULTURA	CFEA BECERREÁ	20,00	2.389,55	9	5	14
FC2023F127003	APICULTURA . PERFECCIONAMENTO	CFEA BECERREÁ	25,00	2.729,30	15	5	20
FC2023F127004	APICULTURA ECOLOXICA	CFEA BECERREÁ	4,00	1.502,17	20	10	30
FC2023F127005	CURSO DE NUTRICION E ALIMENTACIÓN APÍCOLA	CFEA BECERREÁ	6,00	1.405,20	13	5	18
FC2023F127006	CURSO DE NUTRICION E ALIMENTACIÓN APÍCOLA	CFEA BECERREÁ	6,00	1.374,65	10	8	18
FC2023F127007	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL BÁSICO	CFEA BECERREÁ	25,00	4.934,00	9	9	18
FC2023F127008	CURSO DE CALIDADE DO MEL	CFEA BECERREÁ	10,00	1.685,00	12	12	24
FC2023F127009	CURSO DE RECICLAXE DA CERA DE ABELLA	CFEA BECERREÁ	10,00	1.563,93	13	12	25
FC2023F127010	CURSO DE REPRODUCIÓN APÍCOLA E CRÍA DE RAIÑAS	CFEA BECERREÁ	25,00	3.422,00	12	5	17
FC2023F127011	CURSO DE MELLORA XENÉTICA E SELECCIÓN APÍCOLA	CFEA BECERREÁ	10,00	1.670,00	10	6	16
FC2023F127012	INICIACIÓN Á APICULTURA	CFEA BECERREÁ	20,00	2.385,75	14	8	22
FC2023F127013	TALLER DE CONSTRUCIÓN DE CERCADOS ELÉCTRICOS	CFEA BECERREÁ	10,00	3.701,81	18	8	26
FC2023F127014	CURSO SOBRE O USO DE PROCESADORAS FORESTAIS	CFEA BECERREÁ	25,00	4.432,00	22	6	28
FC2023F127015	APICULTURA . PERFECCIONAMENTO	CFEA BECERREÁ	25,00	3.023,00	10	10	20
FC2023F127016	CURSO DE RECICLAXE DA CERA DE ABELLA	CFEA BECERREÁ	10,00	1.549,20	13	13	26
FC2023F127018	ARRANXO DE PEZUÑOS NO GANDO VACÚN	CFEA BECERREÁ	25,0	5.393,50	0	0	0
FC2023F127019	TALLER DE APEO E TRABALLO SEGURO CON MOTOSERRA	CFEA BECERREÁ	35,00	6.760,00	14	4	18
FC2023F127020	CURSO BÁSICO DE MOTOSERRA E O SEU EMPREGO	CFEA BECERREÁ	35,00	5.361,03	24	6	30
FC2023F127021	CURSO AVANZADO DE MOTOSERRA E O SEU EMPREGO	CFEA BECERREÁ	30,00	5.425,65	34	11	45
FC2023F127022	REPRODUCIÓN NO GANDO VACÚN	CFEA BECERREÁ	20,00	4.933,28	12	3	15
FC2023F127023	ARRANXO DE PEZUÑOS NO GANDO VACÚN	CFEA BECERREÁ	25,00	5.960,00	9	4	13
FC2023F127024	MAQUINAS Y APEROS DE LABOREO, REGULACIÓN	CFEA BECERREÁ	20,00	4.953,48	12	4	16
FC2023F127025	CURSO PRÁCTICO DE APLICACIÓNS CARTOGRÁFICAS EN TELÉFONO MÓBIL PARA O ÁMBITO AGROFORESTAL	CFEA BECERREÁ	15,00	2.076,00	12	2	14
FC2023F127026	TALLER DE TÉCNICAS DE GABEO, DESPRAZAMENTOS E TRABALLOS EN ALTURA NAS ÁRBORES.	CFEA BECERREÁ	15,00	2.348,74	11	1	12
FC2023F127027	CURSO: OS COGUMELOS COMO RECURSO DOS NOSOS MONTES	CFEA BECERREÁ	23,00	3.152,83	20	5	25
FC2023F127028	CURSO: OS COGUMELOS COMO RECURSO DOS NOSOS MONTES	CFEA BECERREÁ	15,00	2.021,74	8	7	15
FC2023F127029	CURSO DE CRÍA E REPOBOACIÓN DE PERDIZ (ALECTORIS RUFA)	CFEA BECERREÁ	21,00	2.971,17	24	7	31
FC2023F127030	RENOVACIÓN DE APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS NIVEL CUALIFICADO	CFEA BECERREÁ	10,0	2.340,00	0	0	0
FC2023F127031	CURSO DE PRODUCIÓN E REPOBOACIÓN DE PERDIZ (ALECTORIS RUFA)	CFEA BECERREÁ	10,00	1.057,40	16	2	18
FC2023F115002	FORMACIÓN EN PERMACULTURA E AGRICULTURA ORGÁNICA	CFEA GUÍSAMO	12,00	2.400,00	17	25	42
FC2023F115003	PEQUENAS INSTALACIÓNS DE REGA	CFEA GUÍSAMO	16,0	2.530,00	0	0	0
FC2023F115005	TALLER PRÁCTICO. SEGURIDADE NOS TRABALLOS DE ARBORICULTURA. TÉCNICAS DE TREPA.	CFEA GUÍSAMO	40,00	4.664,00	14	9	23
FC2023F115006	TALLER PRÁCTICO. SEGURIDADE NOS TRABALLOS DE ARBORICULTURA. TALA E APEO CONTROLADO DE ÁRBORES CON TÉCNICAS DE TREPA	CFEA GUÍSAMO	20,00	2.358,00	13	9	22

FC2023F115007	TÉCNICAS AVANZADAS DE TALA, TRONZADO E DECOTADO DE ÁRBORES. MANTEMENTO DA MOTOSERRA	CFEA GUÍSAMO	22,0	4.130,00	0	0	0
FC2023F115008	SEGURIDADE EN TRABALLOS DE MANTEMENTO DE ZONAS VERDES DE ESPECIAL DIFICULTADE CON RISCO DE CAÍDA A DISTINTO NIVEL	CFEA GUÍSAMO	8,00	750,00	21	7	28
FC2023F115009	VALORIZACIÓN DE MADEIRAS AUTÓCTONAS DE GALICIA DE CARA AO SEU EMPREGO EN CONTRUCIÓN: FABRICACIÓN DE VIGAS E TÁBOAS CON MOTOSERRA.	CFEA GUÍSAMO	8,00	1.250,00	24	11	35
FC2023F115010	MANEXO DE MAQUINAS-FERRAMENTAS ELÉCTRICAS NUN TALLER DUNHA EXPLOTACIÓN AGROFORESTAL	CFEA GUÍSAMO	16,00	3.010,00	11	5	16
FC2023F115011	TALLER TEMÁTICO SOBRE MANTENEMENTO DE MAQUINARIA E ÚTILES DE XARDINARÍA E ARBORICULTURA	CFEA GUÍSAMO	24,00	2.240,00	18	11	29
FC2023F115012	TALLER PRÁCTICO DE SOLDADURA POR TERMOFUSIÓN APLICADA A MONTAXE DE TUBAXES DE REGA	CFEA GUÍSAMO	8,00	1.710,00	17	8	25
FC2023F115013	PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NO USO DA ROZADOIRA MANUAL	CFEA GUÍSAMO	8,00	1.100,00	16	5	21
FC2023F115027	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL BÁSICO	CFEA GUÍSAMO	27,00	2.870,00	9	7	16
FC2023F127032	APROVEITAMENTOS FOTOVOLTAICOS EN EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS	CFEA MONFORTE DE LEMOS	4,00	603,00	19	8	27
FC2023F127033	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL BÁSICO	CFEA MONFORTE DE LEMOS	27,00	1.880,00	24	6	30
FC2023F127034	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL CUALIFICADO. CURSO PONTE	CFEA MONFORTE DE LEMOS	36,00	1.991,02	16	4	20
FC2023F127035	RENOVACIÓN DE APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS NIVEL CUALIFICADO	CFEA MONFORTE DE LEMOS	10,00	740,00	16	4	20
FC2023F127036	CAPACITACIÓN EN MATERIA DE BENESTAR ANIMAL DO PERSOAL DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS (DECRETO 60/2007 DE 22 DE MARZO)	CFEA MONFORTE DE LEMOS	20,00	1.316,00	18	14	32
FC2023F127037	CAPACITACIÓN EN MATERIA DE BENESTAR ANIMAL PARA CONDUTORES/AS E COIDADORES/AS DE VEHÍCULOS DE ESTRADA DE TRANSPORTE DE ANIMAIS VIVOS (DECRETO 60/2007 DE 22 DE MARZO)	CFEA MONFORTE DE LEMOS	20,00	1.315,05	23	9	32
FC2023F127038	FORMACIÓN PARA O PERSOAL QUE TRABALLE CON GANDO PORCINO (RD 306/2020 DE 11 DE FEBREIRO)	CFEA MONFORTE DE LEMOS	20,00	1.315,05	21	11	32
FC2023F127039	FORMACIÓN PARA O PERSOAL QUE TRABALLE CON GANDO AVÍCOLA (RD 637/2021 DE 27 DE XULLO)	CFEA MONFORTE DE LEMOS	20,00	1.323,20	21	11	32
FC2023F127040	FORMACIÓN PARA O PERSOAL QUE TRABALLE CON GANDO BOVINO (R.D. 1053/2022, DO 27 DE DECEMBRO)	CFEA MONFORTE DE LEMOS	20,0	1.020,00	0	0	0
FC2023F127041	INICIACIÓN Á APICULTURA	CFEA MONFORTE DE LEMOS	20,0	2.940,00	0	0	0
FC2023F127042	CONTROL INTEGRADO DE VARROA	CFEA MONFORTE DE LEMOS	10,0	1.150,00	0	0	0
FC2023F127043	REPRODUCIÓN APÍCOLA	CFEA MONFORTE DE LEMOS	20,00	3.074,00	14	2	16
FC2023F127044	VESPA VELUTINA E OUTRAS ENFERMIDADES DAS ABELLAS	CFEA MONFORTE DE LEMOS	9,0	1.632,00	0	0	0
FC2023F127045	MICOLOXÍA SILVESTRE	CFEA MONFORTE DE LEMOS	8,00	2.620,00	17	13	30
FC2023F127046	MICOLOXÍA: CULTIVO DE FUNGOS	CFEA MONFORTE DE LEMOS	8,00	1.185,00	18	10	28
FC2023F127047	XESTIÓN INTEGRAL DE PIÑEIROS	CFEA MONFORTE DE LEMOS	38,0	5.486,00	0	0	0
FC2023F127048	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL CUALIFICADO. CURSO PONTE	CFEA PEDRO MURIAS	37,0	2.070,00	0	0	0
FC2023F127049	CULTIVO DE SHIITAKE SOBRE MADEIRA	CFEA PEDRO MURIAS	8,0	933,70	0	0	0
FC2023F127050	APICULTURA . PERFECCIONAMENTO	CFEA PEDRO MURIAS	20,0	1.732,40	0	0	0
FC2023F127051	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL BÁSICO	CFEA PEDRO MURIAS	27,0	2.630,00	0	0	0
FC2023F127052	RENOVACIÓN DE APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS NIVEL CUALIFICADO	CFEA PEDRO MURIAS	10,0	860,00	0	0	0
FC2023F127053	CAPACITACIÓN EN MATERIA DE BENESTAR ANIMAL PARA CONDUTORES/AS E COIDADORES/AS DE VEHÍCULOS DE ESTRADA DE TRANSPORTE DE ANIMAIS VIVOS (DECRETO 60/2007 DE 22 DE MARZO)	CFEA PEDRO MURIAS	20,0	1.750,00	0	0	0
FC2023F127054	TÉCNICAS DE RESINACIÓN	CFEA PEDRO MURIAS	12,0	1.864,00	0	0	0

FC2023F127055	PRIMEROS AUXILIOS EN EL SECTOR AGROFORESTAL	CFEA PEDRO MURIAS	8,0	1.194,50	0	0	0
FC2023F115014	NOVAS TECNOLOXÍAS PARA A MONITORIZACIÓN DO GANDO VACÚN.	CFEA SERGUDE	5,00	811,70	12	14	26
FC2023F115015	COIDADOS DO PÉ EQUINO. FERRAXE DE CABALOS	CFEA SERGUDE	20,00	5.032,54	9	15	24
FC2023F115016	TRANSFORMACIÓN DO LEITE. ELABORACIÓN PRODUTOS LÁCTEOS E QUEIXOS	CFEA SERGUDE	46,00	4.597,08	9	6	15
FC2023F115017	INTRODUCIÓN A MELLORA REPRODUTIVA E INSEMINACIÓN ARTIFICIAL EN GANDO VACÚN	CFEA SERGUDE	15,00	4.069,80	8	9	17
FC2023F115018	A BIOTECNOLOXÍA AO SERVIZO DA MELLORA XENÉTICA EN GANDO VACÚN	CFEA SERGUDE	14,0	2.206,80	0	0	0
FC2023F115019	PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS	CFEA SERGUDE	16,00	2.423,40	5	14	19
FC2023F115020	MANEXO E XESTIÓN DA RACIÓN TOTAL MESTURADA EN GANDO VACÚN.	CFEA SERGUDE	13,0	3.268,80	0	0	0
FC2023F115021	NOVAS TECNOLOXÍAS PARA O CONTROL DA MASTITE E A MELLORA DA CALIDADE DO LEITE.	CFEA SERGUDE	10,00	1.182,80	8	13	21
FC2023F115022	PODOLOXÍA EN GANDO VACÚN. MEDIDAS PREVENTIVAS.	CFEA SERGUDE	13,0	3.683,40	0	0	0
FC2023F115023	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL BÁSICO	CFEA SERGUDE	27,00	2.833,00	18	6	24
FC2023F115024	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL CUALIFICADO. CURSO PONTE	CFEA SERGUDE	37,00	3.993,00	11	5	16
FC2023F115025	CAPACITACIÓN EN MATERIA DE BENESTAR ANIMAL PARA CONDUTORES/AS E COIDADORES/AS DE VEHÍCULOS DE ESTRADA DE TRANSPORTE DE ANIMAIS VIVOS (DECRETO 60/2007 DE 22 DE MARZO)	CFEA SERGUDE	20,00	1.872,00	12	13	25
FC2023F115026	CAPACITACIÓN EN MATERIA DE BENESTAR ANIMAL PARA CONDUTORES/AS E COIDADORES/AS DE VEHÍCULOS DE ESTRADA DE TRANSPORTE DE ANIMAIS VIVOS (DECRETO 60/2007 DE 22 DE MARZO)	CFEA SERGUDE	20,00	1.872,00	10	10	20
FC2023F115028	APICULTURA AVANZADA.	CFEA SERGUDE	34,00	3.849,60	14	5	19
FC2023F115029	PRODUTOS DAS ABELLAS.	CFEA SERGUDE	16,00	2.170,77	12	7	19
FC2023F115030	VALORACIÓN MORFOLÓXICA E PRODUTIVA GANDO VACÚN DE LEITE.	CFEA SERGUDE	8,0	1.575,77	0	0	0
FC2023F115031	MANEXO DE PRADEIRAS. PASTOREO.	CFEA SERGUDE	12,0	1.706,20	0	0	0
		TOTALES	1.503,00	212.687,36	912	493	1.405

O CFEA de Monforte inclúe dentro da súa oferta formativa os módulos do curso esixible de Aptitude Empresarial Agraria para aquelas persoas que soliciten unha axuda á primeira incorporación de mozos/as. En total, durante o ano 2023 impartiu un total de 167 módulos, cun total de 2.577 matriculados.

ACTIVIDADES COLABORATIVAS

CENTRO	ENTIDADE/ORGANISMO COLABORADOR
GUÍSAMO	CURSO DE VITICULTURA E ENOLOXÍA BÁSICO/FUNDACIÓN JUANA DE VEGA
GUÍSAMO	CURSO DE FRUTICULTURA/FUNDACIÓN JUANA DE VEGA
GUÍSAMO	XOGOS FLORAIS-BETANZOS/ASOCIACIÓN CULTURAL PESQUEDELLAS DE BETANZOS
GUÍSAMO	SEGUIMENTO DO XARDÍN DIDÁCTICO DE FIEITOS AUTÓCTONOS NO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME/ASOCIACIÓN PARA A CUSTODIA DO BOSQUE ATLÁNTICO BETULA
GUÍSAMO	COLABORACIÓN CO PROGRAMA FORMATIVO DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA DE XARDINERÍA E VIVEIRISMO DO CEE MARÍA MARIÑO DA CORUÑA/CEE MARÍA MARIÑO DA CORUÑA
GUÍSAMO	COLABORACIÓN COMO MEMBROS DE XURADO DO CONCURSO VILAS EN FLOR/JUANA DE VEGA-AGAEXAR-ASVINOR
GUÍSAMO	FUNDACIÓN LOYOLA GALICIA-PROXECTO ESIL-AGRO MOZAMBIQUE
GUÍSAMO	IES PASEO DAS PONTES-DIVULGACIÓN CARACTERÍSTICAS AGRONÓMICAS E CULINARIAS DE DIFERENTES HORTÍCOLAS
GUÍSAMO	PARTICIPACIÓN DEMOSTRATIVA GALIFOREST
GUÍSAMO	ASOCIACIÓN DE MULLERES DE INSÚA-VILALBA-CULTIVO E USOS LIÑO TRADICIONAL

CENTRO	ENTIDADE/ORGANISMO COLABORADOR
GUÍSAMO	X FEIRA DO TROCO DE SEMENTES-BETANZOS
GUÍSAMO	IV XORNADAS DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL DE FERROL/CIFP DE LEIXA-FERROL
GUÍSAMO	EMPRESA SIMBIOSE: REXENERACIÓN DE SOLOS
GUÍSAMO	RECEPCIÓN DE VISITAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS
SERGUDE	PROXECTO PANEGA. RECUPERACIÓN DA ABELLA NEGRA GALEGA
SERGUDE	FUNCIONAMENTO E OPERACIÓNS DOS EQUIPOS DE PREVENCIÓN INTEGRAL DE INCENDIOS FORESTAIS (EPRIF) DO MITECO
SERGUDE	O LOBO EN GALICIA
SERGUDE	SERVIZOS VETERINARIOS DE AGROSONEIRA. PRÁCTICAS REPRODUCIÓN EN VACÚN, ECOGRAFÍA E CONTROL REPRODUTIVO
SERGUDE	ROTEIRO AGROECOLÓXICO POLO PREDIO DE QUIÁN
SERGUDE	HOSPITAL CLÍNICO VETERINARIO ROF CODINA
SERGUDE	CEIP QUIROGA PALACIOS
SERGUDE	ISSGA_ GAMIFICACIÓN PARA AVANZAR NA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NO SECTOR FORESTAL"
SERGUDE	CHARLA SOBRE A SANIDADE ANIMAL NO REINO UNIDO POR JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ,
SERGUDE	PRÁCTICA DE MANEXO E VENDAXE DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA. IMAVET
SERGUDE	IXP MEL DE GALICIA
SERGUDE	INTERCAMBIO XUVENIL RURAL EUROPEO
PEDRO MURIAS	LUGOMADERA
PEDRO MURIAS	ASOCIACIÓN PRODUTORA A SUCADOIRA
PEDRO MURIAS	DISTRITO FORESTAL VI A MARIÑA
PEDRO MURIAS	DISTRITO AMBIENTAL A MARIÑA
PEDRO MURIAS	EMPRESA ROUCO FORESTAL
PEDRO MURIAS	ASOCIACIÓN DE APICULTORES DE RIBADEO
PEDRO MURIAS	IES RIBADEO
PEDRO MURIAS	COLEXIO SAGRADO CORAZÓN (RIBADEO)
PEDRO MURIAS	CEIP GREGORIO SANZ (RIBADEO)
PEDRO MURIAS	IES ENRIQUE MURUAIS (A PONTENOVA)
PEDRO MURIAS	PREDIO O COSTAL
PEDRO MURIAS	CESIÓN PREDIO DE BANTEGAL
PEDRO MURIAS	MUIÑEIRAS DE REQUIANDE (RIBADEO)
BECERREÁ	IES BECERREÁ
BECERREÁ	FORESTAL ROUCO
BECERREÁ	CARRONZA S.L.
BECERREÁ	CASA DO MEL
BECERREÁ	IXP CASTAÑA DE GALICIA
BECERREÁ	MUVICLA
BECERREÁ	FUNDACIÓN JUANA DE VEGA
BECERREÁ	MANTO MAQUINARIA
MONFORTE	DISTRITO FORESTAL VIII TERRA DE LEMOS
MONFORTE	OFICINAS AGRARIAS COMARCAIS MEDIO RURAL
MONFORTE	CONFEDERACIÓN DE REGANTES VAL DE LEMOS
MONFORTE	CURSOS DE AXENTES FORESTAIS

CENTRO	ENTIDADE/ORGANISMO COLABORADOR
MONFORTE	CURSOS DE BOMBEIROS FORESTAIS
MONFORTE	DELEGACIÓN PROVINCIAL LUGO(PROTECCIÓN CIVIL)
LOURIZÁN	ROAGA (LABORATORIO AMBIENTAL)
LOURIZÁN	ISSGA
LOURIZÁN	DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
LOURIZÁN	IES JOHAN CARBALLEIRA
LOURIZÁN	IES PONTECALDELAS
LOURIZÁN	ETS ENXEÑERÍA FORESTAL PONTEVEDRA
LOURIZÁN	PONTENCIENCIA (FEIRA CIENCIA PONTEVEDRA)
LOURIZÁN	ASOCIACIÓN ABELLAS NAIS
LOURIZÁN	ASOCIACIÓN MICOLÓXICA BRINCABOIS
LOURIZÁN	LIFE FLUVIAL
LOURIZÁN	SERVIZO DE PREVENCIÓN DE DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS DE PONTEVEDRA
LOURIZÁN	SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
LOURIZÁN	XUVENTUDES DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
LOURIZÁN	CENTRO DE INVESTIGACIÓNS FORESTAIS DE LOURIZÁN
LOURIZÁN	CMVMC LOURIZÁN
LOURIZÁN	ADEGA
LOURIZÁN	XUVENTUDE XUNTA DE GALICIA
LOURIZÁN	FUNDACIÓN JUANA DE VEGA
LOURIZÁN	TRAGSA
LOURIZÁN	SEAGA

CENTRO	EMPRESAS COLABORADORAS FCT/CICLO DUAL	SECTOR	Nº ALUMNOS/AS ACOLLIDOS/AS
GUÍSAMO	VIVEROS VIFORSA	AGRÍCOLA	1
GUÍSAMO	TRÉBORE JARDINERÍA	SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS	1
GUÍSAMO	JARDINES MIRANDA	SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS	1
GUÍSAMO	CONCELLO DE MESÍA	SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS	1
GUÍSAMO	JAVIER COTELO	SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS	1
GUÍSAMO	CERNE ARBORICULTURA	SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS	1
GUÍSAMO	CARMEN GAYOSO	AGRÍCOLA	2
GUÍSAMO	THE TREE FERN	AGRÍCOLA	1
GUÍSAMO	VIVEROS A ANGUSTIA	AGRÍCOLA	1
PEDRO MURIAS	CENTRO TÉCNICO DE MAQUINARIA FORESTAL S.L.*	FORESTAL	ROTACIÓN
PEDRO MURIAS	FOMENTO VEGETAL S.L.*	FORESTAL	ROTACIÓN
PEDRO MURIAS	VIVEROS MAÑENTE S.L. *	FORESTAL	ROTACION
PEDRO MURIAS	TOJEIRO Y VIDAL S.L.*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	MADERAS VILLAPOL S.A.*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	MADERAS DÍAZ RAMOS S.L.*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	MADERAS MIGUEZ DE BURELA S.L.*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	EDELMIRO LÓPEZ S.L.*	FORESTAL	2

CENTRO	EMPRESAS COLABORADORAS FCT/CICLO DUAL	SECTOR	Nº ALUMNOS/AS ACOLLIDOS/AS
PEDRO MURIAS	MADERAS MASMA S.L.*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	MADERAS OROL S.L.*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	BIOMASAS FORESTALES DEL CANTÁBRICO S.L.*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	GESTIÓN FORESTAL NAVIA S.L.*	FORESTAL	4
PEDRO MURIAS	MADERAS ALJALEX S.L.*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	MADEIRAS CELEIRO S.L.*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	MADERERA DE COSPEITO S.L.*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	BALDOMERO FERNÁNDEZ GÓMEZ 1*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	HIJOS DE RAMÓN RUBAL, S.L. 1*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	MADERAS MARADONA, S.L. 1*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	GESTIÓN FORESTAL NAVIA S.L.*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	FOMENTO VEGETAL S.L.*	FORESTAL	1
PEDRO MURIAS	SEAGA S.A. *	FORESTAL	9
PEDRO MURIAS	TRAGSA S.A. *	FORESTAL	4
BECERREÁ	DISTRITO VII	FORESTAL	DISTRITO VII
BECERREÁ	DISTRITO VII	FORESTAL	2
BECERREÁ	CARRONZA S.L.	FORESTAL	1
BECERREÁ	AGROTECNIA	FORESTAL	1
BECERREÁ	DISTRITO VIII	FORESTAL	3
BECERREÁ	ARBOGAL	FORESTAL	1
BECERREÁ	SELFORGA	FORESTAL	1
BECERREÁ	CONCELLO BECERREÁ	FORESTAL	1
BECERREÁ	CONCELLO CERVANTES	FORESTAL	2
BECERREÁ	CONCELLO NAVIA	FORESTAL	1
BECERREÁ	DEFORGAL XXI	FORESTAL	1
SERGUDE	COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE CEA	FORESTAL	1
SERGUDE	PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA	SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS	1
SERGUDE	JULIO JOSÉ CAAMAÑO ARCA	FORESTAL	1
SERGUDE	AREAZOS S.L..	FORESTAL	1
SERGUDE	MADERAS DÍAZ RAMOS S.L.	FORESTAL	1
SERGUDE	DESBROCES CASAL, S.L.	FORESTAL	1
SERGUDE	DAVID BARRAL CARREGAL	FORESTAL	1
SERGUDE	VIVEROS GROWIN	FORESTAL	1
SERGUDE	CONCELLO DE RIANXO	SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS	1
SERGUDE	SERVITEC MEDIOAMBIENTE S.L.	SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS	1
SERGUDE	COMUNIDADE DE MONTES DE BAROÑA	FORESTAL	1
SERGUDE	DISTRITO IV-BARBANZA	FORESTAL	1
SERGUDE	RAMIRO JAVIER MARTÍNEZ PICOS	FORESTAL	1
SERGUDE	VIVEROS DE ROMAI S.L.	FORESTAL	1
SERGUDE	DISTRITO VIII TERRA DE LEMOS	FORESTAL	1
SERGUDE	MARÍA DEL CARMEN SEOANE PAREDES	VETERINARIA	1

CENTRO	EMPRESAS COLABORADORAS FCT/CICLO DUAL	SECTOR	Nº ALUMNOS/AS ACOLLIDOS/AS
SERGUDE	JÚPITER DRESSAGE COMPANY (Portugal)	GANDEIRO	2
SERGUDE	CLÍNICA VETERINARIA AREALONGA S.L.	SERVIZOS VETERINARIOS	1
SERGUDE	COAFOR SGC	SERVIZOS VETERINARIOS	1
SERGUDE	SAUDEVET	SERVIZOS VETERINARIOS	2
SERGUDE	COREN	GANDEIRO	1
SERGUDE	HERDADE DO PINHEIRO COMPANY (Portugal)	GANDEIRO	1
SERGUDE	CENQUIVET S.L.	VETERINARIA	1
SERGUDE	GRUPO MIÑOR	GANDEIRO	1
SERGUDE	CADELOS CB	SERVIZOS VETERINARIOS	1
SERGUDE	FRANCISCO JAVIER LOSADA PRADO	SERVIZOS VETERINARIOS	1
SERGUDE	CARMEN SEOANE PAREDES	SERVIZOS VETERINARIOS	1
SERGUDE	CIAM CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO	GANDEIRO	1
SERGUDE	PONTE PET S.L.	SERVIZOS VETERINARIOS	1
SERGUDE	ÁLVARO VILELA VILLAR	AGRÍCOLA	1
SERGUDE	GANADERÍA DEGO SC	GANDEIRO	1
SERGUDE	CLUN	GANDEIRO	1
SERGUDE	MARIA LUISA VÁZQUEZ GAVIEIRO	AGRÍCOLA	1
SERGUDE	RAMÓN SOUTO MARTÍNEZ	AGRÍCOLA	2
SERGUDE	ROBERTO TURNES REY	GANDEIRO	1
SERGUDE	ARES AROUSA	GANDEIRO	1
SERGUDE	FORRAJES CONDOMIÑAS	AGRÍCOLA	2
SERGUDE	GRANXA O CONDE S.L.	GANDEIRO	1
SERGUDE	HÍPICA AMAZONAS	GANDEIRO	2
SERGUDE	BASCUAS S.L.	AGRÍCOLA	1
SERGUDE	BALTAR SC	GANDEIRO	1
SERGUDE	TALLON LOBATO SC	GANDEIRO	1
SERGUDE	VAAMONDE MELLA	AGRÍCOLA	1
SERGUDE	DEMOLICIONES Y DESAMIANTOS GALICIA S.L.	AGRÍCOLA	1
SERGUDE	LOS DURANES S.L.	SERVIZOS VETERINARIOS	1
SERGUDE	GANDERIA SAR S.L.	GANDEIRO	1
SERGUDE	VILA BOA SC	AGRÍCOLA	1
SERGUDE	COMUNIDADE DE MONTES DE BAROÑA	FORESTAL	1
SERGUDE	CMP SERTEC	GANDEIRO	1
SERGUDE	ASOCIACIÓN CENTRO INTERPRETACIÓN AVIFAUNA,	SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS	1
SERGUDE	EVA MARÍA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	AGRARIO ECOLÓXICO	1
LOURIZÁN	A DEVESA DAS RAPIÑAS, S.L.	GANDEIRO	1
LOURIZÁN	APÍPOLIS CB - CENTRO DE INVESTIGACIÓN DE LOURIZÁN (XUNTA DE GALICIA)	AGRÍCOLA	3
LOURIZÁN	ARBOGAL – CIF LOURIZÁN	FORESTAL	2
LOURIZÁN	AREEIRO	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	ASOCIACIÓN GRUPO LOBO – ASSOCIAÇAO PARA A CONSERVAÇAO DO LOBO E DO SEU ECOSISTEMA (PORTUGAL. PROGRAMA ERASMUS)	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	BLANCA FUENTES VISUÑA	AGRÍCOLA	2

CENTRO	EMPRESAS COLABORADORAS FCT/CICLO DUAL	SECTOR	Nº ALUMNOS/AS ACOLLIDOS/AS
LOURIZÁN	CAUMIEL	FORESTAL	2
LOURIZÁN	CENTRO DE INVESTIGACIÓN DE LOURIZÁN (XUNTA DE GALICIA)	FORESTAL	1
LOURIZÁN	CMVMC DE MEIRA	FORESTAL	1
LOURIZÁN	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	CONCELLO DE MOAÑA	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	DISTRITO XIII	FORESTAL	1
LOURIZÁN	DISTRITO XIX	AGRÍCOLA	2
LOURIZÁN	ENCE	FORESTAL	1
LOURIZÁN	ERBEDO	FORESTAL	1
LOURIZÁN	ESCOLA OBRADOIRO LALÍN – CONCELLO DE LALÍN	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREEIRO (DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA)	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	FACULTADE DE BIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE VIGO	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	FORESGA – ROSA IGLESIAS MEIJOME	FORESTAL	1
LOURIZÁN	FORESTACIÓN GALICIA, S.A.	FORESTAL	1
LOURIZÁN	FUNDACIÓN PARA A DISCAPACIDADE E EMPREGO JUAN XXIII	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	KIRIKO NATURA, S.A.	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	MEL DE LIÑARES	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS	FORESTAL	2
LOURIZÁN	PREZERO ESPAÑA, SAU	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	SERVIÇO FLORESTAL DO NORDESTE, DA DIREÇAO REGIONAL DOS RECURSOS FLORESTAIS (PORTUGAL. PROGRAMA ERASMUS)	FORESTAL	1
LOURIZÁN	VIFORSA	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	VIVEIROS RÍAS BAIXAS	AGRÍCOLA	1
LOURIZÁN	DISTRITO VII	FORESTAL	3
LOURIZÁN	DISTRITO VIII	FORESTAL	3
LOURIZÁN	SELFORGA	FORESTAL	1
LOURIZÁN	CONCELLO BECERREÁ	FORESTAL	1
LOURIZÁN	CONCELLO CERVANTES	FORESTAL	1
LOURIZÁN	CONCELLO NAVIA	FORESTAL	1
LOURIZÁN	DEFORGAL XXI	FORESTAL	1
LOURIZÁN	AGROTECNIA	FORESTAL	1
LOURIZÁN	ARBOGAL	FORESTAL	1

SERVIZOS DE RESIDENCIA E COMEDOR

No curso académico 2022/2023 ofertáronse un total de 209 prazas no conxunto de centros, das que 86 foron de residencia en réxime de pensión completa e 123 en réxime de comedor. Actualmente fan uso destes servizos un total de 125 alumnos e alumnas (54 en réxime de residencia en pensión completa e 71 de comedor).

CFEA	PRAZAS	RESIDENTES/USUARIOS	OBSERVACIÓNS
SERGUDE-COMEDOR	20	13	CFEA SERGUDE-COMEDOR
SERGUDE-PC	52	47	CFEA SERGUDE-PC
PEDRO MURIAS-COMEDOR	30	8	CFEA PEDRO MURIAS-COMEDOR
BECERREÁ-COMEDOR	45	37	CFEA BECERREÁ-COMEDOR
LOURIZÁN-COMEDOR	28	13	CFEA LOURIZÁN-COMEDOR
LOURIZÁN-PC	34	7	CFEA LOURIZÁN-PC

Institucional

I1	Consolidar o funcionamento regular do esquema organizativo da Axencia	
	I12	Calendario institucional da AGACAL 2021-2024
I2	Completar a adecuación da AGACAL á LOFAXGA	
	I21	Elaboración e aprobación do Contrato de Xestión 2021-2024
I3	Garantir a transparencia e proxección pública da AGACAL	
	I31	Deseño do portal WEB da AGACAL

TAREFA	2021	2022	**2023**	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2023	ACUMULADO
I12					Nº Xuntas	8	3	12
I21					Ano	2021	2021	√
I31					Ano	2021	Publicada	√

Contrato de xestión e Consello Reitor

O Consello Reitor da Axencia celebra tres sesións en 2022. En cumprimento das previsións normativas o Consello coñeceu e aprobou o Plan Anual 2023, o Informe anual de execución 2023 e as Contas 2023.

Portal web

En 2023 lanzouse a web propia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria no enderezo https://agacal.xunta.gal/gl

Económica e patrimonial

J1	**Ordenar a xestión contable da Axencia**	
	J11	Redución do período medio de pago de facturas a 10 días
J2	Regularizar a situación patrimonial	
	J21	Completar e actualizar o inventario patrimonial de AGACAL
J3	Ordenación da xestión de ingresos	
	J31	Elaboración e publicación da Orde de taxas e prezos privados
J4	Mantemento e modernización de infraestruturas e medios técnicos	
	J41	Desenvolvemento do proxecto Galicia Calidade no predio de Sergude
	J42	Plan de acondicionamento de infraestruturas
	J43	Plan de renovación de equipos de investigación
	J44	Plan de renovación do parque móbil da AGACAL
	J45	Plan de seguridade dos centros de investigación e formación

TAREFA	2021	2022	**2023**	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2023	ACUMULADO
J11					Días	< 10	27	56 %
J21					Ano	2023	-	√
J31					Ano	2021	Publicada	√
J41					Execución	60 %	35 %	60 %
J42					Nº centros	14	7	√
J43					Nº centros	4	4	√
J44					Nº centros	14	2	9
J45					Nº centros	14	-	5

Período medio de pago

As melloras na eficiencia da xestión permitiron acadar un período medio de pago a 31/12/2023 de 27,8 días fronte aos valores de 44,8 a 31/12/2020; 42,4 días a 31/12/2021; e 37,6 días a 31/12/2022.



Inventario

O inventario de bens inmóbeis completouse en marzo de 2021 para a súa integración na Conta 2020. O inventario de semoventes e de bens móbeis instrumentouse en decembro de 2021 para a súa integración na Conta anual 2021. No 2022 actualizouse o inventario coas novas instalacións e procedeuse ás amortizacións regulamentarias. No 2023 continúa a actualización coa incorporación principal dos novos edificios da Residencia de Estudantes de Sergude e do Banco de Xermoplasma do CIAM.

Proxecto Espello do Rural en Sergude

No marco do proxecto Espello do Rural, en Sergude, no 2023 executáronse integramente os proxectos construtivos da residencia de estudantes, a envolvente do aulario e a dotación de mobiliario. En volume económico representa o 35 % do investimento previsto, polo que, en relación co obxectivo marcado, estímase un 60 % de cumprimento. En perspectiva de execución asoma a renovación do aulario e a cobertura do espazo residencial.

Infraestruturas, equipamentos e equipos de laboratorio

Detectadas e presupostadas as necesidades dos centros dependentes da Axencia, en 2023 continuáronse as obras planificadas, cun investimento executado de 9.193.857,38 €. Entre os investimentos acometidos figuran:

CENTRO	DESCRICIÓN	IMPORTE	EXECUCIÓN
CIAM	ALMACENAMENTO AUGA MARCO DA CURRA	10.338,92	2023
	ROTOEMPACADORA	59.895,00	2023
	CABINA FLUXO LAMINAR	5.163,92	2023
	CARRO MESTURADOR	42.350,00	2023
	MICROSCOPIOS	25.581,66	2023
	EQUIPOS LABORATORIO	78.543,86	2023
	OBRAS MENORES	98.451,43	2023
	BANCO DE XERMOPLASMA	2.584.824,75	2023
	TOTAL	**2.905.149,54**	
CIF LOURIZÁN	EQUIPOS LABORATORIO	15.563,98	2023
	EQUIPAMENTO AUXILIAR	11.960,19	2023
	TOTAL	**27.524,17**	
EVEGA	EQUIPAMENTO AUXILIAR	3.039,52	2023
	TOTAL	**3.039,52**	
LAFIGA	INSTALACIÓN ELÉCTRICA	5.278,54	2023
	VERTEDOIRO	3.127,85	2023
	EQUIPAMENTO AUXILIAR LABORATORIO	37.564,08	2023
	EQUIPOS LABORATORIO	235.033,28	2023
	TOTAL	**281.003,75**	
	TOTAL CENTROS INVESTIGACIÓN	**3.216.716,98**	

CFEA	DESCRICIÓN	IMPORTE	EXECUCIÓN
LOURIZÁN	ARRANXO ALMACÉN	6.043,34	2023
	MOBILIARIO	4.150,30	2023
	REPARACIÓN TELLADO	17.354,37	2023
	PECHADURAS INTERNADO	11.486,83	2023
	REHABILITACIÓN PORTAL	2.583,35	2023
	MAMPARAS DUCHAS	2.565,20	2023
	TOTAL	**291.656,60**	
PEDRO MURIAS	MELLORAS VARIAS	1.334,09	2023
	REMOLQUE	4.840,00	2023
	TOTAL	**97.580,95**	
GUÍSAMO	DEMOLICIÓN DEPÓSITO	31.395,26	2023
	MATERIAL DE CAMPO	5.756,17	2023
	PROXECTORES	12.404,36	2023
	TOTAL	**188.160,86**	
SERGUDE	RESIDENCIA DE ESTUDANTES	4.755.427,09	2023
	DESAGUE XURRO	6.806,25	2023
	ARRANXO DEPÓSITO AUGA	29.641,89	2023
	TOTAL	**4.847.893,69**	
BECERREÁ	SIMULADOR FORESTAL	119.185,00	2023
	TRITURADORA FORESTAL	17.908,00	2023
	INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS	9.839,72	2023
	MESAS E CADEIRAS	13.457,01	2023
	TOTAL	**384.360,52**	
MONFORTE	INTERCEPAS	10.050,26	2023
	ATOMIZADOR	10.708,50	2023
	ESPARXIDOR	16.637,50	2023
	PINTURA SALÓN DE ACTOS	3.022,58	2023
	TARIMA FLOTANTE	8.939,72	2023
	TOTAL	**167.487,78**	
	TOTAL CFEAS	**5.977.140,40**	

Equipos de investigación

En 2023 complétase a licitación dun novo paquete de equipos de laboratorio

LOTE	EQUIPO	UDES	DESTINO
1	ANALIZADOR CNS	1	LAFIGA
2	ICP-MS	1	LAFIGA
3	NIRS	1	CIAM
4	FTIR	1	EVEGA

Porén, esta entrada non abonda para satisfacer as necesidades de equipamento, que se centran, esencialmente, nun cromatógrafo de líquidos con detector masas-masas (LC-MS) para o LAFIGA, un detector de emisións de metano para o CIAM, a dotación do Banco de Xermoplasma do CIAM, e un analizador FTIR para a EVEGA.

Seguridade dos centros

No 2022 realizouse un importante esforzo para actualizar a seguranza dos centros de formación e investigación dependentes da Axencia. En concreto, habilitáronse dispositivos nos CFEA de Guísamo, Monforte, Becerreá e Lourizán, e no CIF de Lourizán. A dispoñibilidade orzamentaria non permitiu avanzar en 2023 na instalación de sistemas de video vixilancia nos centros pendentes.

Parque móbil

As competencias da Axencia en materia de certificación da calidade alimentaria, docencia e investigación require do apoio dun elevado número de vehículos, de diversa funcionalidade: utilitarios, todo terreo, furgonetas, pick-up e de uso agrícola. En 2023 incorpóranse un carro mesturador e unha roto empacadora no CIAM, e un remolque no CFEA Pedro Murias.

Persoal

K1	Actualización das necesidades de persoal	
	K11	Aprobación e actualización da RPT
	K12	Programación da actividade en réxime de tele-traballo
	K13	Aprobación de listas de contratación eventual de persoal investigador
	K14	Incorporación permanente do persoal investigador
	K15	Asunción efectiva das competencias en xestión de persoal
	K16	Integración do persoal procedente do INGACAL
K2	Identificación e actualización das necesidades de formación	
	K21	Programa específico de formación do persoal da Axencia

TAREFA	2021	2022	**2023**	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2023	ACUMULADO
K11	→				Ano	2021		√
K12	→				%	20 %		√
K13	→				Ano	2021		√
K14		→	→	→	%	100 %	-	80 %
K15	→				Ano	2021		√
K16	→				Ano	2021	-	-
K21	→	→	→	→	Nº	8	4	4

As actividades realizadas en materia de persoal conduciron á publicación da primeira RPT da Axencia no mes de xuño de 2021 e das listas de contratación temporal de persoal investigador. A RPT aprobada ten aínda un carácter provisorio, por canto precisa dunha modificación ulterior que iniciou a súa tramitación no último trimestre de 2023. Así mesmo, a integración do persoal laboral do extinto INGACAL, continuou a súa tramitación por dúas canles: a primeira, dedicada ao persoal técnico dos servizos centrais da Axencia, está en vías de publicación pola Dirección Xeral da Función Pública; a segunda, dedicada ao persoal investigador e técnico de investigación, completarase a través do decreto de investigadores, que se publica no DOG o 25/01/2024. O desenvolvemento desta norma supón un elemento substantivo con importantes repercusións na estrutura do persoal investigador, que contará maioritariamente coa condición de persoal laboral.

Adicionalmente, en 2023 completouse a estabilización mediante concurso dos postos identificados no Decreto 79/2022, que inclúe un negociado de proxectos en servizos centrais e catro titulados superiores investigadores.

En relación co teletraballo, so un 20 % do persoal adscrito á Axencia é susceptible de solicitar a súa prestación. Pódese afirmar que todo o persoal que, en condicións de solicitalo, decidiu facelo está a prestar parte da súa xornada laboral en réxime de teletraballo.

Coa RPT aprobada, e cubertas parcialmente as prazas creadas na Xerencia, iniciouse a xestión de persoal dun xeito progresivo, contando co apoio da Consellería do Medio Rural.

En 2023 a Axencia asume integramente a xestión do seu persoal, incluíndo a elaboración das nóminas.

En canto ao programa formativo, en ausencia dunha formalización por escrito, iníciánse dúas liñas específicas: dunha parte, a formación do persoal de certificación da calidade alimentaria en cursos específicos da EGAP; doutra a formación do persoal docente en materia de orientación pedagóxica a través dun contrato asinado coa Fundación INGADA.

INTERPRETACIÓN DE RESULTADOS

Consonte a previsión xeral definida no Contrato de xestión, o éxito nas metas (obxectivos estratéxicos) deriva da consecución dun mínimo do 60 % dos obxectivos operativos definidos e, para cada obxectivo, dun mínimo do 60 % das tarefas identificadas. Os indicadores asignados a cada tarefa son a ferramenta a utilizar para avaliar o seu cumprimento, e será necesario acadar o valor requirido cando menos no 60 % dos indicadores asociados a cada tarefa. Con esta base, e para o efecto de facilitar o seguimento do contrato de xestión establécese unha programación anual de cumprimento de obxectivos operativos, a través da estimación do cumprimento anual das tarefas.

TAREFA	2021	2022	2023	2024	Nº TOTAL
A1		2	1	2	5
A2	1	1		1	3
A3			1	1	2
A4			1	1	2
B1	2	2		1	5
B2	3	2	1	1	7
B3			4	4	8
B4		2	1	1	4
B5		2	3		5
B6		1	1		2
C1		2	2	1	5
C2	1	3	3	2	9
C3			1	1	2
C4	4	6	6	6	22
C5	1	2	3	2	8
C6			2		2
C7				2	2
C8	1	2	2		5
C9		1			1
C10		1		1	2
D1	1	2	2	1	6
D2		1	1		2
D3			1		1
D4		1	1		2
E1	1	2	2		5
E2	1	1	2		4
E3	1	2	2		5
E4	1	2	2		5
F1		2			2
F2			1		1
F3			1	1	2
F4		1		1	2
F5		1	1	1	3
F6		1			1
G1		3		2	5
G2	1	2	2	3	8
H1		1	1	2	4
H2		1	2	2	5
H3		1	1	1	3
H4	1	1	1	1	4
H5	1	1	1	1	4
I1	1		1		2
I2	1				1
I3		1			1
J1			1		1
J2	1		1		2
J3	1				1
J4	2	1	1	1	5
K1	4	2			6
K2	1				1
TOTAL	32	59	60	44	195

Con este criterio calculamos o porcentaxe de execución das tarefas e, a partir de aí, dos obxectivos e áreas, para finalmente determinar un porcentaxe de desenvolvemento do Contrato de xestión.

En cifras globais, a porcentaxe de execución do Contrato de xestión da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para o período 2021-2024 estímase, finalizado o exercicio 2023, no 59 %.

Certificación e protección da calidade alimentaria

Avaliación da execución

A área de certificación e protección da calidade alimentaria integra doce (12) tarefas en catro (4) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
A1	5	3	80
A2	3	2	70
A3	2	2	38
A4	2	2	85

Cos datos rexistrados os obxectivos A1, A2 e A4, aínda que non rematados, terían cuberto o mínimo de execución necesaria para aceptar o seu cumprimento. O obxectivo A3 está pendente da elaboración das novas bases reguladoras das axudas, prevista para 2024.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de certificación e protección da calidade alimentaria estímase no 68,25 %. Considerando que o plan de acción prevía un grao de execución do 58 % para 2023, debemos concluír un grao satisfactorio de cumprimento.

Análise de resultados

A mellora da xestión das figuras de protección da calidade e a consecución dun sistema de certificación eficiente é unha das metas que se recollen para a Axencia no Contrato de xestión 2021-2024. En 2023 seguiuse avanzando para acadar esta meta. Así, no relativo á consolidación do funcionamento regular do Departamento de Protección da Calidade Diferenciada, está elaborada a maior parte da documentación do sistema de certificación así como de supervisión dos organismos con delegación de tarefas e mesmo boa parte dela xa se aprobou. Por outra parte, seguiuse avanzando no desenvolvemento da aplicación que vai servir para a xestión da actividade do departamento. En particular, unha vez finalizado en 2022 o desenvolvemento do módulo relativo á xestión da Artesanía alimentaria, en 2023 quedou operativo o módulo de Agacer relativo ao resto de

actividades de control e certificación e comezouse coa migración dos datos da IXP Pan Galego e continuarase coa migración de datos do resto das denominacións de calidade xestionadas no Departamento.

Por outra parte, neste ano 2023 rematou a andaina do proxecto de Lei da calidade alimentaria de Galicia, despois de que superase os últimos trámites relacionados cos ditames do Consello Económico e Social, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, da Comisión Galega da Competencia e da Asesoría Xurídica Xeral. O Proxecto de Lei aprobouno finalmente o Consello da Xunta do día 7.09.2023 para logo ser remitido ao Parlamento de Galicia. Tras culminar a tramitación parlamentaria, a Lei da calidade alimentaria aprobouse no Parlamento o día 20/12/2023. A publicación no DOG sería xa en 2024, concretamente o 18.01.2024, como Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia. A culminación desta tarefa, á que a Axencia dedicou un gran esforzo, supón un fito de gran importancia e abre unha etapa na que vai ser necesario investir tamén moito tempo de traballo para elaborar as disposicións regulamentarias necesarias para o seu desenvolvemento.

Por outra parte, á espera dunha reformulación das axudas para o gasto corrente dos consellos reguladores -que terá que vir logo da aprobación do regulamento que desenvolva a dita lei no relativo ao réxime de funcionamento dos consellos reguladores-, no ano 2023 fíxose unha xestión de continuidade destas axudas.

Por outra parte, a actividade de certificación da calidade alimentaria do Departamento de Protección da Calidade Alimentaria cubriu as previsións e os obxectivos fixados.

Promoción da calidade alimentaria

Avaliación da execución

A área de promoción da calidade alimentaria integra trinta e unha (31) tarefas en seis (6) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
B1	5	3	84
B2	7	4	60,26
B3	8	5	95
B4	4	3	62,50
B5	5	3	54,40
B6	2	2	16,70

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de promoción da calidade alimentaria estímase no 61 %. Considerando que o cadro de mando prevía para 2023 un

desenvolvemento global en torno ao 77 % das tarefas, debemos concluír unha evolución razoable. O obxectivo B6 ten unha vinculación directa coa área de investigación, na que constan diferentes liñas de traballo asociadas coa multiplicación e reprodución de sementes autóctonas, polo que, probablemente debería reconsiderarse a pertinencia deste obxectivo na área de promoción. Descontado o obxectivo B6, o grao de desenvolvemento acada o 74 %.

Análise de resultados

A promoción da calidade alimentaria concluíu 2023 cun incremento importante no esforzo realizado en todos os ámbitos. Froito desta actividade é o crecemento notorio que está a experimentar a astesanía alimentaria, convertida nunha eficaz ferramenta de apoio ao sector primario; a ampliación das marcas de calidade rexistradas, como representación evidente da conciencia dos produtores con respecto á importancia da calidade alimentaria; e na presencia crecente das "Experiencias de calidade" nos mercados, que se traduce nun maior e mellor coñecemento polos consumidores dos produtos galegos de calidade diferenciada e, como consecuencia directa, nun crecemento en termos de facturación e rendibilidade económica.

Investigación

A xestión en materia de investigación permitiu o mantemento de todas as actividades de I+D+i comprometidas e a participación en convocatorias de concorrencia competitiva que supuxo unha captación de proxectos en todas as áreas de traballo.

A posta en funcionamento das listas de contratación AGACAL, acompañado da captación de recursos e a activación de liñas de financiación tanto autonómicas, ligadas ao PDR e PEPAC, como de proxectos europeos está a supoñer un revulsivo cuxos efectos comezaron a percibirse na anualidade 2023, pero que deberán consolidarse na anualidade 2024. A tramitación e publicación do decreto de investigadores que xa estaba prevista para o ano 2023 deberá permitir a adecuación da estrutura da relación de postos de traballo das unidades da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria, permitindo a cobertura das prazas de persoal investigador especializado conforme ás liñas de investigación dispostas no contrato de xestión 2121-2024.

Os novos orzamentos PEPAC 2024 das diferentes intervencións, as novas submedidas do PDR que comezaron a ser xestionadas no ano 2022 pola AGACAL (10.23 de Conservación de recursos xenéticos na agricultura, 15.21 de Conservación de recursos xenéticos en silvicultura), así como a disposición orzamentaria para o desenvolvemento de proxectos de interese estratéxico para o sector agrícola, gandeiro, forestal e da industria agroalimentaria, e polo tanto para a Consellería do Medio Rural, e a existencia dun

persoal investigador e técnico de investigación especialmente comprometido, permite albiscar o esperado fortalecemento da I+D+i emanada dos OPIs AGACAL.

Durante o 2024 asistirase á resolución de problemas enquistados como o desenvolvemento da lexislación axeitada para dar cobertura ao desenvolvemento dos postos adscritos a persoal investigador e técnicos de investigación que permitan a regularización da OPE nos OPIS da Consellería do Medio Rural e a cobertura con persoal especialista que finalmente suporá a remuda e continuidade das liñas de investigación que actualmente consta con medios humanos de elevada media de idade. É primordial a súa posta en funcionamento para a contratación de persoal investigador e técnico de investigación estable, ademais do ligado aos proxectos de investigación e os incrementos de carga de traballo transitoria. As peculiaridades da I+D+i agraria desenvolvida polos OPIs AGACAL, supón un elemento diferencial dentro da Xunta de Galicia que deberá ter o axeitado tratamento e acomodo polos órganos competentes da Xunta en materia de contratación, tendo en conta a especial habilitación e consideración para estas peculiaridades que a normativa vixente nesta materia ten en consideración para o ámbito da investigación.

O reforzo da masa crítica de persoal investigador e técnico de investigación de todas as liñas de investigación existentes e as de nova creación é un elemento angular irrenunciable para a consecución de todos e cada un dos obxectivos e indicadores do contrato de xestión deseñado e aprobado para AGACAL 2021-2024. Para elo, unido a todo o anterior, deberán eliminarse ou suavizarse as trabas burocráticas existentes na contratación de persoal, tanto estrutural como ligado a proxectos e, na medida do posible, automatizar todo tipo de procesos.

A aposta decidida pola I+D+i agraria nun contexto especialmente complicado polos acontecementos recentes significará a redución da dependencia de produtos foráneos, a capacidade de auto abastecemento de materias primas para alimentación humana e animal, o incremento da competitividade e a profesionalización do ámbito agrario para garantir a capacidade de autosuficiencia, de exportación, e de xeración de valor engadido nun contexto de mitigación do cambio climático e de economía do carbono.

Investigación agropecuaria

Avaliación da execución

A área de investigación agropecuaria integra sesenta e unha (61) tarefas en dez (10) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
C1	5	3	80
C2	8	6	70
C3	2	2	75
C4	22	13	60
C5	5	3	80
C6	2	2	80
C7	2	2	80
C8	5	3	50
C9	1	1	100
C10	2	2	60

Todos os obxectivos están en proceso. Considerando que o cadro de mando prevía para 2023 unha porcentaxe de execución dun 70 % das tarefas programadas, debemos concluír un desenvolvemento óptimo. Compre asumir que os proxectos en materia de investigación non garanten a obtención de resultados de xeito automático, aínda que se poñan os medios adecuados para conseguilos. En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de investigación agropecuaria estímase no 73,50 %.

Análise de resultados

A execución das actividades de investigación agropecuaria durante o ano 2023 considérase positiva. Dos 41 proxectos de I+D+i en execución, 16 deles remataron ao longo do ano con resultados positivos tanto en termos de retorno científico para a entidade como de transferencia de resultados ao sector. As 28 accións do Plan de Transferencia obtiveron un grande impacto no sector.

Ao longo do ano conseguiuse o obxectivo de incrementar o número de persoal investigador, coa contratación de seis investigadores doutores con cargo a proxectos. Isto supón un fito importante para tratar de paliar o envellecemento da plantilla.

Investigación forestal

Avaliación da execución

A área de investigación forestal integra once (11) tarefas en catro (4) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
D1	6	4	60
D2	2	2	61
D3	1	1	60
D4	2	2	68

Cos datos rexistrados ningún dos obxectivos da área estarían completados, aínda que todos están en proceso. Considerando que o cadro de mando prevía para 2023 un grao de execución do 91 %, debemos concluír un desenvolvemento sub óptimo. Compre asumir que os proxectos en materia de investigación non garanten a obtención de resultados de xeito automático, aínda que se poñan os medios adecuados para conseguilos.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de investigación forestal estímase no 62 %.

Análise de resultados

Os obxectivos dos programas indicados (D11 a D42) pretenden por unha banda xestionar e conservar os materiais e os coñecementos forestais logrados, e por outra establecer as liñas de investigación e innovación que necesita o sector forestal compatibilizándoas coa conservación do medio natural, co fin de desenvolver proxectos de interese para o sector, ademais de establecer procedementos para a transferencia e divulgación dos resultados.

O cumprimento dos obxectivos aumento en gran medida grazas a integración dos orzamento dos recursos fitoxenéticos forestais. Polo tanto, debe continuarse con dita financiación, e superar as dificultades engadidas derivadas do difícil acceso á financiación da I+D+I, e a rixidez administrativa para adaptarse ás necesidades de tramitación da investigación aplicada tan necesaria para o sector forestal. Por outra banda tamén é necesario aumentar e renovar os equipos de investigación que son na actualidade reducidos e teñen insuficiente masa crítica de investigadores e técnicos respecto dos medios humanos necesarios.

Investigación en materia de viticultura e enoloxía

Avaliación da execución

A área de investigación en materia de viticultura e enoloxía integra once (19) tarefas en catro (4) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
E1	5	3	45
E2	4	3	44
E3	5	3	25
E4	5	3	55

Cos datos rexistrados ningún dos obxectivos da área estarían conseguidos, aínda que todos están en proceso. En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de

investigación en materia de viticultura e enoloxía estímase no 42,25 %. Considerando que o cadro de mando prevía para 2022 un grao de execución do 100 % é evidente que o ritmo de execución está por debaixo do esperado.

Análise de resultados

Obsérvase un desenvolvemento parello en todos os obxectivos, consonte á previsión establecida no Contrato de xestión, pero cun menor ritmo do esperado. As incorporacións de persoal en 2022 e 2023 deberían fundamentar un incremento no ritmo de xestión en 2024. A expectativa de cumprimento de obxectivos enténdese aínda factible, pero será necesario activar as medidas de impulso precisas.

Transferencia de coñecementos

Avaliación da execución

A área de transferencia de coñecementos integra once (11) tarefas en seis (6) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
F1	2	2	50
F2	1	1	0
F3	2	2	100
F4	2	2	40
F5	3	2	92
F6	1	1	33

Cos datos rexistrados os obxectivo F3 e F5 estarían cubertos. En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de transferencia de coñecementos é do 52,44 %. Considerando que o cadro de mando prevía unha execución no 2023 en torno ao 73 % das tarefas enténdese que o desenvolvemento vai por debaixo da previsión.

Análise de resultados

A transferencia de coñecementos é unha das apostas máis decididas para facer chegar a información ao sector. O modelo actual de transferencia vehiculado a través das Oficinas Comarcais, Xefaturas Territoriais e demais departamentos da Consellería, amosa a existencia de carencias estruturais. Compre artellar un sistema menos vertical e abrir a posibilidade de transferencia a terceiras partes, sen esquecer a importancia dos centros de investigación como fonte de coñecementos.

A mellora das condicións de transferencia de coñecementos e de material de recursos fitoxenéticos a producións de calidade e canles comerciais dependerá do reforzo das capacidades ligadas ás actividades de conservación, mellora, multiplicación, bancos de recursos fitoxenéticos e da capacidade para activar as medidas de conservación de recursos xenéticos na agricultura e na silvicultura, así como a posibilidade de establecer programas formativos competitivos e acordes ao previsto no programa de xestión.

Capacidade analítica

Avaliación da execución

A área de capacidade analítica integra trece (13) tarefas en dous (2) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
G1	5	3	40
G2	8	5	25

Cos datos rexistrados ningún dos obxectivos da área estarían completos, aínda que todos están en proceso.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de capacidade analítica estímase no 32,5 %. Considerando que o cadro de mando prevía para 2023 o desenvolvemento de 61 %, resulta obvio que a evolución non se axusta á previsión prevista.

Análise de resultados

Aínda que neste ámbito non diminuíu a actividade, é preciso continuar na mellora das técnicas, na adquisición das acreditación precisas para dar un servizo analítico eficaz e preciso, na renovación e mellora do equipamento analítico e na dotación de todas as prazas de RPT.

Formación

Avaliación da execución

A área de formación integra vinte (20) tarefas en cinco (5) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
H1	4	3	25
H2	5	3	80
H3	3	2	66
H4	4	3	75
H5	4	3	50

Cos datos rexistrados os obxectivos H2-H3-H4 estarían cumpridos, o H1 pendente de desenvolvemento e o H5 en proceso. En relación coa evolución do obxectivo H1 compre tomar en consideración a evolución das preferencia formativas e a aposta polos ciclos duais e outras oportunidades formativas como os certificados de profesionalidade que se perciben nos últimos cursos. Esta constancia obrigará a reformular os obxectivos de cara ao vindeiro Contrato de xestión. Os CFEAs deben potenciar tamén a oferta de talleres e actividades de transferencia demostrativa para complementar a formación aos propios alumnos susceptibles de incorporación á empresa agraria e ao entorno agrario da súa área de influencia.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de formación estímase no 59,20 %. Considerando que o cadro de mando prevía para 2023 un grao de desenvolvemento do 65 %, debemos concluír unha progresión axeitada da área, tendo en conta a precisión anotada en relación co obxectivo H1.

Análise de resultados

En materia de oferta formativa continúa a consolidación dos ciclos de formación regrada con menor demanda. Os esforzos focalizáronse especialmente no Ciclo Medio de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural do CFEA de Pedro Murias, onde se imparte na modalidade dual. As accións abordadas procuraron fundamentalmente a captación do alumnado e o establecemento de relacións cooperativas con empresas do sector forestal. Isto último é imprescindible para a realización, por parte do alumnado, da formación teórica e práctica obrigatoria para a obtención do título oficial correspondente. Mantense a colaboración con empresas moi relevantes ao proxecto de desenvolvemento do curso académico 2022/2023 e 2023/2024, como Seaga e Tragsa. Estas empresas acollen alumnado para a realización da formación teórica e práctica na empresa. A súa participación é estratéxica e permite aumentar o interese do alumnado á hora de escoller o CFEA Pedro Murias, como centro para realizar a súa formación. Neste senso, cabe sinalar a mellora do perfil e interese do alumnado que escolleu este ciclo respecto do matriculado en anos anteriores. Isto foi posible grazas ao gran labor de divulgación a través de actividades no propio centro como, por exemplo, a realización de xornadas de portas abertas, asistencia a feiras de interese, como Galiforest, visitas a institutos e concellos presentando as actividades desenvolvidas no centro, ou a colocación dun valo publicitario e elaboración de dípticos que permitiron dar a coñecer a oferta formativa do

centro. Todas estas actividades desenvolvéronse grazas á estreita colaboración entre o persoal do centro e SSCC.

Ademais, co ánimo de incrementar a oferta formativa e adaptarse á nova estratexia da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades, se impulsou a implantación de 3 novos ciclos de FP Dual nos centros de Guísamo, Sergude e Pedro Murias: gandaría e asistencia en sanidade animal; xardinaría e floraría; e produción agroecolóxica que tiveron unha boa aceptación.

Gran parte dos esforzos do Departamento de Formación continuou centrada no progreso da sistematización da inscrición de entidades colaboradoras no rexistro da Consellería do Medio Rural, a homologación de actividades de formación continua e transferencia tecnolóxica e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública. O departamento tramitou durante o ano 2023 a expedición de 4.744 carnés profesionais de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios, máis de 1.129 certificados e acreditacións en materia de benestar animal, preto de 1.000 certificados en materia de experimentación animal e máis de 370 certificados relativos a actividades formativas realizadas ou impartidas no ano en curso e precedentes. Tramitáronse ademais un total de 90 autorizacións anuais para impartir cursos en materia fitosanitaria e de incorporación á empresa agraria e xestionáronse máis de 61cursos realizados polas entidades colaboradoras.

Por outra banda, recibíronse 733 solicitudes de certificacións de mantemento das capacitacións en materia de experimentación animal, cuxa validez expiraba durante o ano 2023. A tramitación dos expedientes esixe unha revisión da adecuación á estándares dos contidos da documentación achegada cun importante grao de complexidade. Isto fixo necesario o establecemento de criterios obxectivos que permitisen tramitar os expedientes coa maior coherencia posible, dada a diversidade de actividades que cómpre valorar coa finalidade de garantir unha avaliación equitativa das diferentes accións achegadas polas persoas interesadas xunto coas súas solicitudes. Ademais, puxéronse á disposición dos interesados formularios tipo que permitisen unificar, na medida do posible, as solicitudes e o cumprimento dos requirimentos esixidos na normativa de aplicación, reducindo, ao mesmo tempo, a necesidade de requirimentos de emenda.

Cabe salientar que durante o ano 2023 un total de 2577 persoas realizaron as probas de aptitude previas á obtención da habilitación para o exercicio da actividade profesional no sector primario nos centros da Agacal. Con esta actuación acádase o obxectivo de garantir a equidade do nivel de esixencia da proba de avaliación, independentemente da entidade de formación escollida polo alumnado para a realización da acción formativa, así como a adquisición duns contidos mínimos por parte dos usuarios. Ademais este esforzo permitiu incrementar ata o 100 % o control sobre a realización e supervisión das probas

de aptitude. Cómpre lembrar que ata 2022 a supervisión destas probas nas accións formativas en materia de benestar animal era inexistente.

Ademais, tras a finalización dos traballos encamiñados á posta en marcha da plataforma de teleformación xestionada desde o CFEA de Monforte de Lemos de accións formativas en materia de benestar animal, puxéronse en marcha contidos actualizados e adaptados de 3 cursos de formación dirixidos ao persoal que traballa en explotacións en xeral, condutores/as e coidadores/as no transporte de animais vivos, e persoal que traballa en explotacións porcinas, persoal que traballa en explotacións avícolas e ultimouse outro para o persoal que traballa en explotacións bovinas.

Outro aspecto que cómpre destacar é o avance constatado no deseño e arquitectura fundamental da aplicación FOAGRO, para a ampliación do seu uso ao resto de accións formativas esixibles e non esixibles, impartidas tanto polas entidades colaboradoras privadas que estean homologadas como as dependentes da Consellería do Medio Rural.

Institucional

Avaliación da execución

A área institucional integra catro (4) tarefas en tres (3) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
I1	2	2	100
I2	1	1	100
I3	1	1	100

Cos datos rexistrados os tres obxectivos estaría completados. Debemos concluír un bo desenvolvemento do Contrato de xestión nesta área.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área institucional estímase no 100 %.

Análise de resultados

A aprobación do Contrato de Xestión da Axencia para o período 2021-2024 supón a pedra angular do funcionamento regular da Axencia como entidade pública instrumental adscrita á Consellería do Medio Rural. Neste senso, o avance acadado resulta notable. Xunto co Contrato aprobado, a celebración dos Consellos Reitores e a regularización da presentacións de plans e contas anuais e de informes anuais de execución configuran a consolidación da estrutura institucional da Axencia. A publicación da páxina web coloca á Axencia a dispor dos cidadáns e mellora as condicións de transparencia.

Económica e patrimonial

Avaliación da execución

A área económica e patrimonial integra nove (9) tarefas en catro (4) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
J1	1	1	60
J2	2	2	100
J3	1	1	100
J4	5	3	72

Cos datos rexistrados os obxectivos J2 e J3 estarían completados, e o J1 e J4 en proceso. Considerando que o cadro de mando prevía para 2023 un acumulado de dúas tarefas completadas no obxectivo J2, unha tarefa no J3, e catro tarefas no J4, debemos concluír un desenvolvemento óptimo do Contrato de xestión nesta área.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área económica e patrimonial estímase no 83 %, logo de tres anos de execución do Contrato.

Análise de resultados

Constátase unha evolución positiva na xestión económica e patrimonial da Axencia, que se traduce nunha porcentaxe de execución orzamentaria satisfactoria e no cumprimento xeral das obrigas estatutarias. O único, e importante, obxectivo pendente de resolver é a redución do período medio de pago das facturas por debaixo de 10 días. No 2023 avanzouse ata o extremo de chegar de xeito continuado a valores inferiores a 30 días. Estas cifras deberían mellorar como consecuencia da implantación da aplicación de xestión xerencial en desenvolvemento. Porén, sen ser o obxectivo, supoñen un punto de inflexión favorable na xestión de pagos da Axencia.

Persoal

Avaliación da execución

A área económica e patrimonial integra sete (7) tarefas en dous (2) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
K1	6	3	80 %
K2	1	1	50 %

Cos datos rexistrados o obxectivo K1 estaría próximo a fin e o K2 en proceso. Considerando que o cadro de mando prevía para 2023 o desenvolvemento de seis tarefas no obxectivo K1 e unha no K2, debemos concluír un desenvolvemento óptimo do Contrato de xestión nesta área.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de persoal estímase no 65 %.

Análise de resultados

Aínda que se produciron avances na dotación e xestión do persoal da Axencia, temos que consideralos insuficientes. A modificación da RPT para axustar as necesidades da Axencia coa situación, devén fundamental. Neste eido, a publicación do decreto de investigadores será un elemento cardinal na ordenación do persoal e, por outra banda, permitirá activar a integración do persoal investigador procedente do INGACAL. Neste senso, agárdase que a orde de integración do persoal non investigador se publique no primeiro trimestre de 2024.

RESUMO EXECUTIVO

Misión

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria nace co fin último de ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade e de potenciar a calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario e na resposta aos retos científicos e tecnolóxicos aos cales se enfrontan os sectores agroforestal e agroalimentario, vinculados á mellora da súa competitividade. Para transferir adecuadamente o coñecemento acadado á sociedade galega, a Axencia impulsa e coordina a formación profesional en materia agroforestal na Comunidade Autónoma.

Obxectivos básicos

Os obxectivos básicos funcionais da Axencia para o período 2021-2024 definíronse no seu Contrato de xestión, aprobado no Consello da Xunta do 02/12/2021. Son:

- Acadar un sistema eficiente da xestión das figuras de calidade e da súa certificación;
- Mellorar a posición comercial das producións de calidade;
- Mellorar a produción agropecuaria galega en liña coa estratexia europea de investigación en materia agraria;
- Mellora do aproveitamento selvícola e forestal do monte galego;
- Mellora do coñecemento e as posibilidades de desenvolvemento do sector vitivinícola galego;
- Garantir a transferencia efectiva de coñecementos entre a investigación agroforestal e os sectores produtivos;
- Garantir a oferta de servizos técnicos de análises alimentarias e agrarias aos operadores galegos;
- Contribuír á mellora da competitividade e sustentabilidade do sector primario e alimentario galego apoiando a cualificación profesional dos axentes e facilitando o relevo xeracional;

Datos organizativos básicos

Para o cabal desenvolvemento das súas competencias, a Axencia estrutúrase en servizos centrais, seis centros de formación, sete centros de investigación e estacións experimentais e un laboratorio fitopatolóxico, de referencia en Galicia.

Os servizos centrais organízanse en torno a dous órganos executivos, a dirección e a xerencia, e dúas unidades directivas, unha enfocada sobre a calidade alimentaria e outra sobre a formación, innovación e investigación agroforestal.

O esquema organizativo básico é como sigue:



Competencias

Consonte as previsións da súa norma constituínte, a AGACAL ten as seguintes competencias:

<u>En materia de calidade alimentaria:</u>

- Realizar actuacións de control e certificación dos produtos acollidos ás denominacións xeográficas de calidade e ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Executar cantos controis se lle encarguen en relación coa calidade e a etiquetaxe dos produtos alimentarios, así como coas condicións das materias primas e a rastrexabilidade da produción alimentaria.
- Promover e defender a calidade dos produtos amparados polas denominacións e indicativos de calidade.
- Realizar estudos e preparación da documentación para o recoñecemento de novas denominacións xeográficas e doutras figuras de protección da calidade que se consideren de interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- Prestar todo tipo de servizos de asesoramento e xestión aos consellos reguladores das denominacións xeográficas de calidade e aos órganos de xestión doutras figuras de protección da calidade alimentaria.
- Efectuar, logo da formalización do correspondente acordo, aqueles traballos relacionados coa certificación de produtos que lle sexan solicitados por un consello regulador ou outra entidade titular dunha figura de protección da calidade, como análises fisicoquímicas ou organolépticas, inspeccións e verificacións.
- Actuar como auditor externo dos consellos reguladores e demais entidades xestoras de figuras de calidade dos produtos alimentarios aos cales se refire o artigo 3 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, para os efectos do control oficial da cadea alimentaria en relación cos programas vinculados á calidade diferencial que establece a normativa específica, e actuar como órgano de control das distintas entidades de certificación de produtos alimentarios que operen na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Desempeñar as funcións relacionadas coa xestión en materia da artesanía alimentaria, tales como control do uso do indicativo da artesanía, xestión do rexistro de artesanía alimentaria, comprobación do cumprimento dos requisitos para a obtención da condición de artesán e empresa artesanal, e elaboración das normas técnicas de cada produto derivado da artesanía alimentaria, no marco da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

<u>En materia de investigación:</u>

- Determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia, tendo en conta as súas necesidades, mediante procedementos eficaces de participación dos axentes socioeconómicos afectados nas distintas áreas de traballo.
- Impulsar as actividades de I+D+I nos sectores agrario e alimentario de Galicia.
- Asesorar a Consellería do Medio Rural nas funcións de coordinación da investigación en materia agraria.

- Promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais, tanto respecto das actividades de produción e transformación como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións gandeiras, de mellora xenética e sanidade agrícola, gandeira e forestal, as relativas á conservación dos recursos xenéticos, á ecoloxía e silvicultura das especies forestais, á propagación, prevención e defensa contra os incendios forestais e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio. Para o cumprimento desta finalidade poderá solicitar recursos materiais e humanos que poidan ser asignados por calquera das administracións públicas no marco de plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
- Propiciar e facilitar a transferencia e a adopción dos resultados obtidos nas investigacións publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación así como a dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.
- A través dos seus laboratorios realizará as seguintes funcións:

1. Atender a demanda de análises químicas de alimentos, bebidas, solos, fertilizantes, augas de rega e produtos de alimentación animal.

2. Investigar a presenza de residuos de produtos fitosanitarios en alimentos, bebidas e en alimentación animal.

3. Diagnosticar enfermidades e a presenza de pragas nos cultivos herbáceos, leñosos e forestais.

4. Realizar análises no ámbito da sanidade vexetal.

5. Emitir certificados de exportación de bebidas e tamén realizar informes e recomendacións que teñan que ver coas análises realizadas.

- Fomentar a introdución de sistemas de rastrexabilidade e, en xeral, desenvolver todo tipo de actividades que fagan progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector agroindustrial galego.
- Establecer fórmulas específicas de recrutamento, formación e actualización do persoal investigador, nos ámbitos agrario e alimentario, así como as de intercambio e colaboración con outros centros de investigación rexionais, nacionais e internacionais.
- Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos fins da Axencia.

- Promover ou participar directamente nas operacións concretas de desenvolvemento nas cales se dean as circunstancias de interese territorial ou estratéxico, insuficiente participación dos axentes socioeconómicos e a necesidade de estruturar ou reestruturar un ámbito produtivo vinculado ao sector alimentario e que lle sexan encomendadas.
- Poñer en valor as distintas actuacións tecnolóxicas e investidoras incluídas nos puntos anteriores ou as que deriven do acervo de coñecementos da Axencia, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación ou comercialización, así como as de participación e implicación dos distintos subsectores nas actuacións propias, sen menoscabo das funcións de divulgación e promoción que neste ámbito poida desenvolver a consellería de adscrición.
- Conservar o patrimonio xenético tradicional de Galicia das especies de produción agroforestal.
- Promover a mellora xenética do material vexetal de produción agroforestal.

Funcións en materia de formación

1. Desenvolver, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación, as distintas actuacións tecnolóxicas e investigadoras incluídas nos artigos anteriores.

2. Programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal.

3. Coordinar os centros de formación e experimentación agraria.

4. Coordinar e facer o seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito agrario.

Recursos humanos

A 31/12/2023 o rol de persoal da Axencia conta con 358 postos, segundo a seguinte distribución:

Funcionarios de carreira	126
Funcionarios interinos	60
Laborais fixos	120
Laborais temporais	39
Indefinidos	12
Alto cargo	1

Desta relación están ocupadas 148 prazas de funcionario e 133 de laborais, o que representa unha porcentaxe total de ocupación do 78,71 %. Por outra parte, das 186 prazas de funcionarios, so 73 están asignadas en propiedade (12 sen ocupar) fronte a 113 con asignación non definitiva (27 sen ocupar). En relación coas prazas de persoal laboral, 80 están asignadas en propiedade (7 sen ocupar) fronte a 91 con asignación non definitiva (31 sen ocupar).



Orzamento



O 36 % do orzamento vixente da Axencia ocúpase na cobertura de gastos de persoal e funcionamento propio. O 64 % restante asígnase a investimento e transferencias correntes e de capital.

Esta distribución reduce en catro puntos o peso dos gastos de funcionamento da Axencia en relación co orzamento 2023, o que sen dúbida é un índice de mellora na eficiencia na xestión, que non se deriva da redución do persoal senón do incremento da capacidade de xestión.

Datos xerais de actividade

Certificación e protección da calidade alimentaria

A mellora da xestión das figuras de protección da calidade e a consecución dun sistema de certificación eficiente é unha das metas que se recollen para a Axencia no Contrato de xestión 2021-2024. En 2023 os avances acadados a prol desta meta foron importantes.

ANO 2022	Produtores inscritos	Industrias inscritas	Sup inscrita (ha)	Sup plantada (ha)	Volume cualificado comercializado	Valor (€)
D.O. Monterrei (hl)	362	28	691,0	691,0	47.116,00	22.662.984,00
D.O. Rías Baixas (hl)	5.011	179	4.321,8	4.321,8	283.048,53	190.774.709,00
D.O. Ribeira Sacra (hl)	2.217	95	1.267	1.267	38.520,36	21.854.187,00
D.O. Ribeiro (hl)	1.643	101	1.281,3	1.110	69.908,25	30.966.799,00
D.O. Valdeorras (hl)	1.024	43	1.145,0	1.018	46.520,00	32.471.999,00
I.X.P. Barbanza e Iria (hl)	12	5	8,23	8,2	312,28	124.912,00
I.X.P. Betanzos (hl)	8	6	7,0	7,0	81,87	32.748,00
I.X.P. Ribeiras do Morrazo (hl)	18	5	8,6	8,6	274,70	109.880,00
I.X.P. Terras do Navia (hl)	4	3	3,7	3,7	0,00	0,00
I.X.P Val do Miño-Ourense (hl)	7	3		10,5	224,00	89.600,00
Viños						**299.087.818,00**
I.X. Augardente de Galicia / Orujo de Galicia (l)					96.935,00	1.173.395,00
I.X. Augardente de Herbas de Galicia (l)	133	30			6.844,54	82.134,48
I.X. Licor Café de Galicia (l)					144.222,50	1.586.447,50
I.X. Licor de Herbas de Galicia (l)					133.091,93	1.464.011,23
Licores						**4.305.988,21**
I.X.P. Castaña de Galicia (kg)	164	16	1.371,3		24.605,20	248.698,31
I.X.P. Faba de Lourenzá (kg)	38	8	138,9	32,9	20.179,50	181.615,50
I.X.P. Grelos de Galicia (kg)	177	9	663,3	65,7	202.124,40	404.248,80
I.X.P. Pataca de Galicia (kg)	90	12	3.392	696,0	6.266.520,00	3.133.260,00
D.O.P. Pemento de Herbón (kg)	26	9	22,2	5,7	76.406,30	305.625,20
I.X.P. Pemento da Arnoia (kg)	18	1	3,6	0,301	1.985,75	2.978,63
I.X.P. Pemento de Mougán (kg)	8	5	5,1	0,14	1.189,40	4.757,60
I.X.P. Pemento de Oímbra (kg)	13	2	14,5	0,80	7.604,00	8.283,60
I.X.P. Pemento do Couto (kg)	26	4	4,2	1,47	29.122,00	87.365,00
Prod vexetais						**4.376.832,64**
I.X.P. Ternera Gallega (tm)	8.062	100			23.203,00	157.780.000,00
I.X.P. Vaca e Boi Galego (tm)	501	36			214,00	1.176.900,00
I.X.P. Lacón Gallego (kg)	191	15			10.883,00	74.004,40
Carnes						**159.030.904,40**
D.O.P. Arzúa-Ulloa (kg)	1.513	16			3.964.989,00	29.737.417,50
D.O.P. Cebreiro (kg)	9	3			54.820,00	657.172,00
D.O.P. San Simón da Costa (kg)	380	9			605.566,95	4.238.968,65
D.O.P. Queixo Tetilla (kg)	725	25			1.895.160,00	14.213.700,00
I.X.P. Mel de Galicia (kg)	271	39			180.955,00	1.628.598,15
Queixos e meles						**50.475.856,30**
I.X.P. Tarta de Santiago (kg)		9			91.048,74	819.438,62
I.X.P. Pan Galego (kg)	70	27	1.337	459	23.450,00	89.110,00
I.X.P. Pan de Cea (kg)		13			388.971,00	1.089.118,50
Panaderia e reposteria						**1.997.667,12**
TOTAL sen A Ecoloxica						519.275.066,67
Agricultura Ecolóxica	1142	364	46.626,82			112.900.267,72
TOTAL	**23.863**	**1.220**	**62.313,2**		**14.736.097,20**	**632.175.334,39**

En 2023 rematouse a elaboración da Lei da Calidade Alimentaria de Galicia, chamada a ser o elemento angular do futuro da protección e promoción da calidade alimentaria en Galicia.

Igualmente, en 2023 completouse o proceso de renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras; do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia; dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Arzúa-Ulloa, Queixo Tetilla e San Simón da Costa; dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea e Castaña de Galicia; do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas de Carne de Vacún de Galicia e do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, convocado a Orde do 7 de novembro de 2022 (DOG núm. 214, do 10.11.2022).

Un dos labores fundamentais da Área de Calidade Alimentaria da axencia é a realización do control oficial do cumprimento por parte dos operadores da normativa específica das diferentes figuras de protección da calidade, tanto denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas como os produtos da agricultura ecolóxica. Para a realización destes labores danse dúas situacións. Así, para as figuras de protección da calidade diferenciada que non contan cun consello regulador capacitado para facer o labor de control, é a propia Axencia Galega da Calidade Alimentaria a que fai directamente o control do cumprimento da normativa específica da figura de calidade, mediante auditorías ou outro tipo de actuacións de comprobación. Na realización destas auditorías utilízase toda a información dispoñible: declaracións dos operadores, verificacións en rexistros oficiais, visitas de control e auditorías anteriores, etc. Ademais, infórmase aos operadores sobre as súas obrigas con relación á figura de protección da calidade diferenciada á que pertencen así como dos resultados das auditorías e controis realizados. As non conformidades detectadas se poñen en coñecemento do operador para que estableza e aplique as medidas correctivas que sexan precisas para solucionar o incumprimento.

Figura de calidade	Controis a produtores	Controis a elaboradores	Controis a outros operadores	Total controis
IXP Val do Miño-Ourense		3		3
IXP Betanzos		4		4
IXP Barbanza e Iria		5		5
IXP Ribeiras do Morrazo		5		5
IXP Terras do Navia		3		3
Augardentes e LTG (4)		5		5
IXP Faba de Lourenzá	7	6		13
IXP Castaña de Galicia	3	6		9

DOP Pemento de Herbón	7	9		16
IXP Pemento do Couto	3	4		7
IXP Pemento da Arnoia	2	1		3
IXP Pemento de Oímbra	1	2		3
IXP Pemento de Mougán	1	4		5
IXP Grelos de Galicia	4	1		5
IXP Tarta de Santiago		9		9
IXP Pan de Cea		13		13
IXP Pan Galego	7	3	2	12
IXP Lacón Gallego		1	1	2
DOP Cebreiro	2	3		5
DOP San Simón da Costa	12	9		21
DOP Arzúa-Ulloa	43	16	2	61
Total	92	112	5	209

Así mesmo, consonte a normativa vixente, os consellos reguladores teñen entre as súas funcións a de xestionar a correspondente denominación de orixe ou indicación xeográfica. Porén, moitos dos consellos reguladores existentes non teñen unha estrutura de persoal propia para a realización destas tarefas, que por outra parte son de carácter especializado e precisan persoal adecuadamente formado para a súa execución. Por iso, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria presta os seus servizos a estes consellos reguladores para o desenvolvemento destas tarefas. Durante o ano 2022, dende a axencia prestouse o servizo de xestión aos 10 consellos reguladores que se recollen na seguinte lista:

- CR IXP Faba de Lourenzá
- CR DOP Pemento de Herbón
- CR IXP Pemento do Couto
- CR IXP Pemento da Arnoia
- CR IXP Pemento de Oímbra
- CR IXP Pemento de Mougán
- CR IXP Grelos de Galicia
- CR IXP Tarta de Santiago
- CR IXP Lacón Gallego
- CR IXP Pan Galego

En canto ao réxime de axudas, á espera dunha reformulación do modelo para o gasto corrente dos consellos reguladores -que terá que vir logo da aprobación da dita lei e do regulamento que a desenvolva-, no ano 2023 fíxose unha xestión de continuidade destas axudas.

Beneficiario	Subvención Concedida	Subvención Pagada
C.R.das II.XX. AUGAD. e LICORES TRAD.GALICIA	30.520,00	30.520,00
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	30.520,00	30.520,00
C. R.I.X.P. CASTAÑA DE GALICIA	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O.P. CEBREIRO	30.520,00	30.520,00
C.R.DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA	30.520,00	30.520,00
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	30.520,00	30.520,00
C.R.I.X.P. VACÚN DE GALICIA	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O.P. ARZÚA-ULLOA	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O. RIBEIRO	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O. VALDEORRAS	30.520,00	30.520,00
C.R.I.X.P. GRELOS DE GALICIA	10.025,00	9.965,06
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O. MONTERREI	30.520,00	30.520,00
C.R.D.O.P. SAN SIMÓN DA COSTA	30.520,00	30.520,00
C.R.I.X.P. FABA DE LOURENZÁ	8.000,00	7.918,67
C.R.D.O.P. PEMENTO DE HERBÓN	8.000,00	7.089,81
C. R.I.X.P. PEMENTO DO COUTO	5.000,00	5.000,00
C.R.I.X P. TARTA DE SANTIAGO	10.025,00	10.025,00
C.R.I.X.P. LACÓN GALLEGO	5.000,00	4.461,83
C R.I.X.P. PEMENTO DA ARNOIA	5.000,00	4.118,95
C.R.I.X.P. PEMENTO DE MOUGAN	5.000,00	4.516,82
C.R.I.X.P. PEMENTO DE OIMBRA	5.000,00	4.676,53
C.R.I.X.P. PAN GALEGO	8.000,00	7.986,36
	526.850,00	**523.559,03**

Doutra, a Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega atribúelles a os consellos reguladores a xestión da respectiva denominación xeográfica, o que supón a realización de diversas funcións, entre as que están a de velar polo prestixio da denominación e polo cumprimento das súas disposicións normativas e aplicar, de ser o caso, os sistemas de control necesarios para garantir a calidade e a orixe dos produtos certificados. Para colaborar co financiamento destas funcións, anualmente publícase unha liña de axudas dotada con fondos propios, á que concorren os consellos reguladores que executan actividades de control. A convocatoria 2022 tivo unha dotación orzamentaria de trescentos corenta mil euros (340.000 €). Na seguinte táboa recóllense os datos máis salientables da xestión destas axudas.

Beneficiario	Subvención Concedida	Subvención Pagada
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	27.952,00 €	27.952,00 €
C.R.D.O. VALDEORRAS	27.952,00 €	27.952,00 €
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	27.952,00 €	27.952,00 €
C.R.D.O.P. SAN SIMÓN DA COSTA	2.328,12 €	1.726,93 €
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	1.652,21 €	1.652,21 €
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	36.952,00 €	36.952,00 €
C.R.DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA	54.952,00 €	54.952,00 €
C.R.D.O. MONTERREI	27.952,00 €	27.952,00 €
C.R.D.O. RÍAS BAIXAS	27.952,00 €	27.952,00 €
C.R.D.O. RIBEIRO	27.952,00 €	27.952,00 €
C.R.D.O.P. ARZÚA-ULLOA	4.932,25 €	3.903,03 €
C.R.D.O.P. CEBREIRO	951,15 €	719,67 €
C.R.DAS DD.XX. AUGAD.E LICORES TRAD.GALICIA	18.952,00 €	18.952,00 €
C.R.I.X.P. CASTAÑA DE GALICIA	469,27 €	469,27 €
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	23.147,00 €	23.147,00 €
C.R.I.X.P. VACÚN DE GALICIA	27.952,00 €	27.952,00 €
	340.000,00 €	**338.138.11 €**

Por último, como é habitual, ao final de cada campaña vitivinícola realízase un informe de vendima das cinco denominacións de orixe galegas, ademais, faise unha análise da evolución da produción de uva nas distintas denominacións de orixe, así como a distribución varietal, relátanse os problemas que se deron na campaña e faise unha valoración xeral da mesma.

Como resumo da vendima de 2023 podemos dicir que no conxunto das cinco denominacións de orixe galegas recolléronse un total de 75.425.734 kg de uva, dos que 66.291.952 kg (88 %) foron de uva branca e 9.133.782 kg (12 %) de tinta. Estamos ante a colleita máis abondosa do decenio 2014-2023 e a segunda máis grande da historia do conxunto das cinco denominacións de orixe, só superada pola de 2011. A cantidade de uva recollida supera nun 18% a media do decenio 2014-2023.



No seguinte gráfico recollemos a evolución da produción nos últimos 10 anos en cada unha das cinco denominacións de orixe.



No seguinte gráfico pódese apreciar máis claramente o peso relativo de cada denominación de orixe no total vendimado. A denominación de orixe Rías Baixas é a que lidera a produción, acumulando este ano o 59 % do total da uva recollida.



Promoción da calidade alimentaria

A promoción da calidade alimentaria diferenciada no ámbito galego artéllase co obxectivo último da mellora das perspectivas económicas dos produtores. A tal fin, desenvólvese unha tripla de orientacións: impulsar as figuras de calidade recoñecidas, as accións de mercado e o incremento no número de operadores.

Impulso ás figuras de calidade

A prol de incrementar o grao de coñecemento das DOP/IXP/AE galegas, a web "Experiencias de calidade" transformouse a finais de 2021 para incorporar a posibilidade de venda directa on line entre consumidor e produtor. Malia o seu carácter esencialmente promocional, a web así concibida actúa como unha importante ferramenta de impulso a todas as figuras de calidade alimentaria.



Ao longo de 2023 se realizan melloras na información e no repertorio de servicios dispoñibles, que se acompaña dunha campaña de promoción da web. Como consecuencia de todo ilo, a páxina pasou de ter 7.884 usuarios a 73.813 en 2023, e de 10.155 sesións en 2022 a 80.504 en 2023. Estas cifras amosan sen dúbida un crecemento substantivo no impacto público da web, que redunda nun maior coñecemento dos produtos galegos de calidade diferenciada.

Accións de mercado

A Axencia estivo presente en feiras e eventos comerciais ao longo do ano 2023:

- Biocultura (A Coruña, 4 a 6 de marzo)

- Barcelona Wine Week BWW (Fira de Barcelona, recinto Montjuic, 6 a 8 de febreiro)
- ABANCA-CIMAG-GANDAGRO (Recinto feiral de Silleda, de 2 a 4 de marzo)
- Salón Gourmets (Ifema, Madrid, 17 a 20 de abril)
- FENAVIN (Ciudad Real, 9 a 11 de maio)
- Vinisterrae 2023 (Expourense, 5-6 de xuño)
- SALIMAT (Recinto feiral de Silleda, 8 ao 11 de xuño)
- IBERFLORA (Fira de Valencia, Valencia, do 3 a 5 de outubro)
- FRUIT ATTRACTION (IFEMA, Madrid do 3 ao 5 de outubro)
- XANTAR (Recinto feiral Expourense, do 2 ao 5 de novembro)

Incremento do número de operadores

En relación coa Artesanía Alimentaria, despois de que en 2022, coa publicación das primeiras normas técnicas da Artesanía Alimentaria, se iniciase a inscrición dos primeiros operadores, en 2023 realizouse unha intensa actividade en relación coa inscrición de empresas no rexistro e coa expedición de cartas de persoas artesás. Así, expedíronse 80 cartas de persoa artesá e 53 empresas entraron a engrosar o rexistro de empresas artesanais coa presentación da correspondente declaración responsable e a súa verificación mediante auditoría.

Como resumo da situación podemos indicar que a 31 de decembro de 2023 o Rexistro da artesanía alimentaria contaba cun total de 97 empresas con declaración responsable presentada. Pola súa parte, o número total de cartas de persoa artesá expedidas acadou nesa data a cifra de 98.

Investigación agropecuaria

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo participou nun total de 41 proxectos de I+D+i durante o ano 2023 e captou recursos para financiar 5 contratos de persoal ligado á I+D+i agraria. A financiación dos custos asociados á execución destes proxectos supuxo un investimento de 1.296.253,99 euros durante a anualidade 2023, un 1,96 % menos que no ano 2022. A tipoloxía de proxectos foi a seguinte:

RESUMO PROXECTOS EXECUTADOS 2023		
TIPOLOXÍA PROXECTO INVESTIGACIÓN	**NÚMERO**	**ORZAMENTO 2023 (€)**
Proxectos europeos	2	99.736,13
Financiamento empresas privadas	3	17.775,81
Grupo de Potencial Crecemento - GAIN	1	44.760,00
Proxectos Piloto e Grupos operativos FEADER	10	138.152,35
Proxectos piloto FEADER	9	158.211,42
Accións de Cooperación FEADER	10	401.406,29
Recursos Fitoxenéticos FEADER	6	265.605,47
Programa Talento Sénior	2	71.280,00
Programa Investigo	3	99.326,52
TOTAL PROXECTOS INVESTIGACIÓN	**46**	**1.296.253,99**

Investigación forestal

Durante o ano 2023 o CIFL desenvolveu 1 proxecto de ámbito europeo (LIFE-SILFORE) iniciou outro REINFFORCE2., incluíndo a ampliación do FORVALUE, e dos proxectos de grupos operativos de ámbito supra autonómico (ACREMA e FORESCELTA), continuo c1 proxectos INIA nacional (ENFIRES), 2 contratos directos con empresas (GREENALIA e MADERA PLUS). 6 proxectos piloto de accións de cooperación, e Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a AGACAL e Fundación Arume para o impulso á xestión forestal activa, e realizáronse acción dentro de Proxectos estratéxicos de interese AGACAL I+D+I e Proxecto na mellora da xestión, control e certificación o que constituíu un total de 17 proxectos en execución por un montante económico total para a anualidade 2023 de 752.906,23 euros, o cal supuxo triplicar o orzamento dispoñible con cargo a proxectos na anualidade 2022.

ORZAMENTO PROXECTOS E CONVENIOS 2023			
PROXECTO/CONVENIO	**APLICACIÓN ORZAMENTARIA**	**PROXECTO**	**ORZAMENTO 2023**
FORVALUE (POCTEP)	2022-14-A2-651A-6400	2020-00001	18.155,94
CONTRATO GREENALIA	2022-14-A2-561A-6405	2020-00008	35.950,58
MADERA PLUS (FEADER 2021/070A)	2022-14-A2-561A-6405 (RC 2022-14-208/1)	2021-00011	12.650,00
G.O. FORESCELTA	2022-14-A2-561A-22000/22199/22699/230	2021-00005	9.368,8
G.O. ACREMA	2022-14-A2-561A-200/22000/22706/230/22199/22699	2021-00006	4.832,99
PLAN RENOVE AGACAL. I+D+I	2022-14.A2.561A.6250	2022-00001	50.000,00
LIFE SILFORE	2022-14-A2-561A-6400	2022-00013	35.867,07
FIRESTROM	2023-14-A2-561A-6404	2023-00006	139.035,00
ENFIRES	2023-14-A2-561A-6404	2023-00008	60.701,94
COOPTREE	---	pendente	
REINFFORCE2.	---	pendente	
RECURSOS XENÉTICOS FORESTAIS	2022-14-A2-561A-640-0		300.173,52
ACCIÓNS DE COOPERACIÓN			86.170,39
	TOTAL		752.906,23

Investigación en materia de viticultura e enoloxía

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA) desenvolveu durante a anualidade 2023 un proxecto europeo, tres proxectos de convocatorias nacionais, tres proxectos piloto e tres grupos operativos de carácter autonómico, máis dúas accións de cooperación e unha actividade de recursos fitoxenéticos, sumando un total de 13 proxectos en execución.

Transferencia de coñecementos

ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA

- A transferencia realizada en 2023 focalizouse nos centros de investigación adscritos á Axencia, que entre outras actividades, emitiron 72 publicacións, 89 artigos en medios e 23 comunicacións en congresos.

FORMACIÓN CONTINUA

- Aprobadas 201 accións de formación por un importe de 429.755,7 €. O total das accións formativas finalmente executadas suma 3.366 horas de formación, ás que asistiron aproximadamente 2.347 homes (65,65%) e 1.228 mulleres (34,35%)

FORMACIÓN DE ASESORES

- No ano 2023 implantouse o plan de formación de asesores co obxecto de dar apoio aos proxectos de asesoramento especializado e garantir o transvase de información desde os centros de coñecemento, investigación e desenvolvemento
- Realizáronse 34 accións formativas dirixidas principalmente ao persoal técnico asesor da Consellería do Medio Rural, cun total de 384 horas lectivas que interesaron a 783 alumnos.

Capacidade analítica

LAFIGA

O Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, LAFIGA, é o encargado da realización de análises alimentarias e agrarias, sendo nestes aspectos o laboratorio de referencia da Comunidade Autónoma de Galicia. A súa principal función é a realización de análises físico-químicas de alimentos, bebidas, fertilizantes, augas de rega, alimentación animal e solos. Tamén realiza as análises de sanidade vexetal e as análises de residuos de pesticidas nas mostras de orixe agraria e alimentaria.

LAFIGA: ANALÍTICAS REALIZADAS

	Mostras						Determinacións		
	2019	2020	2021	2022	2023	%Δ 2023-2022	2022	2023	%Δ 2023-2022
Alimentación Animal	870	759	741	690	506	-26,7	2.821	2.483	-12,0
Sanidade vexetal (SV)	10.480	13.056	14.275	15.146	15.117	-0,2	21.276	20.220	-5,0
Fertilizantes	563	584	514	644	528	-18,0	3.327	2.895	-13,0
Residuos pesticidas	772	603	643	541	667	23,3	109.094	78.613	-27,9
Solos	1.650	1.570	1.793	1.366	1.663	21,7	31.310	37.791	20,7
Bebidas	2.457	1.629	1.847	2.065	1.497	-27,5	17.190	10.840	-36,9

Certificados exportación	864	435	601	495	344	-30,5	7.681	5.476	-28,7
Total bebidas	3.321	2.064	2.448	2.560	1.841	-28,1	24.871	16.316	-34,4
Alimentos	222	256	234	248	247	-0,4	1.607	1.583	-1,5
Totais	17.878	18.892	20.648	21.195	20.569	-3,0	194.306	159.901	-17,7

EVEGA

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia exerce función de laboratorio de análises en relación cos produtos relacionados coa vide e viño. A tal fin dispoñen de diversas acreditacións pola ENAC:

- Determinación de sulfitos: FCS e volumetría
- Parámetros habitualmente solicitados para as exportacións, incluído a Asia
- Determinación de metanol e grao alcohólico real en bebidas espirituosas

ANALÍTICAS DE LABORATORIO	
Servizos (nº de mostras viños analizadas)	4667
Servizos (nº demostras análise micro biolóxico viños)	4
Servizos (nº de ensaios)	33778
Servizos (nº de informes emitidos)	4667
Servizos (nº de certificados de exportación)	49
Servizos (nº mostras análise viroses)	300
Servizos (nº mostras análise identificación varietal)	0

Formación

Os centros de formación e experimentación agraria da Agacal acadaron no curso académico 2022/2023 un total de 551 matrículas nos ciclos de formación profesional (formación regrada), das que o 38 % corresponderon a mulleres:

CFEA	CICLO	DENOMINACIÓN	CURSO	MULLERES	HOMES	MATRÍCULAS
BECERREÁ	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1º	1	11	12
BECERREÁ	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2º	1	6	7
BECERREÁ	SUP	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1º	3	20	23
BECERREÁ	SUP	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	2º	7	13	20
PEDRO MURIAS	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL (DUAL)	1º	3	9	12
PEDRO MURIAS	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL (DUAL)	2º	1	2	3
SERGUDE	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1º	0	12	12
SERGUDE	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2º	0	20	20
SERGUDE	SUP	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL	1º	18	6	24
SERGUDE	SUP	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL	2º	16	5	21
SERGUDE	MEDIO	PRODUCIÓN AGROECOLÓXICA	MODULAR-PRESENCIAL	9	8	17
SERGUDE	MEDIO	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	1º	5	11	16
SERGUDE	MEDIO	PRODUCIÓN AGROPECUARIA	2º	6	14	20

CFEA	CICLO	DENOMINACIÓN	CURSO	MULLERES	HOMES	MATRÍCULAS
GUÍSAMO	SUP	PAISAXISMO E MEDIO RURAL	1º	6	7	13
GUÍSAMO	SUP	PAISAXISMO E MEDIO RURAL	2º	1	0	1
GUÍSAMO	SUP	PAISAXISMO E MEDIO RURAL	MODULAR-DISTANCIA	69	75	144
GUÍSAMO	MEDIO	XARDINARÍA E FLORARÍA	MODULAR-DISTANCIA	49	60	109
LOURIZÁN	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1º	4	16	20
LOURIZÁN	MEDIO	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2º	2	16	18
LOURIZÁN	SUP	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	1º	3	17	20
LOURIZÁN	SUP	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	2º	5	14	19
MONFORTE L.	-	-	-	-	-	-*

**CFEA MONFORTE DE LEMOS : Non realiza actividades de formación regrada*

Desde os CFEA foron promovidas un total de 83 actividades de formación continua, financiadas cun importe total de 212.687,36 €, nas que participaron un total de 1.405 alumnos/as.

Réxime económico

Contratación



Encargas a medio propio



Subvencións

- RESOLUCIÓN do 4 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Des Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR362A): 277.862 €€

- RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o exercicio orzamentario 2023 (código de procedemento MR302A): 1.028.606 €

- RESOLUCIÓN do 22 de xuño de 2023 pola que se amplía a dotación orzamentaria establecida na Resolución do 30 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o exercicio orzamentario 2023 (código de procedemento MR302A): 1.418.130 €

- RESOLUCIÓN do 10 de agosto de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o cuarto trimestre do exercicio orzamentario 2023 (código de procedemento MR302A): 1.000.000 €

- RESOLUCIÓN do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR302B): 340.000 €

- Acordo do Consello da Xunta do 11 de maio de 2023 polo que se autoriza á Axencia Galega da Calidade Alimentaria para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para gastos de funcionamento por importe de 526.850 €

- RESOLUCIÓN do 11 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a execución de

proxectos innovadores dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR331B): 5.580.000,00 €, distribuídos nas seguintes anualidades: 279.000,00 € en 2023, 1.953.000,00 € en 2024, 1.953.000,00 € en 2025 e 1.395.000,00 € na anualidade 2026

- Convenio entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e o Concello de Ribadavia para a promoción do Viño do Ribeiro de calidade diferenciada a través da organización da 60 edición da Feira do Viño do Ribeiro, a celebrar os días 28, 29 e 30 de abril (art. 26 lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia): 10.000 €

- Convenio entre a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación forestal, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) e o Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (Inorde) polo que se lle conceden subvencións autonómicas ao Inorde, para a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun Programa específico de identificación, restauración e promoción da xestión forestal activa e sustentable, durante os anos 2023 e 2024: 10.000 €

- Convenio de bases entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Fundación Monte do Gozo para mellorar a capacitación e reinserción dos mozos e mozas con problemas de drogadicción na actividade agraria (art. 26 lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia): 27.766 €

Convenios de colaboración

- Convenio marco de colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e Cosecha de Galicia, SL para o desenvolvemento de actividades de investigación, innovación e transferencia de coñecemento en materia agroalimentaria e forestal.

- Acordo de programa de colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a empresa Sementares SL para a mellora de caracteres de influencia na conservación e comercialización do tomate negro de Santiago; primeira fase de selección de plantas de pemento e tomate que amosen resistencia a enfermidades; multiplicación de ecotipos de cebola da variedade Betanzos; mellora da variedade rexistrada de leituga Lugo:

- Convenio entre a Administración Xeral do Estado a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria en materia de estatística, ano 2023: 77.589,44 €

- Acordo de colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento e implantación de sistemas de xestión dixitalizada da Axencia Galega da Calidade Alimentaria: 200.000 €